

González Laxe: 'No PSOE non se pode respirar politicamente'

Un ano despois de abandonar a presidencia da Xunta, Fernando González Laxe fai unha análise da súa etapa á fronte do goberno e olla cara o seu futuro político. Considera que, co tempo, vaise apreciar na xusta medida a súa xestión á fronte do Executivo e non descarta a volta á presidencia. De momento, rexeita dar a batalla no próximo congreso do PSOE galego contra unha dirección cuxos criterios non comparte, agardando, como parlamentario e senador, o momento propicio para voltar ao primeiro plano da política que, agarda, sexa antes de que "o PSOE se dé o gran batacazo". (12-13)

Xosé M. Mato, de C.G. ao P.P. polo camiño de Santiago

Xosé Manuel Mato, alcalde de Paradela, é o líder do grupo de alcaldes coagas lugueses fichados polo PP hai tres meses e agora apresentados unha e outra vez como trofeos co gallo de desestabilizar á futura Convergencia Nacionalista. Nesta entrevista o que fora un dos alcaldes máis novos do estado con UCD, explica algunhas das razóns dese cambio de partido. (7)


O PAC comunitario fixa unhas cuotas lácteas máis restritivas

Como sempre que se convocaron mobilizacións labregas nos últimos tempos, días antes, aparecen os *cantos de serea* afirmando que a crise de Larsa xa está solucionada e que os gandeiros van poder cobrar o adebedado ou o relatório dos investimentos do Ministerio de Agricultura. Paralelamente o Mercado Común ultima a reforma agraria coa anuencia do Estado español. (11)

O BLOQUEO PERDE SENTIDO,
FELIPE DI QUE ESPAÑA NON ENTRA NA GUERRA, PERO MANDA MÁIS BARCOS

Todos baixo mando USA

Involucrado absolutamente na política norte-americana, Felipe González fragmenta a información sobre a participación española -son sete os barcos no conflito e outro grupo comeza as manobras no Mediterráneo-. O goberno español aproba a flagrante violación do que a *Carta das Nacións Unidas* establece para o emprego da forza armada, mentres se evidencia o fracaso da primeira estratexia norte-americana. Os gobernos occidentais comezan a albiscar que están enterrados nunha batalla que perxudica á economía e que os distancia da súa opinión pública.



CRISE DE ARROGÁNCIA

Cen mil millóns de dólares custará a guerra, segundo estimacións do Congreso norteamericano, se esta se prolonga. Dadas as miudas baixadas das bolsas e a estabilidade do preçio do petróleo -en contra de todas as opinións expostas prévio o comezo da guerra- todo sinala a que o *Grupo dos Sete*, ou países máis poderosos, está operando sobre o mercado para evitar o pánico, após de sete dias de guerra, e mentres algúns depósitos petrolíferos de Kuwait empezan a arder.

As previsións nos médios económicos son claras: a recesión nos Estados Unidos e a merma da actividade en Europa provocarán unha caída do comercio mundial. No Estado español, segundo as mesmas fontes, a economía rexistrará unha tendencia cara o estancamento e a falta de confianza dos axentes económicos freará moitos plans de investimento até que sobreveñan tempos mellores (lembrems aquí que a celebrada data do 92 está a un tiro de pedra).

Sendo isto así, e non parecen unhas previsións esaxeradas, gaña pleno sentido a opinión dos que afirmabamos que a guerra sería unha catástrofe que non beneficiaría a ninguén e un extremo que de nengunha forma se debería alcanzar.

Pois ben, os dirixentes norteamericanos e os seus satélites da Europa Occidental, empezando polo presidente Felipe González, magoado no seu despacho polo insoportabel ruido dos históricos B-52 que despegan de Torrexón, só fixeron uso da racionalidade para marcar e anunciar a data do sacrificio, dando inicio á barbárie caseque con matemática exactitude. Nengun acontecemento os desviou da súa lóxica, nen as demandas da opinión pública dos seus propios países, nen chamamentos tan dispares como os de Gorbachov e o Papa. De pouco lles serve, desde o punto de vista moral e desde o práctico, dicir que a guerra foi provocada e querida por Saddam. De nada serve esa razón porque, no mellor dos casos, un aprendiz de emperador non xustifica a violencia desbocada dos principais estados occidentais.

Pero o principal argumento repousa en que o dano que se quería evitar, obrigando a Iraq a que se retirara de Kuwait, e moito menor do que xa se ten producido, tanto desde a perspectiva humana como económica. A guerra vains sair máis cara a todos que a invasión de Kuwait por Hussein.

Onde radica logo o erro de análise deste grupo de gafes que se fan chamar *forzas aliadas*?

O imperialismo e o racismo constrúense sobre o menospreçio do outro. A confianza ilimitada nun *golpe cirúrxico* saíu á luz na primeira noite de euforía: Bush realizou un discurso exultante, os diários escriberon en grandes títulos *Saddam esmagado, a guerra foi como un lóstrego, destruído o 80% da aviación iraquí, neutralizada toda capacidade de resposta*.

O desengano viria de contado. A guerra pode ser longa, dise agora. Chegan os primeiros prisioneiros de ambos bandos e todas as noticias que xa se coñecen contradin o anunciado nun principio.

Esta guerra comezou en Xaneiro de 1990, co preçio do barril de petróleo situado na ridícula cifra de entre 10 e 11 dólares. Kuwait era o gran beneficiado, dado que o seu negocio principal non é o petróleo, senón os seus negocios en Occidente, quer dicir que obxetivamente os seus intereses eran os da economía occidental. Iraq, sen embargo, padecía o desgaste dunha guerra o que, unido á situación de pobreza de grandes masas e países árabes que non disfrutaban da fartura do petróleo, deu lugar a que esixira un preçio de 25 dólares o barril no mes de Xullo. Daquela o cruo andaba por 18-19 e algúns aceptaron subilo até 21. Os anceios hexemonistas de Saddam Hussein, e a súa conducta temerária que non enfeblece coas perdas humanas, fixeron o resto.

Como por desgracia é posíbel comprobar xa, a guerra era a saída máis insensata para todos. Nestas horas absurdas, os gobernos occidentais non están á altura dos seus cidadáns que reclaman en masa a paz. ♦

A NOSA TERRA

Informativa e militarmente o Estado español
sitúase baixo mando norteamericano

O fracaso da *vitória fulminante*, transforma o sentido da guerra

MANUEL VEIGA-G. LUCA DE TENA

Iraq non foi esmagado nos primeiros compases, tal e como prevían os norteamericanos e a guerra, de prolongarse, ameazará con enterrar aos seus iniciadores, entre eles ao presidente español, absolutamente hipotecado ao alto mando militar norteamericano. Son actualmente sete os barcos españois próximos ao conflito (un deles servindo á Otan na costa turca). A medida que pasan os días aumenta a preocupación sobre o posíbel reclutamento de mozos. A obxeción de conciencia disparouse até acadar os cinco mil obxetores en Galiza, somente nos tres últimos meses.



Aspecto dunha das manifestacións celebradas a prol da paz na Galiza o pasado día 20.

ANXO IGLESIAS

Na Porta do Sol de Vigo, onde remata a manifestación a prol da paz, a máis numerosa das celebradas en Galiza o pasado día 20, uns altisonantes difunden ante as máis de cinco mil persoas a canción *Dádalle unha oportunidade á paz*, himno pacifista dos tempos de Vietnam e do que agora existe unha nova versión na que participaron un fillo de Lennon, un dos autores orixinarios, e outros músicos de fama recoñecida, como Peter Gabriel. Chegan noticias precisamente de que no Reino Unido veñen de prohibir a radiodifusión de varias cancións que teñen a paz como tema.

Os estudantes de bacharelato acuden ao humor: *máis condóns e menos cañóns* é o seu lema. As vilas, as grandes esquecidas desta Galiza a médias urbana, celebran actos pacifistas. En Monforte ao redor dun cento de persoas reunense diariamente na rua Cardenal, entre 8 e 9 do serán, para esixir a paz, seguindo unha ampla convocatória de sindicatos, partidos nacionalistas, grupos cristiáns e veciños.

Coa mentes posta en fillos, hirmáns e amigos

A guerra chanta os seus síntomas no máis fondo: os reclutas que poderían seren mobilizados. Duarte Crestar, membro do colectivo *Rompanfilas* pon de manifesto que "a información que está dando o PSOE é moi gradual e parcial. Por exemplo ao saír estes tres novos barcos para a zona, suponse que é para remprazar aos que xa están alí, pero o certo é que, ate o día de hoxe, ninguén coñece a orde nen a data de regreso".

As familias son avisadas no último momento e algunhas mesmo reciben o telegrama cando o buque xa zarpara. Non son as despedidas anteriores ás que a prensa aínda poidera tirar partido con melo-dramatismo pre-bélico. Agora reconécense xa dous desertores e dous máis sen confirmar nesta altura.

"A guerra abre un marco diferente para a campaña anti-mili, sinala Crestar. Vese que o exército está para o que está".

Nas conversas denótase, a par que a preocupación polo desenvolvemento da guerra e pola situación económica, unha inquietude por fillos, irmáns ou amigos que están en idade militar. Entre bromas, o perigo, aínda que non se mira inmediato, sae a relucir. Números cantan: 5 mil mozos declaráronse obxectos en Galiza, só nos tres últimos meses, máis que en todo o ano anterior.

Agora a mili non supón somente a perda dun ano de vida,

AGORA A MILI NON SUPÓN SOMENTE A PERDA DUN ANO DE VIDA, SENÓN QUE, SE AS COUSAS VAN A PIOR, PODE SIGNIFICAR A PERDA DA PRÓPRIA VIDA



Estes dous homes, o xeneral Schwarzkopf, á dereita, e o xeneral Powell, xefes do Alto Estado Maior Norte-americano, teñen hoxe máis poder sobre a guerra e sobre as forzas que interveñen que os respectivos parlamentos europeos.

senón que, se as cousas van a peor, pode significar a perda da propia vida.

A estancia dos barcos españois no Golfo non ten un período de tempo marcado. Ademais, a pregunta principal está en boca de todo o mundo: se Felipe ten verdadeiramente pensado non entrar na guerra, como afirma, que fan os barcos alá, pois o bloqueo agora non ten nengun sentido?

"De feito estamos comprometidos, sinala Crestar. Ademais dos seis barcos mencionados, o *Extramadura* está na costa de Turquía, formando parte do grupo de combate da Otan. Isto é o

que non se di claro: que neste momento hai sete barcos españois alá".

Estes días tamén está previsto o inicio de maniobras navais tácticas no Mediterráneo. O obxectivo é un "ficticio ataque por mar provinte dos países árabes".

Europa nun pésimo lugar

Ademais están as bases. Torrexón é un dos lugares básicos para o despliegue militar dos Estados Unidos. O peor de todo é que Europa está quedando nun pésimo lugar. "Felipe sabe que a opinión pública é contraria a un envío de tropas", sinala o representante de *Rompanfilas*.

SE FELIPE TEN VERDADEIRAMENTE PENSADO NON ENTRAR NA GUERRA, COMO AFIRMA, QUE FAN OS BARCOS ALÁ? POIS O BLOQUEO AGORA NON TEN NENGUN SENTIDO

O cristianismo árabe sinte a ameaza do islám A guerra modifica a relación do cristianismo con Occidente

■ FRANCISCO CARBALLO

O papel da relixión na guerra do Golfo cobra cada día maior interese. Saddam, que procede do Baas, partido laico, estase a constituir en líder dos árabes e do Islam. Desde Marrocos a Exipto e en Asia hai movementos islámicos de apoio a Iraq. O cristianismo, minoritario e plural nos países árabes, sinte a ameaza dun ambiente de confrontación do Islam co Occidente. A identificación dos Igrexas cristiás europeas coa civilización occidental entra en crise neste conflito. A dirección da Igrexa Católica está obrigada a rachar esa identificación e asumir as necesidades dos árabes e das igrejas de todo o mundo.

As declaracións de Raphael I, patriarca bispo de Bagdad para os católicos "caldeos", son de consideración. Saddam non é ese Hitler que nos queran aprentar os "occidentais", Kuwait non merece unha guerra; Europa aliada cos Estados Unidos aparece ao Islam como "os cruzados" en guerra económica para posuir o petróleo. Unha inxustiza que quer alongarse no tempo e no espácio a costa da pobreza dos árabes.

Este bispo de Bagdad e outros dous, dos "asirios" e dos armenios, apuntalan a política de Xoán Paulo II a prol da paz. Este papa, conservador e tradicionalista, sumouse ao quefacer de Benedicto XV e de Pio



XII que exerceron unha trepidante diplomacia en evitación de guerras. E estou a facer co seu estilo: intentando ir a Bagdad, calificando de inxustificábel a acción militar dos dous bandos. Desta forma a reflexión doutrinal católica situa na realidade a suxerencia do Vaticano II de que na actualidade non hai guerras lícitas. Son todas "crimes" contra a sociedade.

Esta conduta papal e a correspondente acción diplomática comové a Igrexa: rompe cos esquemas do catolicismo maioritario que asumiu o liberalismo económico como forma normal de "civilización cristiá". Os disímulo que adoptan as comunidades sen asumir esta ruptura, acabará en tensións na conciencia.

Mais importancia cobra a di-

plomacia papal ante as restantes igrejas cristiás e non cristiás. O islam -shiita e sunnitacamiña cara a aceptación de Saddam como defensor seu, como novo *Saladino*. Son milleiros de musulmáns que se ofrecen a Saddam para participar como soldados. Este feito é grave para os cristiás árabes e doutras étnias que viven no Próximo, no Medio Oriente e no Magreb. Só unha mobilización notábel das hierarquías e de comunidades cristiás poderá server para que os musulmáns sexan capaces de diferenciar entre as igrejas cristiás e os estados europeos maiormente laicos; entre o imperialismo ianqui e o proselitismo cristián non maior que o islámico e na mesma liña de certo e mútuo respecto.

A prolongación da guerra do Golfo pode traer sorpresas. A vitoria de Estados Unidos no campo militar non exclue unha vitoria política de Saddam, como non a excluiu para Nasser, un dos seus modelos. Para as igrejas a guerra do Golfo debería ser unha ocasión de recuperar os seus signos de identidade, paz, solidariedade, diálogo, pluralismo. É curioso que sexa Xoán Paulo II máis sensíbel a esta necesidade que os grupos de vanguardia. Tiñan estes *ahora* de modificar o mundo nos USA e na CEE: de ser a voz de denuncia e de mobilización contra esta guerra, vergoña dos países que a levan a cabo ou lexitiman. ♦

Apontamentos de retagarda

● Socialistas franceses son sancionados polo partido por discrepar da posición intervencionista sostida por Mitterrand. Entre os discrepantes está o Ministro de Defensa.

● Pérez de Cuellar, secretario xeral das Nacións Unidas, sinala que non foi informado do ataque.

● Os Estados Unidos interfiren as emisoras de rádio iraquies.

● Un representante kuwaiti ofrece unha roda de prensa en España, flanqueado por unha bandeira do seu país e outra estado-unidense.

● Os responsábeis de Barcelona-92 tratan de espantar os temores sobre os posibles efectos da guerra sobre os Xogos. Moitos millóns están en xogo para España.



● Os militares españois deixan ver un baixo nivel teórico na multitude de debates radiofónicos e televisivos aos que concurren. Alguns xornalistas demostran estaren mellor informados.

● Os Estados Unidos e países satélites comprobán alarmados que nas fronteiras de Iraq apenas hai refuxiados, ao tempo que tamén non se producen as desercións previstas entre os soldados de Hussein. Segundo o alto mando norteamericano isto modifica o sentido da guerra.

● Fontes moi diversas critican a censura informativa á que estamos sometidos. Ignóranse datos fundamentais sobre a guerra.

● Os cadáveres de soldados norteamericanos son enviados a Torrexón, onde se está construíndo unha fosa apropiada. Os Estados Unidos temen que a chegada de mortos, neste momento, ao seu territorio incrementen notablemente as protestas.

● A batalla tecnolóxica non deixa ver a anunciadísima supremacía norteamericana. Estes parecen lamentarse de que o enemigo tamén posea medios avanzados.

● Mentres tanto varios psiquiatras son chamados para dictaminar se Hussein está realmente tolo. ♦



QUE HAI SÓ UNHA SEMANA SE ANUNCIARA COMO UNHA RÁPIDA OPERACIÓN CIRÚRXICA XA É, PÉSIA Á CENSURA MILITAR, UNHA ESPIRAL DE DESTRUCCIÓN

En calquer caso, desde o punto de vista da información, como desde o militar, algo se está poñendo en evidencia: aquí mandan os americanos, o que cae bastante mal entre a xente, precisamente cando a Unión Soviética deixou de ser o vixiante dos seus satélites.

Ainda cabe engadir un grado, desde o punto de vista do goberno, para empiorar a situación: Felipe ven de meter nun mesmo saco nada menos que a posíbeis terroristas árabes e pacifistas. "Trátase de atemorizar á xente, sinala Crestar. Esta mensaxe deixa traslucir o temor do goberno a unha protesta forte, temor por certo moi fundado, pois non hai máis que ver o tamaño das protestas e das mobilizacións".

Desprezo a ONU

Non só non foi anunciado o comezo da guerra ao secretario xeral das Nacións Unidas, senon que os votos recadados para liberar Kuwait pola forza convirsen nunha carta branca entregada aos militares norteamericanos. Non se establece, como prescribe a Carta das Nacións Unidas, o *Comité de Estado Maior* que debe asesorar e asistir ao *Consello de Seguridade* en todos os asuntos relativos ás necesidades militares. Este Comité só podería operar baixo a autoridade do *Consello de Seguridade* e ten ao seu cargo a dirección estratéxica de todas as forzas armadas.

Os Estados Unidos invenmta a trécola de que son unhas forzas postas por vontade dos aliados baixo as ordes do xeneral Swartzkopf.

O que hai só unha semana se anunciara como unha *rápida operación cirúrxica* xa é, pésia a censura militar, unha espiral de destrución con danos irreparables para Irak e o mundo todo.

OS NORTE-AMERICANOS DECIDEN ONDE DISPARAR, CON QUE DISPARAR, A INTENSIDADE DO ATAQUE, QUE PREZO LLE POR A CADA ARMA E A QUEN ENCARGARLLE A FABRICACIÓN

A guerra instantánea, a operación tormenta, exténdese a todo un área con complicacións fáciles de prever e afecta a todo o mundo. Agora dinque será longa, durísima e que só a gañarán Estados Unidos e os seus aliados se se concibe, segundo a opinión do Pentágono, en guerra total por terra, mar e aire. Este último adxectivo, que inventaran os xenerais de Hitler, reclama máis armas, máis cartos e máis apoios para a Guerra do Petróleo.

Todos os argumentos belicistas de antes do 18 de Xaneiro a prol dunha campaña breve, vólvense unha semana despois contra os que os pronunciaron: o que Bush celebra como un éxito despois do primeiro ataque, é xa un bombardeo incesante. Dana ás poboacións de Bagdad, Riad e Basora e os seus cascos históricos; o que se anunciara como unha guerra para asegurar os suministros de crudo de todo o mundo, cámbiase no dinamitado dos pozos de Kuwait, entre voces que lle tiran importancia á queima; as consecuencias da guerra vivense en todo o terceiro

AS CONSECUENCIAS DA GUERRA VÍVENSE EN TODO O TERCEIRO MUNDO PARA O QUE O PREZO EN ALZA DO BARRIL FAI AUMENTAR O CUSTE DA VIDA

mundo para o que o prezo en alza do barril fai aumentar o custe da vida. San Xoan de Porto Rico, co petróleo a 14 dólares, tiña luces só catro horas ao día. "A situación para máis de cen países pode ser tan catastrófica -xulga Fidel Castro no seu último discurso- que ninguén sabe o que pode pasar. Porque eses países coa súa débeda, a súa pobreza, están no límite do que poden tolerar, e ali non se resolven os

RACISMO CONTRA OS ARABES (RÉPLICA A ANXEL VENCE)

CELSO LÓPEZ PAZOS

Que a manipulación da información é un dos elementos claves da "desestabilización" intelectual que preside as análises sobre a Guerra do Golfo, é algo que a ninguén lle pasa desapercibido. A voraxine racista produto da ignorancia histórica e dos apriorismos saídos da irreflexión e da estupidez intelectual, enche de bosta a moitos deses analistas de pacotilla que desde as suas mesas de xornalistas atrévense a formular sentencias pseudo-científicas, pseudo-históricas e pseudo-todo, cando, sen o máis mínimo coñecemento, atrévense a emitir xuízos sobre o Islam. Moitos destes axentes da historia "oficial", leitores de lapelas de libros (no mellor dos casos) ou dos titulares da prensa imperial, contribuen desde a impiedade de quen non ten que renderlle contas a ninguén (moito menos a si mesmos) a encabezar unha galloupante campaña de intoxicación cuxos obxectivos parecen claramente definidos: desinformar para manipular, mentir para provocar e terxiversar para criar estados de opinión que desemboquen en actitudes racistas, condenatorias por irreflexivas e sustentadoras das políticas xenocidas.

Hai pouco lía un artigo de Anxel Vence en *Faro de Vigo* que me impulsou a escribir o que antecede. Dicia o xornalista, entre outras cousas, que "algo legaron a España, en efecto os mouros, aparte da Mezquita de Córdoba a Alhambra de Granada: por exemplo, o seu pertinaz apego á intolerancia e a súa incapacidade para organizarse politicamente sen a presenza dun caudillo "salvador" a modo de Nasser, Gaddafi o Hussein."

Ademais do "alto rigor histórico" con que se utiliza aquí a palabra mouro, cumpre sinalar algúns matices didácticos por se a tan douto xornalista lle poden servir a saír da ignorancia. Transcrebo textualmente o contido dun texto de 1º de BUP: "O Islam segue a tradición de dúas grandes relixións monoteístas que a preceden, a xudea e a cristiá. Mahoma, o fundador da relixión, era o último dos profetas. Cren que Alá iluminara anteriormente a Moisés, Abraham e Xesus, e a outros antepasados comúns de xudeus e musulmáns. De aí o respecto que mostraban ante as *xentes do Libro*" ("Historia de las Civilizaciones". Ed. Teide, 1989). Este mesmo sentido da "tolerancia" inerente ao islamismo é recollido por outros textos "didácticos" que os nosos rapaces teñen que estudar: "deben ser tolerantes coas outras relixións, sobre todo con cristiáns e xudeus..." ("Historia de las Civilizaciones y del arte". Ed. Vicens Vives 1985).


Di Vence que a Mezquita de Córdoba e a Alhambra son algunhas das cousas que "os árabes" deixaron na Península Ibérica logo



Código de Hammurabi, a máis antiga lei escrita coñecida. Hammurabi foi rei de Babilonia, cidade situada a 160 Km. ao sul-este de Bagdad.

A ELES DÉBELLE ESTA EUROPA O COÑECIMENTO DA PÓLVORA E DO PAPEL, DA BÚSOLA E DO ASTROLABIO, DOS NÚMEROS E DO MUIÑO DE VENTO, DO CULTIVO DO ALGODÓN E DO ARROZ

da invasión (este é outro mito que sería desexábel desmontar). Certo, pero non me resisto a intentar alumear o seu intelecto aportándolle algun dado máis. A cultura islámica non só marcou un fito no devir histórico-cultural que conforma esa enteléquia que se denomina España, senon que axudou, e de que maneira, á construción dese edificio que se chama Europa e, xa que logo, civilización occidental. Legaron a Europa a cultura grecolatina, transmitiron a filosofía aristotélica, os curescidos e ignorada polas tebras da Idade Media (Averroes), déronlle un pulo descoñe-




PEPE CARREIRO

cido ata ese momento aos estudos de medicina (Abubéker Mohamed ben Zacaria Arrazi), ampliaron os coñecimentos xeográficos (Ibn Jaldun), desenvolveron extraordinariamente os estudos sobre as matemáticas, a astronomía, a alquimia (Mohamed Ibn Musa Al-Juarizmi é o pai da álgebra -por certo, palabra árabe- e inventor de termos coma algoritmo e guarismo, así como tamén é o que lle dá carta de natureza definitiva á trigonometría). Por non falar das súas indubidábeis aportacións no campo da arte, onde sintetizaron admirablemente as formas construtivas de bizantinos, persas, ou indus (cúpula, arco de ferradura...) ou no terreo da creación literaria... A eles, non convén esquecerlo, débelle esta Europa o coñecemento da pólvora e do papel, da búsola e do astrolabio, dos números e do muiño de vento, do cultivo do algodón e do arroz, elementos todos estes que están na base da nosa civilización occidental, e que tiveron a súa lanzadeira desde o Al-Andalus de Hispania.

"Incapaz para organizarse politicamente". Os árabes criaron un Império de 15 millóns de quilómetros cadrados en pouco máis de 100 anos, tempo que vai desde a morte de Mahoma (632) ata a primeira década do século seguinte e a capacidade de organización política do Califato de Córdoba no século non tiña comparanza en toda Europa Occidental... Hoxe, o lastre premeditado do colonialismo británico na zona e o seu corolario, a vixianza imperial dos EEUU e do Estado de Israel, imposibilita calquer articulación política de directrices propias...

Non quero rematar estas liñas sen dicir algo a propósito da famosa "guerra santa" (a Yihad islámica). E vou facelo máis unha vez desde os libros de texto, eses que os rapaces de BUP teñen que saber e que moitos xornalistas como Anxel Vence deberían consultar antes de atreverse, acuciados pola corrente xeral, a utilizar a súa plataforma de poder co único obxectivo de criar estados de opinión baseados na defensa da política do "império". "Mediante a guerra santa, obrigaría en teoría para todo musulmán, pretendía difundir o coñecemento do Islam. Pero, agás raras excepcións, iso non implicaba a conversión forzosa dos habitantes dos territorios conquistados. A relixión islámica ten unha gran moral; regula case todos os aspectos da vida do crente (...) O deber de solidariedade é o ditado máis importante" ("Historia de las Civilizaciones". Ed. Teide, 1989). Máis explícito é este outro libro de texto: "a guerra santa que obriga a loitar contra os infieis para defender o Islam de calquer ataque" ("Historia de las Civilizaciones y el Arte". Ed. Vicens Vives, 1985).



Hotel Palestina, dos máis importantes de Bagdad e posibelmente afectado polos bombardeos norte-americanos.

problemas coma nós tratamos de resolver senon que se disparan todos os precios até o infinito".

Nunha semana medra tamén o cenário da guerra. Os obxectivos militares circunscritos ao mapa de Irak e a fronteira de Kuwait, atinxen á poboación de Israel e ao *frente norte* aberto desde a primeira utilización da base norteamericana de Icirlik en Turquía e comoven diplomáticamente todo o mundo árabe. O paraugas electrónico dos mísiles anti-mísiles, demostrábase tan inoperante como caro. Unha Europa en recesión comeza a se preguntar se os militares norteamericanos non poderán ter nesta guerra que se agora se anuncia longa, máis poder de decisión sobre os orzamentos de cada Estado ca os propios parlamentos. A situación raia no absurdo cando se descobre que os norteamericanos deciden donde disparar, con que disparar, a intensidade do ataque, que precio lle poñer a cada arma e a quen encargarlle a fabricación (inevitábelmente unha das moitas corporación do complexo industrial-militar norte-

O EXTREMADURA ESTÁ NA COSTA DE TURQUIA, FORMANDO PARTE DO GRUPO DE COMBATE DA OTAN. ISTO É O QUE NON SE DI CLARO: QUE NESTE MOMENTO HAI SETE BARCOS ESPAÑOIS ALÁ

americano ameazado pola iniciativa de paz soviética).

Pero a medida que os días da guerra abren as feridas do mundo árabe e se enredan nunha trampa mortal que compromete a estabilidade de todo o planeta,

distáncianse tamén cada vez mais a opinión pública e os gobernos involucrados no ataque. Amais da Igrexa de Roma, estamentos sociais pronúncianse un tras doutro sontra a brutalidade da guerra. A obxección de conciencia adquire carta sentido común e faltan persoas que sintan xa non grandeza senon humanidade en ir disparar contra cidadáns do Sul que reclaman un preçio decoroso para a a súa única fonte de riqueza.

Unha semana despois, o pretexto de Bush para recurrir á guerra, que era precisamente a súa característica de fulgurante, se volve contra el. Os inquiritos da opinión dos Estados Unidos rondan a maioría a prol da negociación con Irak, mentres o CIS en mans do PSOE agacha que nedran cada día os que se posicionan contra a guerra.

Igual que no Vietnam, a opinión alcanza que tomar a a decisión de entrar en combate non é tan difícil de executar coma a de se apartar das posicións establecidas.

A NAI DE TODAS AS GUERRAS, A ESTRATÉXIA DE SADDAM HUSSEIN

CESAR CUNQUEIRO

O estalido da guerra na crise do Golfo sorprendeu a quen pensabamos que a única saída lóxica á mesma, desde unha perspectiva iraquí, era a retirada de Kuwait, agás das illas de Warwa e Bubián e de certas zonas pretrolíferas a posesión das cales legalizábase no correspondente tratado de delimitación de fronteiras entre Irak e Kuwait, hoxe inexistente. As garantías de non ataque ofrecidas para o suposto de retirada (mesmo parcial, incluso de anuncio da decisión de retirada) polos presidentes francés e americano e polo Secretario Xeral da ONU e o abrirse paso a idea da Conferencia Internacional sobre os problemas de Medio Oriente semellaban en conxunto ("todo sería posible", Mitterrand) unha solución para Irak que salvagardaba os seus intereses xeoestratéxicos, permitía xurdir a Saddam Hussein como líder dos árabes (especialmente despois dun enfrentamento coas potencias máis fortes do planeta) implicaba o fin do embargo/bloqueo decretados pola ONU e deixaba aberta a porta para futuros desenvolvementos dos temas esenciais da xeopolítica iraquí. En definitiva, un horizonte xeoestratéxico razoabelmente claro. Todas as consideracións anteriores reforzábanse coa exclusión dunha solución para o conflito tipo a guerra do Yom Kippur, unha guerra limitada, desbloqueadora da situación como a que Sadat desencadeou contra Israel no 73 e que efectivamente abriu o camiño da paz entre Exipto e Israel e supuxo para o primeiro a devolución do Sinai. Todo o contexto, todos os factores, son hoxe diferentes e aos intereses e problemas en xogo non lles acái esa clase de guerra como solución pois na súa complexidade sobardan imensamente a mesma.

Frente a isto a aceptación por Bagdad das ameazas de guerra dos EEUU e dos seus aliados foi decidida e plenamente consciente dos riscos asumidos. Todo amosa agora que os iraquís aproveitaron o prazo que tiveron para se prepararen a fondo a unha guerra inevitábel. É absurdo falar co Secretario de Estado Baker de erros iraquís. Como dixo Tarek Aziz en Xenebra, Irak sabía perfectamente ao que se enfrontaba e valoraba na súa medida os perigos da situación. Como é absurdo un certo discurso psicolóxico occidental (el sempre tan lóxico) baseado nas características psicolóxicas de Saddam Hussein, complexo de Sansón, a súa megalomanía, o seu descoñecemento do mundo exterior. Home frío e calculador, xénio da or-



Representación da grande batalla de Qadisiya, xesta histórica dos iraquís.

ganización ao que debe en grande medida o seu ascenso no Baas, o líder iraquí optou por unha profunda extratéxica chea de riscos. En termos xadrecísticos desbotou unha partida posicional na que tiña iniciativa duradeira e desenvolveu e desenvolve unha extratéxica que comeza co sacrificio do tecido industrial iraquí, coa destrución da súa infraestrutura. Para a eficacia desta extratéxica todo semella minuciosamente calculado e é evidente nos movementos tácticos concretos (o agochar da aviación e das rampas de mísiles, os bombardeos limitados sobre Israel e o seu ritmo temporal, a insistencia nos temas que poden mobilizar nos povos árabes e musulmáns e desestabilizar aos réximes pro-occidentais da zona, silencio diante da utilización das bases turcas polos EEUU, achegamento ao Irán, rexeitamento da última oferta de paz de Gorbachov...)

E esta extratéxica que imos tentar analizar a continuación está empreñada de riscos tan graves para o Irak e a propia sobrevivencia do líder, que a súa formulación e aceptación presupón unha total confianza nas forzas para levala a cabo con éxito e unha análise da situación baseada ambas en datos que naturalmente son descoñecidos e desde logo o son para quen isto escribe.

Pero compre recoñecer que só un líder de cualidades excepcionais (calquera que sexa a calificación que mereza noutros eidos) pode cargar sobre os ombreiros co

peso dunha decisión coma *A nai de todas as guerras*, grávida de perigos inmensos, de éxitos e fracasos, de paces e guerras de consecuencias incalculábeis.

A extratéxica adoptada por Irak e da que observamos panos dos que xa indicamos algúns (e é notábel o tema da implicación de Israel sen que a súa resposta no contexto dos bombardeos anglosaxóns engada algo militarmente significativo ou que ofenda a dignidade de Irak, enfrontado ao conxunto do mundo exterior) presupón non unha vitoria militar (imposíbel) mais si unha ausencia de derrota militar decisiva. E a precondition é que o exército iraquí de Kuwait non colapse na batalla terrestre que terá lugar nas próximas semanas ou

días. As avesas, presupón unha resistencia que máis alá das perdas propias orixineas graves aos americanos. Esta resistencia exitosa durante un tempo prolongado posibilita o xogo do tempo como factor desestabilizante dos réximes árabes aliados dos USA e de contradicións e dificultades que han abrir as vías a un alto o fogo a as conversas de paz. Un obxectivo inmediato desa extratéxica non pode ser o manter a ocupación definitiva de Kuwait. É impensábel unha retirada americana, o cese dos bombardeos e a revocación das medidas da ONU sen acadar a liberación do Kuwait. E Irak non pode suportar indefinidamente o efecto combinado da guerra e do embargo/bloqueo.

Por iso, se a batalla de Kuwait remata con graves perdas para ambos os dous bandos pero sen vitoria decisiva dos aliados sobre o exército iraquí, coa agravación doutros factores (axitación dos povos árabes, terrorismo, custo económico do conflito...) Irak poderá aceptar calquera das propostas de paz que se formulen e da que xurda unha retirada parcial iraquí, quer dicir, o resultado da alternativa inicial pero, certo que con graves perdas, arrequeitado imensamente o prestixio de Saddam Hussein na nación árabe por ter enfrontado literalmente ao mundo un mediano país de quince millóns de habitantes e vingado a dignidade árabe. Saddam Hussein convertido así en líder da nación árabe, Mubarak e Assad presos de graves dificultades e os países do Golfo na órbita de influencia de Bagdad. As posibilidades dunha conferencia internacional reclama-da polo Irak acrescentáranse.

Ao carón destas amplas perspectivas para Saddam Hussein, que imensos riscos! E o primeiro, a posibilidade dunha derrota militar esmagante que abra o camiño cara o corazón do Irak e á caída do réxime de Saddam Hussein.

Nesta hipótese non é provábel o esnaquizamento de Irak, que non interesa a ninguén. Por outra banda Irán non toleraría a realización das ambicións turcas sobre o Curdistán iraquí. Cómpre insistir naturalmente que o anterior son hipóteses máis ou menos fundadas e sempre edificadas con descoñecemento de datos fundamentais. O que si é seguro é a realidade dunha opción reflexiva a prol dunha extratéxica que pode levar a Saddam Hussein e ao povo iraquí á gloria ou á humillación e á derrota segundo a *nai de todas as guerras* sexa interpretada no campo de batalla polas divisións iraquís.

A ESTRATÉXICA ADOPTADA POR IRAQ PRESUPÓN NON UNHA VITÓRIA MILITAR (IMPOSÍBEL) MAIS SI UNHA AUSÉNCIA DE DERROTA MILITAR DECISIVA



Javier Pérez de Cuellar.

Cento sesenta resolucions da ONU que ficaron en letra morta

Desde 1948 até hoxe, a Organización das Nacións Unidas dicou 160 resolucions que ficaron coma letra morta pola negativa de Israel a facelas efectivas.

Xuño do 67, o Consello de Seguridade das Nacións Unidas, CSNU acordou a Resolución 327 pola que se pedía a Israel que garantise a seguridade e benestar dos habitantes das áreas que viviran enfrontamentos na Guerra dos Seis Días, d'accordo coa convención de Xenebra sobre trato de prisioneiros de 12 de Agosto de 1949. O 22 de Novembro do mesmo ano, o CSNU esixe a retirada das forzas israelíes dos territorios ocupados durante a Guerra dos Seis Días.

Na Resolución 3005, obtida na Sesión Plenaria de 15 de Decembro o Comité Especial Encargado de Investigar as Prácticas Israelíes que Afectan aos Dereitos Humanos nos Territorios Ocupados, volve a pedir a todos os estados e partes no Convenio de Xenebra que fagan o posíbel por asegurar que Israel respete e cumpra as súas obrigas. Ao mesmo tempo, condena o establecemento de colonias israelíes nos territorios ocupados e o traslado a aquelas terras de poboacións extranxeiras.

Noutra resolución, a 3092, de 7 de Nadal de 1973, o Comité Especial deplora a persistente negativa do goberno de Israel e permitir o acceso da comisión da ONU aos Territorios Ocupados e denuncia as seguintes violacións: a anexión de territorios, o establecemento de colonias con traslado de poboación extranxeira, a destrución e demolición de casas, barrios, aldeas e vilas árabes; a confiscación de bens árabes nos territorios ocupados; a evacuación, deportación, detención e mal trato dos habitantes árabes; o estrago do patrimonio arqueolóxico e cultural, a inxerencia na liberdade relixiosa e a explotación ilegal da riqueza natural.

Na que fai o número 3236, adoptada o 22 de Novembro de 1974, a Asambleia Xeral cos votos en contra de Estados Unidos, Bolivia, Costa Rica, Chile, Islandia, Nicaragua, Noruega e Israel, reafirma o dereito dos palestinos a regresaren aos seus fogares e recoñece que o povo palestino é parte principal no establecemento dunha paz xusta e duradeira no Oriente Próximo e apela a todos os estados e a organizacións internacionais para que presten o seu apoio aos palestinos.

A guerra do Yon Kippur e as estratexias a longo prazo na reserva planetaria do petróleo

En todas as crises as grandes beneficiadas son as compañías petroleiras

■ XAN CARBALLA

O mercado mundial do petróleo sufriu desde os anos setenta tres importantes crises coa presente, todas elas da man de guerras nas que a intervención directa ou indirecta dos países occidentais, cos Estados Unidos á fronte, sempre tiveron un gran protagonismo. O cenario de Oriente Medio, coas maiores reservas mundiais de crudo comprobadas e tamén as de mellores condicións de extracción, son foco de atención permanente da xeopolítica mundial. A propia creación do Estado de Israel e a división post-colonial non son alleas.

O análise dos feitos que arrodearon o conflito árabe-israelí do 1973 poñen de manifesto o maquiavelismo con que certas operacións de xeopolítica son tracexadas e executadas. Roberto Centeno ("El petróleo y la crisis mundial". Alianza Editorial. Páx. 13 e ss.) esmiza este conflito que remata cun novo mapa da rexión e un maior control estratéxico da zona e a súa riqueza principal en litixio: o petróleo.

A estratexia do Yon Kippur

"O estalido da guerra colleu por sorpresa a case todo o mundo, e dentro de "case todo o mundo", aos soldados israelís que gardaban a fronteira coa Siria, e a liña Bar-Lev construída a raíz da guerra dos seis días na beira norte da Canle de Suez. Militarmente, era unha liña de defensa provisoria, pois desde 1970, o goberno israelí estaba buscando unha solución negociada con Exipto, que implicaba unha retirada dos seus exércitos cara os pasos de montaña da citada península, bastantes quilómetros terra adentro, xunto coa neutralización da base militar de Sharm-el-Sheik que controla a entrada a Suez e do Golfo de Aquaba, onde se atopa o vital porto israelí de Elath. Esta solución era boa para Exipto desde o momento que lle devolvía o control de Suez e lle permitía recuperar os campos petrolíferos do Sinaí, que cunha produción anual de 5 millóns de toneladas, eran fundamentais para a quebrantada economía exipcia; e tamén era boa para Israel, que mantendo a teoría dun Estado xudeu con fronteiras defendíbeis, e os pasos montañosos do Sinaí sono, podía lograr unha paz duradeira co único país árabe que constituía un perigo militar serio para os israelís.

Esa sorpresa non foi tal, porén, para os responsábeis da política mundial daquela. Estados Unidos non só o coñecía



senón que dalgunha maneira Henry Kissinger, na altura Secretario de Estado, era un dos principais cerebros. Os países moderados da área eran os protagonistas claves desta gran estratexia: o presidente exipcio Sadat mantivera amplias conversacións co Rei Feisal da Arábia Saudí, e co emir de Kuwait, que lle prometeran utilizar o petróleo como arma política, decretando un embargo xeral ao mundo occidental en canto comezase o conflito, con tal de que Exipto conseguise algunha vantaxe militar inicial. Este embargo asegurara o liderazgo de Arábia Saudita na OPEP, onde outros membros máis radicais (Gaddafi ou Bumedian) xogaran e gañaran bazas poucos anos antes. A Kissinger importáballe pouco o embargo, os Estados Unidos só dependían do petróleo árabe nun 10%. Europa e Xapón dependían vitalmente, máis dun 70%, pero unha vez iniciadas as operacións Kissinger creía, (como sucedeu en realidade), poder manexar o tema con Arábia Saudí e o Irán erixíndose en protector dos seus aliados".

A idea americana estaba centrada en conseguir un resultado de tablas, cun Exipto aparentemente victorioso, que fortalecese o prestixio do cada volta mais occidental presidente Sadat, "por iso cando a finais de Outubro o Exército israelí tivo na súa man a posibilidade dunha nova e aplastante derrota árabe, tivo bon coidado de non humillar ao seu tradicional inimigo, máis unha vez, e consentiu nun pasillo de suministros ao Tercer Exército exipcio mentres iniciaban conversacións de paz. (...) Para os Estados Unidos, o outro gran protagonista, e para os países occidentais, era vital que o equilibrio na zona non resultara afectado, e que os rexímenes moderados non fosen barridos. Na altura o único aliado seguro de Occidente era o Irán do Sha, pero sen recursos dabondo para montar un exército que garantise a defensa dos intereses occidentais en Oriente

Medio contribuíndo a encher o vacío que a Gran Bretaña producira a fins do 1971 coa retirada das súas forzas e da súa protección militar do Golfo Pérsico".

Un novo mapa da zona

O resultado da guerra dibuxou un novo panorama da zona, logo de que a presenza soviética, con miles de conselleiros no Exipto de Nasser -morto no 1970- e unha importante influencia en Siria, desequilibraba os intereses occidentais. A estratexia de desmontar esa influencia soviética e reforzar o control do petróleo e indirectamente dos países consumidores pero non produtores, aniñaba na mente dos estratexas da operación. "Exipto que por primeira vez nun enfrontamento con Israel non era derrotado e negociaba unha paz honrosa; Israel que conseguía a súa máis cobizada meta, unhas fronteiras seguras e a paz co seu máis poderoso nemigo. Estados Unidos, que atado de pés e mans no Vietnam, abalaba 180º o equilibrio xeopolítico de Oriente Medio no seu favor, e en favor dos países proocidentais do área (Irán, os Emiratos e Arabia Saudita). Gañaron todos realmente? Todos non, pois as consecuencias derivadas da guerra, e infravaloradas probablemente antes do seu inicio, configuraron un grande grupo de perdedores: os países consumidores de petróleo e non produtores, debido as fortísimas elevacións do preño desta materia prima que seguiron á guerra, e que eran imprescindíbeis para o rearme dos máis firmes aliados de Occidente, Irán en particular, pero que habían trastocar completamente nos anos seguintes, o equilibrio económico mundial." E por suposto os países en vías de desenvolvemento para os que a crise foi unha verdadeira catástrofe con déficits por conta corrente no período 1974/78 de 183.000 millóns de dólares.

Os grandes beneficiados

Se ben os países produtores lograron un grande beneficio do aumento de preños provocado pola guerra (os países da OPEP pasaron de 14,4 miles de millóns de dólares de beneficios no 1972 a 90,5 miles de millóns no 1974 e 116,1 miles de millóns no 1978) quen realmente tirou tallada foron as grandes compañías petrolíferas e a grande banca.

Roberto Centeno sinala ao respecto, "non existe evidencia clara, nen directa nen indirecta, de que as grandes compañías petrolíferas tivesen nada a ver, primeiro no estalido da cuarta guerra árabe-israelí e despois na cuadruplicación dos preños do petróleo, pero do que non hai dúbida é de que unha vez producidos estes acontecementos, souberon manobrar moi habilmente e obter enormes ganancias da nova situación. (...) Para estas grandes corporacións, o resultado desta guerra foi unha benzón no económico, ao igual que para os Estados Unidos o foi no político, e despois no económico a consecuencia dos enormes beneficios das súas sociedades petrolíferas e pola súa gran banca á que habían afluír unha parte dos excedentes acumulados polos países produtores".

A portentosa capacidade de influencia das compañías petrolíferas nas decisións de todo tipo nos Estados Unidos e noutros países occidentais vese no ranking (dados do 1980) dos produtos brutos máis importantes do mundo expresados en miles de millóns de dólares: 1) EEUU 2032, 2) Xapón 703; 3) RFA 569; ...11) Arabia Saudí, 130; 12) Australia 116; 13) Exxon 103; 19) Shell 77; 22) Mobil 60; 23) General Motors 58; 27) Texaco 51; 30) British Petroleum 48; 35) Chevron, 41) Eni; 42) Gulf; 44) Amoco...

GALIZA E MUNDO

- Os alcaldábeis de Vilagarcía (Páx. 8) Campaña da Mesa (Páx. 9) • O Hospital de Monforte a meio gas (Páx. 10)
- Governo nacionalista en Euzkadi (Páx. 14) • Fidel analiza a perestroika (Páx. 14)
- Borge afirma que hai futuro en Nicaragua (Páx. 15)

ELEIÇÕES MUNICIPAIS

De Coalición Galega ao PP polo Camiño de Santiago **Xosé Manuel Mato: 'Os alcaldes estámonos convertendo en meros xestores'**

■ A. EIRE

Xosé Manuel Mato, alcalde de Paradela, é o líder do grupo de alcaldes coagas lugueses fichados polo PP hai tres meses e agora apresentados unha e outra vez como trofeos co gallo de desestabilizar á futura Convergencia Nacionalista. Nesta entrevista o que fora un dos alcaldes máis novos do estado con UCD, explica algunhas das razóns dese cambio de partido.

Como explica o seu paso de CG ao PP?

Tanto eu como o alcalde de Samos tomámos a decisión antes do congreso de Coalición Galega. Cando fomos convidados a levar representantes do noso concello ao congreso, tivemos unhas profundas reflexións, chegando á conclusión de que xa non era conveniente participar no Congreso en vista dos tumos que se estaban a dar, pois nen sequer sabíamos a onde nos querían levar os dirixentes que habia naqueles momentos.

Nós xa tiveramos contactos co PP con anterioridade ás eleccións autonómicas, pero como tiñamos un compromiso traballamos por Coalición. Ai están os resultados de CG en Paradela onde sacou case tantos votos como Sánchez Castiñeiras en Lugo capital.

Unha vez que se filtra á prensa que non imos comparecer no congreso, Cacharro convidounos ás *Festas da Milagrosa* a Lugo para a celebración do *Día da Provincia*. Falámos sobre o futuro da política en Lugo. Como non me sentía representado en CG porque hoxe iamos cara o Norte e mañá cara o Sul, díxenlle que nun futuro decidiría a miña adscrición política. Comecei a ter contactos con alcaldes do PP e cheguei á conclusión de que, nesta formación, podería desenvolver unha política sen apartarme do meu ideal de centro nacionalista.

A incorporación produciuse hai tres meses, falando só do que pasaría cos comités locais do PP: non esiximos nengun tipo de contrapartida. Agora está na xenerosidade deles o que queiran facer.

Se tomou esa decisión sería pensando que, doutro xeito, Paradela saíria perxudicada.

Si, a miña ideoloxía segue sendo a de sempre, nacionalismo de centro. O que pasa é que sempre estivemos supeditados aos intereses persoais duns dirixentes que, na maioría dos casos, non estaban comprometidos con esa ideoloxía e iso repercutiu negativamente no concello.

Visto o respaldo que tivo o PP nas pasadas eleccións en toda Galiza, pensamos que era o camiño para o noso concello, onde mellor nos podemos realizar nós nese sentido. Penso ademais que é desde o PP onde ten que nacer esa forza máis comprometida con Galiza, aínda que tamén sei que é difícil, terá que pasar tempo e persoas á reserva.

Pragmatismo tradicional

Pero a súa postura semella demasiado pragmática, fai deixación das ideas que di profesar en aras de conseguir unha mellora a curto prazo para o concello.

É verdade, xa é tradicional porque o povo demándalo así dalgunha maneira. Os políticos locais, os alcaldes, estámonos convertendo en meros xestores que antepoñen o interese do seu concello. O tempo vulgará se esta política é boa ou má.

Pero ese é precisamente o sustento do sistema caciquil: se es da corda recibes palas,

se non, non hai pistas.

Eu non me considerei nunca agraviado pola Deputación. Recibín aínda menos cando militaba nun partido que tiña responsabilidades nun Goberno.

Cun Goberno afín é máis fácil xestionar, pero como hai moitos a pedir é máis difícil conseguir cartos se é que os reparten por "interese político".

Pero vostede por quen entrou no PP, por Cacharro, por Cuiña...?

A miña entrada no PP é unha reflexión en interese do meu con-

cello. Pensei que era o mellor que podía facer neste momento.

Fálase do famoso Ouro de Lalin

Non se trata diso, trátase de algo máis fondo, como pode ser a consciencia de que o Camiño de Santiago teña unha revitalización máis forte e profunda, con esa estrada... Compromisos que falas, que non chegas a pactalos, pero que van polo sentir que ti tes.

O camiño de Santiago

A revitalización do Camiño de Santiago tivo un peso importante nese cambio de partido?

Evidentemente. Nós xa lle viñamos expoñendo isto ao Goberno Tripartito e nunca se nos fixo caso. Cando falámos con Cuiña, con Cacharro e mesmo con Fraga, déronlle unha valoración distinta e no orzamento deste ano xa consignaron mil e pico millóns. A cartografía xa está feita e, agora, están redactando os proxectos. Concretamente hoxe están facendo unha medición na estrada.

Esa era unha realidade pola que viñamos loitando pero ninguén nos facía caso. Pensamos que estas persoas tiveron máis sensibilidade ás nosas propostas e por iso pudemos confluír.

Como se sente no PP unha persoa que se declara nacionalista?

Como algo estraño. Pero analizando onde podía facer a política que sempre fixen, non encontrei outro acougo máis ca no PP. Poda que sexa o partido que máis campo de xogo de nese sentido.

Agardo que ese sentimento nacionalista latente en moita xente do PP poda plasmarse nunha especie de CiU.

Galiza necesita unha pasada por un centro nacionalista. Ai desaparecería xa a chamada *vella garda* do PP. Na provincia de Lugo están sendo relegadas esas persoas...

Tiveron tamén propostas para entrar no PSOE?

Si, celebrei comidas con xente do PSOE. Tiveron contactos comigo persoas con responsabilidades tanto en Lugo como a nivel galego. Pero penso que é o partido que menos se comprometeu con Galiza. Foron eles os que me conduciron ao PP.

Que prometía o PSOE? Tamén investimentos no concello?

Algo se falou dun futuro plan desde o Goberno central, pois todo o mundo sabe que había un problema cos *Plans Provinciais* (até o de agora en Paradela con criterios obxectivos, pero noutros concellos non foi así). O PSOE pretendía un plan específico desde Madrid.



Xosé Manuel Mato sobre o fondo da Casa do Concello de Paradela

PRAGMATISMO OU CACIQUISMO

A.E

O Camiño de Santiago foi o vieiro que conduciu a alguns alcaldes coagas á *casa revolta* dun PP na que o *Amo Fraga* está a facer acópio de votos para unha próxima lexislatura autonómica. Desde a Xunta escolleron o mesmo camiño desestabilizador da operación que deseñara, *sabidamente*, o agora Presidente do Parlamento para conseguir un acordo con Coalición Galega. Victorino está a probar, entre laios, as mesmas armas que disparara contra os seus correligionarios e, agora, compañeiros; Fraga a usar os mesmos métodos transfuguistas que el mesmo criticou con adxectivos como *felóns e traidores* cando os políticos collían a porta que se abría a unha Galiza autónoma politicamente.

O *trasfugismo de alcaldes* serve non só para apostarse nas deputacións (pode ser, a vez, o grande éxito e o grande fracaso que leve ao desmembramento do PP), senón para "minar" a moral dos compañeiros-contrarios de Convergencia Nacionalista e impedir a súa expansión como formación política, *amarrando* a maioría no Parlamento.

Pero a *pesca de alcaldes* non a realiza o PP nas leiras ideolóxicamente máis próximas, senón que se atreve a adentrarse nas augas do PSOE e darlle a escoller a Xerardo Estévez, alcalde de Compostela, ou presentarse polo PP, como independente ou expoñerse a unha declaración de guerra

por parte da Administración autonómica; ou nas do BNG, lanzándolle nasas ao alcalde de Ribadeo, Eduardo Gutiérrez, no arelado porto exterior.

O PSOE segue a mesma liña que o PP (como recoñece X. M. Mato na entrevista publicada nesta mesma páxina), lembrando os tempos máis escuros do caciquismo da Restauración.

O "pragmatismo" que alegan os rexidores municipais e a suposta tendencia dos administrados a pedir que se resolvan os problemas inmediatos sexa como sexa, non poden esconder as nefastas feridas que estas actitudes lle infrinxen ao corpo social.

Os concellos forman parte da nación e o inmediato na satisfacción das necesidades non é criterio suficiente para unha política honesta, por máis que tamén compriria analizar a fondo a realidade para descubrir os intereses dos administrados e os dos rexidores.

O mercado de votos é o máis oposto a unha democracia participativa, corrompendo, incluso, os principios democráticos formais.

Estamos necesitados, máis que nunca, da recuperación da sociedade cara a solidariedade e a ética pública. Sen estas a democracia é unha pura pantalla sen contido. É preciso confiar naquelas organizacións que propugnan acabar con estas situacións.

**'O PRAGMATISMO
NON ESCONDE AS
TREMENDAS
FERIDAS QUE LLE
ESTÁ A INFRINXIR
AO CORPO SOCIAL'**

ANTE AS ELEIÇÕES MUNICIPAIS

Clima favorábel á candidatura do BNG-PNG

Rivera Mallo podería perder a maioría absoluta en Vilagarcia

■ JOSÉ CASTRO RATÓN/VILAGARCIA

No concello vilagarcían governa unha equipa conservadora, que ven precede na anterior lexislatura por outra igual, na que repite o rexedor: Rivera Mallo. Se na etapa anterior precisou do apoio dun grupo independente, na actual con doce dos vinteun concelleiros, goza da oportunidade de impor a dinámica do "rodillo", unha forma de gobernar en política que "non está ao alcance de quen quer, senon de quen pode".

Privado o Partido Popular das alcaldías nas sete cidades galegas, Vilagarcia -a vila máis grande de Galiza, ou a oitavo cidade se así se quer ver- constitúe o mirador máis importante para a tropa política que comanda Fraga Iribarne, quen non escatima darlle recursos e protagonismo ao P.P. na localidade para que manteña a súa posición acutal de forza electoral. En troques, Rivera Mallo, alcalde e líder do partido no concello, que tamén é Senador, asume o risco de deixar o posto en Madrid -seguro e sen complicacións políticas- para afrontar unha nova etapa na que cabe a posibilidade, moi improbable, de perder a alcaldía.

A candidatura que presentará o Partido Popular, encabezada por Rivera Mallo, vai ser continuísta, integrando os postos de "saída asegurada" a maioría dos actuais concelleiros aos que se sumará, probablemente, o arquitecto Freixeiro Martínez, que nas anteriores fora o primeiro candidato na lista do C.D.S.

Nesta etapa de goberno muni-

cipal, qse remata en Maio, esta equipa do P.P. non presenta nengun logro de transcendencia especial, e pola contra lémbrense importantes conflitos provocados pola atitude prepotente da actual maioría: Mobilización e trunfo da postura viciñal contra do aumento da Contribución Territorial Urbana, conflito do *Mercedillo*, a práctica parálise de FEXDEGA e a contraditoria posición diante da iniciativa popular de demandar a modificación, polo Parlamento de Galiza do Mapa Sanitario que crie unha Área de Saúde en Arousa-Salnés, dotando a Vilagarcia dun hospital comarcal, con todos os servizos sanitarios que se precisan. Esta demanda é unánime en toda a comarca e o deputado Garrido Torrado, que é o primeiro tenente-alcalde da equipa de Rivera Mallo, vota de xeito distinto nun e outro lugar, Concello ou Parlamento, lastrando con esa postura a imaxe de apoio a esta demanda popular amplamente sentida que a equipa de goberno quere dar. Sen embargo o P.P. ten asegurado o trunfo electoral, canto menos como minoría minoritaria. Os responsábeis da campaña electoral son conscientes de que "é probábel perder a posición actual de maioría absoluta. Non podemos confiarnos, calquer pequeno corrimiento de votos cara outra alternativa electoral ou o mellor aproveitamento dos votos para os demais, deixaranos á porta e precisaríamos de acordos post-electorais para asegurar a alcaldía". Se fose preciso, confían en entenderse, coma no resto de Galiza, coa criada C.N.G.

A Convergencia Nacionalista Galega en Vilagarcia vai facer candidatura a partir do grupo lo-



Rivera Mallo

cal de Coalición Galega, apoiada a súa no sector empresarial que, polo de agora, controla a Cámara de Comercio guiados, na traxenda, por Paulo Vioque, secretario xeral desta institución, que non pretende protagonizar directamente a candidatura.

A lista vai ser encabezada por Manuel Rodríguez Cuervo, da Executiva Nacional de C.G. e integrada por persoas que proveñen politicamente das filas populares, das que saíron xustamente no limiar das pasadas eleccións municipais, acompañando a Xosé Luís Barreiro e tras dun sonado enfrentamento cos actuais líderes do P.P. local. Os recordos daquela non van facilitar o futuro entendemento entre ambos, e para o primeiro candidato da lista nacionalistas "nós saímos con forza, xente e apoios suficientes para acadar a alcaldía". Pretenden multiplicar por moito a acutal presenza no concello, que dé un

só concelleiro, sen entrar a considerar á atitude fronte á necesidade de pactos tras as eleccións. Deixan caer a posibilidade de entenderse, quizais, cos oturos nacionalistas do Bloque e co P.S.O.E.

PSOE, mais pero divididos

O P.S.O.E. é unha das forzas políticas con máis implantación e forza, que conta con máis de trescentos afiliados, enfrentados entre si en tres correntes internas de difícil conciliación que merma a súa eficacia nas eleccións municipais: sempre acada proporcionalmente máis votos nas eleccións xerais ou autonómicas. Arrasta, nesta lexislatura municipal, a imaxe lastrante de manter unha oposición imperceptíbel. Militantes do P.S.O.E. afirman que "o Bloque, cun só concelleiro, ten máis protagonismo e iniciativas ca nós con seis". Neste ánimo e predecíbel unha viraxe electoral importante, que vai pasar pola incorporación de novas caras á candidatura que estará encabezada polo actual secretario da agrupación local Gago López, secretario do concello de Catoira e ex delegado da C.O.T.O.P. en Pontevedra. Confía en recuperar ao partido da debacle do 87 e cre que "ninguén vai lograr a maioría e será preciso pactar o futuro goberno municipal". Non está está seguro da atitude que encontre na Convergencia Nacionalista Galega, e confía en entenderse co B.N.G.

O Bloque Nacionalista Galego é, segundo todas as fontes consultadas e a mostra de inquerito que circulan, sobre intención de voto, a forza política que vai acadar a maior crecemento electoral, seguindo a tendencia despunta-

da nas pasadas eleccións autonómicas. Conta, hoxe, cun só concelleiro municipal, Carlos Méndez, que goza do meirande prestixio entre os políticos locais, caracterizado polo seu traballo constante de oposición é contacto cos viciños, presentación continuada de iniciativas e estilo firme e dialogante que gañaron para o Bloque a imaxe de "única oposición actual ao goberno de Rivera Mallo". Dase por seguro que Carlos Méndez será o cabeceira da lista do B.N.G., en coalición electoral co P.N.G.-P.G. que ten en Vilagarcia unha das agrupacións máis numerosas cun cento de militantes, unanimemente agrupados arredor das posicións que actualmente mantén Rodríguez Peña de "entendemento" co Bloque. Un grupo de persoas ben coñecidas da vida social e cultural de Vilagarcia poden incorporarse publicamente a esta candidatura, reforzando así a imaxe de "apoio social amplo e crecemento que xa latexa no ambiente político local" e reforzaria a eficacia electoral da candidatura do Bloque-PNG-PG.

Esquerda Unida ten actualmente unha praza na corporación, pendente de cobrirse por dificultades no "corrimiento" da lista que debe levar ao concello a Felipe Fajardo, sindicalista que vai encabezará a futura candidatura e terá así "tempo para porse ao día nas cuestións municipais". Confía en repetir o resultado das pasadas.

PSG-EG e C.D.S., que presentaron candidatura na anterior confrontación sen acadar presenza no concello, con organizacións na localidade pouco activas, agardan presentar candidatura e logar o milagre: entrar no novo concello.

AGRESIÓN ECOLÓXICA

As mariscadoras denuncian vertidos urbanos, industriais e falta de control do furtivismo

Todos os informes recoñecen a alta contaminación da coruñesa Ria do Pasaxe

■ M. BERTOJO/A CORUÑA

A Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura non fará público até o luns, día 28, o informe coas derradeiras análises sobre os niveis de mortandade nas distintas especies de moluscos, realizadas polos seus servizos técnicos na ria do Pasaxe -O Burgo. Mentres tanto, máis de 1.700 mariscadores -con carnet- agardan con comprensíbel impaciencia o desenlace desta nova agresión á súa principal fonte de ingresos. Un novo problema vense a sumar a delicada situación dos mariscadores na ria coruñesa.

O vertido ven complicar aínda máis unha situación xa tensa. Mariscadores e Administración discrepan sobre o tamaño mínimo das especies. Segundo un comunicado recente, a Administración tenta protexer os recursos marisqueiros evitando unha

sobreexplotación desmedida ao extraer exemplares aínda inmaduros: "A única medida efectiva para recuperar os recursos nun banco marisqueiro é cortar radicalmente a extracción de individuos de talla antirreglamentaria, garantindo así a existencia dun stock de reprodutores".

Para Teresa López Chacón, presidenta da Asociación de Mariscadores, resulta unha situación case insosteníbel, "queremos saber canto antes que é o que pasa. Se non se pode mariscar pol contaminación provocada por este vertido, que axilicen canto antes o pago por danos e perxuícios". A presidenta dos mariscadores criticou tamén a Administración pola falta de recursos humanos para rematar co furtivismo.

Unha das súas queixas fundamentais apunta a falta de sensibilidade polos vertidos non só industriais: os concellos de Cambre, Oleiros e Culleredo verten as súas augas fecais e residuais á ría. "En tres meses só temos traballado 33 días e isto non pode ser de ningunha maneira", declarou Teresa López. "Se a Consellería non flexibiliza as vedas, estamos perdidos".

Manuel Vérez Pena, delegado provincial da Consellería de Pesca, manifestou que todos os organismos das distintas administracións están a seguir puntualmente a evolución dos niveis de contaminación: "Comandancia de Mariña, que é quen inicia o expediente sancionador e Comisión de Medioambiente - que reúne a todas as consellerías implicadas: Sanidade, COTOP, Pesca". O delegado da Consellería falou da disposición favorábel da mesma á hora dunha posíbel flexibilización das vedas para poder mariscar en calquera que sexa a época do ano, sempre e cando se respeten os tamaños mínimos esixidos.

Denuncia por delito ecolóxico

O día 15, a Cofradía de Pescadores e Mariscadores da Coruña denuncia á empresa Koipe y Elo-sua, S.A. (Kelsa), por presunto delito contra o medio ambiente. Nas conclusións do informe asinado polo biólogo responsable de zona da Consellería de Pesca fala dos efectos directos sobre as diferentes especies marinas de interese comercial e a súa ca-

dena alimentaria: "Interrupción nos ecosistemas estuáricos e mariños, hábitats e cadena alimentarias (...) dando lugar á redución da produtividade primaria (...)".

Das conclusións dedúcese o seguinte: destrución de formas xuvenís ao non encontrar un sustrato adecuado para a súa fixación en larvas, e efectos de toxicidade nos moluscos comerciais. Neste mesmo informe, o biólogo responsable considera a esta empresa unha das máis contaminantes da ría.

Agresión constante

Nun informe da delegación provincial da Consellería de Pesca, relativo aos niveis de contaminación detectados na semana do 15 ao 22, pon de relevo o grave e constante deterioro que está a sufrir esta ría. Segundo o texto do informe, nos días 14 e 15 observáronse aglomeracións de alquitrán en forma de bolas, que se depositan no fondo e que aparecen na baixamar. Pódese atopar por todos os bancos da ría desde o Canizo até Sta. Cristina. (...) Lixeira pellicula de hidrocarburos, en rastros de 20 25 mts.. podese observar boiando

ao longo de toda a ría".

Seis días despois, lonxe de ter desaparecido os niveis de contaminación, o informe sinala o seguinte: "Observamos ao longo dos canais navegables, restos de hidrocarburos mesturados con dispersante (...), forman rastros alongados -que chegan a ter 20 ou 30 mts. de lonxitude- que seguen a dinámica da marea, sen chegar a saír da ría. Estes rastros non se teñen visto en tal concentración en días anteriores, polo que é seguro que a polución atopada no día de hoxe debe ser producida nas 12 horas anteriores".

"As 15.30 h. observamos na zona de Xubias un vertido dun desagüe situado a uns 50 m. da saída da depuradora, situado case á altura da ría e que se supón pertence ao Materno-Infantil. (...) debido á súa concentración cambou a cor da auga nun área duns 400 a 500 m2. (...)".

Despois de que se faga público o informe da Consellería de Pesca, queda aínda por determinar a salubridade e posíbel consumo dos distintos moluscos. O informe pertinente de Sanidade tampouco veu aínda a luz pública.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Colaboran máis de quince concellos e invístense case cinco millóns de pesetas
A Mesa lanza unha campaña masiva de afiliación e para galeguizar os nomes propios


■ x.c.

A Mesa pola Normalización Lingüística ven de presentar nunha convención celebrada en Compostela a súa nova imaxe asociativa e unha campaña simultánea de afiliación e galeguización dos nomes coa vontade de extender a presenza da MNL e convertela en garante de avance do noso idioma.

A Mesa vai ser, xa o era verbalmente, o centro do novo imaxotipo que AGA Producións deseñou para extender nunha campaña a presenza da organización pola normalización lingüística. O plantexamento global desta campaña que agora se inicia e que imixtará unha campaña de afiliación con outra de galeguización dos nomes quer servir de divulgación do labor desenvolvido pola Mesa e a situación pola que atravesamos o noso idioma e conseguir salientar a importancia da organización como garante do avance do galego.

A Mesa vai distribuír 40.000 folletos desplegableis co lema *Ti unha primavera. I mos garantir mil máis*, entre profesores de todos os niveis educativos, xornalistas, funcionarios, sucursais bancarias, etc. Nos folletos da Mesa hai unha tarxeta de afiliación para remitir con franqueo concertado e como complemento imprinteranse 1.500 cartaces co mesmo lema e recollendo nel o novo anagrama da organización que xa se incluía no cartel da anterior dirixida ás nais en colaboración con *Nutricia*. O novo deseño é un dos 30 finalistas -entre 400 presentados- ao premio de artes plásticas "Isaac Díaz Pardo".

Parellamente ao anterior faranse outros 40.000 folletos co lema *Temos nomes propios, úsao* que animan a galeguizar o nome propio e explican o método para facelo. Inclúense 800 expositores para colocar en comisarias, xulgados e concellos, 800 carpetas que se remitirán aos mesmos sitios denantes indicados e que conteñen toda a lexislación vixente en materia de rexistro civil, modelos de instancia e un listado moi completo das formas galegas dos nomes propios.



Esta campaña está subvencionada en cantidades diversas polos concellos de Allariz, Ares, Brión, Carballo, Corcubión, Fene, Ferrol, Narón, Noia, O Grove, O Irixo, Oleiros, Ponteceso,

Santa Comba, Santiago, Soutomaior, Trazo e Vilar de Santos. O total de 4,5 millóns de pesetas do custe está financiado ademais coas cotas dos sócios da Mesa e axudas de particulares e apresetarase nas vinteduas zonas nas que está implantada, e ademais dun mailing realizaranse miles de chamadas telefónicas xa programadas.

Chamarse en galego

Nun comunicado feito público a Mesa incide nos motivos da campaña dos nomes, "o nome é o elemento externo identificador da persoa. Non cabe dúbida de que o chamarnos nun idioma ou outro contribúe ao coñecemento que os demais teñen de nós. A Mesa lanza esta campaña dos nomes considerando o sorprendente atraso e a falta de importancia que se lle deu a este tema desde que legalmente é posible galeguizar o nome propio. Foi valorado como se fose algo intrascendente e podemos atopar multitude de xente que, por simples preguiza, non pasou polo correspondente rexistro civil para proceder ao cambio de nome". Resulta moi gráfico observar a

resistencia que a propia comunidade exerce fronte á alienación lingüística e así se galeguizan nomes como *bliquiño* ou *vanesiña*. Apesar dos pesares a cultura propia é capaz de absorber e non deixarse asimilar tan facilmente. Ante este tipo de agresións lingüísticas son precisos esforzos que comecen a cambiar o panorama".

A Mesa tratará que as distintas candidaturas ás eleccións municipais leven os nomes dos candidatos xa galeguizados e convidará aos principais líderes políticos, intelectuais e persoas da vida pública galega a que pasen polos rexistros civís a galeguizar o seu nome e chamará aos concellos a que subvencionen esta campaña e a fagan súa. Procurarase evitar as trabas que xurdan no cambio de nome ofrecéndose a Mesa a solucionar os problemas que surxan.

Esta campaña da Mesa pola Normalización Lingüística, xunto coa iniciada hai poucas semanas pola AFNL, parece o decisivo empurrón para quen foi deixando pasar o tempo sen mudar unha situación administrativa que nos debe acercar á nosa identidade como galegos.

DOR E GOZO DOS "EXTRAVIADOS"

DIANTE DO PROCESO DE FRANCISCO RODRIGUEZ

M. BEIRAS GARCÍA

A loita de Paco Rodríguez pola dignidade da nosa lingua -deixemos agora á marxe a outra loita, a dun nazonalista de vangarda-, é tan teimuda, tan ancorada no peito e no pensamento que a moitos semella "fanática".

Pois ben! isto non é mao, digo eu, porque tamén dun fanatismo relixioso, ben fundado, até chegar ao martirio, saíron os Santos e no tocante aos feitos de veneración, de vixilias, de penalidades como peregrino camiñante, en procura da *verdade* histórica da nosa lingua, unha das máis firmes probas da nosa nacionalidade, Paco Rodríguez, para min polo menos -iletrado seguidor dese "apostolado"- segue disposto, desde sempre, a padecer persecución por defendelo e facelo triunfar, en todos os recunchos e actividades diversas da nosa xeografía: a cultura, a dos servizos até a mesma administración, sen exclusión, nen moito menos! dos propios da *xustiza*.

E moito menos, aínda, se acobarda diante da "dis-función", mellor dito, aldraxe ou menosprécio dunha Real Academia Galega, *modelo(?) de institución* -como el mesmo di- rexida caciquirelmente e de xeito totalmente irresponsábel "por un secretario que, para negar o acceso a unha carta autógrafa de Fernán Caballero sobre "El Caballero de las botas azules, non repara en utilizar a arrepiante e dolorosa evasiva: "Extravieina".

Diante deste "doloroso" e incríbel exemplo, por que, asustarse tanto de que funcionarios da administración de xustiza -entre outras- aínda sigan a poñer xestos de carraxe, *herdada*, diante do desventurado, "delincuente" en potencia, que contesta ou fai as súas declaracións na súa lingua, en *galego*.

Eu non coído que sempre sexa por malquerencia ou ruindade, diante da lingua que empregan nas súas "coñas" cos seus camaradas ou amigos e compañeiros de esmorgas, se non por manter uns principios herdados de *segregación* social que, por condicionamento educacionais da-

queles tempos, que lles meteron na escola -naquelas escolas da "tabla" cantada e do Quijote, como lectura obrigada que, pouco máis ou menos, se mantén aínda hoxe! a dez anos vista dun Estatuto de Autonomía de Galiza en marcha; -mirando atrás co triste telón de fondo dunha longa noite de pedra".

Que pasa, entón?: pois pasa que supetamente os políticos "castelán-falantes" non foron quen de impoñer o uso do "galego" máis que nos actos ou documentos oficiais. Eu veño comprobando, personalmente, que entre o funcionariado e os "mandamais" políticos, o emprego do galego non chega nos medios oficiais a un 60%. Menos mal se che contestan na nosa lingua!

A lingua galega é, aínda, unha lingua *escrava* -como lle dixo o poeta- e que segue a ser empregada moi dificultosamente, con medo ou con "complejo", de inferioridade polos seus auténticos depositarios, como dixo o noso Bóveda, naquel memorábel discurso, na "Asemblea de Municipios Galegos", convocado para a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galiza.

Cando entrou en discusión a "emenda" apresentada por aquel "insecto cultural",

**VEÑO COMPROBANDO
QUE ENTRE O
FUNCIONARIADO E OS
"MANDAMAI" POLÍTICOS,
O EMPREGO DO GALEGO
NON CHEGA NOS MEIOS
OFICIAIS A UN 60%.
MENOS MAL SE CHE
CONTESTAN NA NOSA
LÍNGUA!**

Montero Díaz, á Ponencia aprobada pola Comisión presidida polo vello Lugo -Presidente, daquela, da R.A.G.- e pola que se lle quería restar o "carácter de oficial" á lingua galega".

O vello Lugo, tanto lle impresionou aquela deslealdade que, Alexandre Bóveda, que non pertencía a esta Comisión e remataba de estar defendendo -case nunha hora- a súa Ponencia sobre "Economía, recursos económicos etc. tivo que se facer cargo da defensa desta outra, tan alonxada das súas actividades-, "vostede non pode Don Manuel, vostede emocionase e hai que se manter enteiro apra gañar a batalla".

E fíxoo tan ben, con tanto acerto, con argumentos tan axeitados que mantiñan a expetación e o pasmo de toda a concorrencia, até chegar ao derradeiro argumento: *aquel do velliño que chegou onda o ventanuco de facenda, co chapeau a medio sacar, con torpe falar, entre castelano e "castrapo" e lle pede ao señor do ventanuco que é o que teño que facer para entregar estes cartos, que vai quitando, torpemente, dunha faldriqueira.*

E cando Bóveda ao tal ver, animao dicíndolle:

Fale, fale! meu velliño; fale no seu galego, no que vostede sabe; aquí todos somos galegos ao seu servizo, e a administración tamén. Daquela, segue a dicir Bóveda, cunha creba emocional nas súas verbas: "Aquel velliño ¡transfigúrase!

O atronador balbordo dos aplausos daquela multitudinaria asemblea, posta en pé, deu lugar a que Tafall -que fixo un excelente Presidente- axitase a campaña e dese por rematado o debate:

Que se poñan en pé aqueles que estexan conformes coa emenda do Sr. Montero Díaz.

A trancas e barrancas foron poñéndose en pé, oito, dez, catorce e poucos máis. (Alguén os contou en alto).

Agora, aqueles señores que a desboten e se amosen conformes coa Ponencia sobre o Idioma, na súa totalidade.

¡Toda a Asemblea! -menos os primeiros, claro está- púxose en pé, dun pulo; tal que un estoupo. E todos, aplaudindo e dar vivas e berros da alborozo. Os máis novos, pouco cocidos aínda nestas loitas, sentíamos escorregar polas meixelas un tpedo fio húmido, sen saber ben de onde viña e por qué:

E é que Bóveda, para nós, era moito Bóveda.

Tamén o era -por outro estilo- Alvaro das Casas que, moi serio el, pediu por remate a verba ao Presidente para unha aclaración.

Con esta condición concedeu o Sr. Tafall, porque o asunto xa estaba rematado.

Non, é para suplicar ao Sr. Presidente que se tome nota dos "fillos de má nai, representantes dos Concellos, que votaron a favor da emenda do Señor Montero Díaz (As gargalladas e aplausos mesturados nun relouco que non se repetirá, pecharon a Sesión da memorábel Asemblea.

Hoxe non sería o mesmo; hoxe meterían na cadea -ou unha querrela (que non é querrela, porque hai que "querrela") ao Alvaro das Casas, por inxurias e desacato a representantes da autoridade local e xudicial.

Hoxe xa víchedes, amigos e irmáns; en certo modo semella non ser o mesmo que daquela; mais en certo modo e en certas ocasións imponse a reflexión -neste caso moi perto dos catro anos para a facer, e considerar que, a lingua -oficialmente polo menos- conquistou o seu posto xerárquico -lingüísticamente considerado.

Este foi o caso derradeiro polo que tivo que sufrir dúbidas e angurias, de autodefensa, o noso amigo Francisco Rodríguez que tivo incríbel, case que insultante, "Extravieina", tamén experimentou o gozo de que a denuncia quedase "extraviada" e (por ! "motu-propio"), os denunciadores e testigos non comparecer na hora e lugar determinados, porque esqueceron ou "extraviáronse". Pois... Que Ben!

A REDE SANITÁRIA ANTE A TRANSFERENCIA DO INSALUD

Un peche da Xunta de Persoal pon en evidencia o continuo traslado de especialistas

Após de cinco anos, o Hospital de Monforte continua a médio rendimento

■ PILAR SAAVEDRA/MONFORTE

O Hospital Comarcal de Monforte, que leva máis de cinco anos "funcionando" e polo que pasaron xa cinco Directores, aínda hoxe non está a pleno rendimento. Proba disto é que no mellor dos casos atópase a un 70% de utilidade e que a contratación de persoal segue a ser temporal.

A opinión pública desta zona pergúntase que vai ser dos Hospitais de carácter comarcal logo de transferencia do Insalud á Xunta co que esta leva consigo quer dicir, a privatización. En Monforte téme-se que se convirta nun edificio que teña como finalidade a asistencia en réxime ambulatorio ou o servir de residencia para vellos e vellas. A Asistencia Mixta promovida pola Xunta e a elaboración de convénios con entidades privadas e



grandes aseguradoras non servirá en Monforte máis que para resucitar dous centros privados que existían e que se viron obrigados a pechar coa entrada en funcionamento do Hospital Comarcal.

Vinte especialistas cambiaron nos últimos meses

O pasado día 11, a Xunta de

Persoal do Hospital pechouse nas dependencias do Centro como medida de forza ante unha Dirección que negou a renovación do contrato a unha ciruxana, aínda sabendo que nos últimos meses máis de vinte especialistas cambiaron o seu destino en Monforte por outro máis apetible, o que é comprensible pola falta de incentivos que evi-

ten o seu traslado. Este feito e a falta de oposicións para cubrir as vacantes que se van producindo, desde Xullo de 1989, provocou unha importante merma na asistencia aos pacientes. O peche dos representantes dos traballadores e traballadoras do Centro logrou que a Directora do Hospital, que se atopaba en Madrid facendo un curso de capacitación -feito que ocorre tres de catro semanas-, sentase a negociar non só a prórroga do contrato á ciruxana senón que por primeira vez a Xunta de Persoal lle puido propoñer a problemática do Centro en canto a contratacións públicas e transparentes, plantilla de persoal sanitario e non sanitario, escasez de material e medios con que conta o Centro.

O B.N.G. fixo un chamamento ás Organizacións Políticas, Sindicais, Viciñais, Culturais así como ás Institucións Públicas da cidade para manifestar o seu apoio á continuidade do Hospital e de todos os seus servizos. ♦

CONFLICTO DE COMPETENCIAS

No Carballiño peden a homologación dos estudos do Conservatorio

■ XOSE R. CASTRO/CARBALLIÑO

A homologación dos estudos impartidos na Aula de Extensión do Conservatorio de Carballiño, enfrenta aos pais dos alumnos e a alcaldía, que nun primeiro momento non lle prestou atención ao asunto, pero que agora tivo que empezar negociacións para saír do atranco.

A problemática comezou a finais do curso pasado, cando os Conservatorios pasaron a ser competencia da Xunta. Daquela, a Consellería fíxose cargo do de Ourense, de quen dependía o Carballiño, que se quedou sen

oficialidade. No mes de Agosto pasado, a Delegación de Educación envía unha carta ao concello requeríndolle a documentación pertinente, que sae das dependencias municipais dous meses despois, aínda que con bastantes defectos de forma, o que supón a devolución por parte da Consellería.

Paralelamente a isto, os alumnos botan tres meses sen clases de piano por falta de mestre, e a titular de solfeo e violín leva sen cobrar desde o inicio do curso, por mor dun litixio que mantén co concello, que se nega a recoñecerlle a antigüidade de sete anos traballando, cando en nómina percebe o plus correspondente.

Ante esta situación, os pais de alumnos e os propios afectados, comezan a moverse, reunindo-

se reiteradas veces con Arximiro Marnotes, quen lle comunica a inmediata homologación dos estudos elementais e o restablecemento da normalidade académica.

Con posterioridade o concello contrata ao mestre de piano, e Marnotes mantén conversas co presidente da Deputación, Xosé Luís Baltar e con membros da equipa de Piñeiro Pemuy, sen atopar polo momento unha solución definitiva.

Ante o cariz da situación, o Partido Socialista decide meter baza no conflito e apresenta unha moción na que solicita urxentes medidas para buscar unha solución á oficialidade e ao pagamento dos meses adebedados á mestre, conxuntamente co recoñecemento da antigüidade. Ata o momento dita moción

non foi debatida, polo que o concelleiro do PSOE reúne as cinco firmas pertinentes para solicitar un pleno extraordinario; escrito que vai avaliado polas firmas dos concelleiros do BNG, Independentes e un coaga.

Desde a alcaldía, insíste-se máis unha vez nos últimos días, que o conflito esta próximo a solucionarse, sendo agora competencia de consello escolar dos centros públicos de EXB, o ceder os locais para as clases, requisito que pede a Consellería para homologar os estudos, cuestión que se terá que producir axiña, xa que do contrario os alumnos deberían matricularse en Ourense para examinarse, despois de ter pagado oito mil pesetas no Carballiño por uns estudos que teoricamente desde o concello sempre foron "oficiais" ♦

ECOLOXIA E DESENVOLVIMENTO

O colectivo Xevale pede a potenciación de enerxias renovábeis As minicentrales hidroeléctricas do Courel pouco aportarán ao desenvolvemento da zona

Ante a posibilidade da instalación de dúas minicentrales e captacións de augas nos ríos Lor e Louzara no Courel, Xevale fixo un urxente chamamento aos distintos organismos, Confederación Hidrográfica, COTOP, Deputación, Concellos afectados e Delegación de Meio-ambiente de Lugo para proceder á suspensión dos permisos de construción.

O colectivo ecopacifista pede o investimento en fortes medidas de conservación do Courel que pasen pola protección, a vixilancia, o desenvolvemento non agresivo... con programas de recollida

de lixo, brigadas para evitar incendios, e repovoacións, control do turismo agresivo etc., através da creación de postos de traballo estables para evitar o éxodo da poboación das aldeas do Courel.

O Courel un dos espacios de maior diversidade e importancia ecolóxica da Galiza pode comezar "a ser esquilado en nome do progreso cando realmente se fai para enriquecerse máis os que xa teñen moito". "Estas minicentrales pouco ou nada van aportar ao desenvolvemento desta zona", segundo Xevale.

Novas minicentrales

Ante as novas concesións e construcións de minicentrales en distintas zonas do Sul de Lugo, en Chantada no río Enviandé e Asma... Xevale sinala "que non está en contra da enerxía renovábel que pode aportar unha minicentral", pero critica "os poucos espacios (ríos, boscos...) que se conservan aínda sin degradar sexan pasto da especulación".

Esixe Xevale un forte control ambiental das minicentrales a instalar, a prohibición total de construír estas en paraxes de importancia paisaxística ou ecolóxica.

Por outra banda Xevale pede que en vez de dedicar, investimentos a facer as minicentrales (moitas veces irrendábeis) se potencie a investigación e desenvolvemento de programas sobre enerxías renovábeis (solar, eólica, marsomotriz...), programas de reciclaxe e reutilización para evitar o esgotamento dos recursos e que constituen un gran aforro de enerxía, se tomen medidas para a redución do consumo, se potencien transportes alternativos (bicicletas, transporte colectivo...), se inicien campañas de concienciación ambiental, etc. ♦

O REI DEPORTE

■ VITOR MIGUEZ

O novo adestrador do Celta Chechu Rojo dixo que "esto va ir en serio", e así foi o pasado Domingo fronte ao Orihuela, onde os celestes con bon xogo, e o que é máis importante, creando oportunidades, gañaron por 2 a 0. Agardemos que sigan así as cousas.

Unha volta máis temos de facer referencia á má marcha do Deportivo na liga. Esta vez en Murcia e con novas camisetas (menos bonitas do que asemellaban), os coruñeses deron un novo paso para eludir o ascenso. O tempo vaínos dando a razón aos que algúns chamábons catastrofistas. Ademais, no era o Albacete aquela equí que se ia desinflar ao longo da competición?, eis un exemplo: (Salamanca 0 Albacete 1 - Salamanca 1 deportiva 0, ou Eibar 0 Albacete 3 - Eibar 2 Deportivo 2). Busquen, compáran, e se ata pon argumento mellor **cónteno**. ♦

Descendo ás profundidades dos avernos temos que facer referencia á crise do Celta, porque logo de coller a presidencia o membro da xunta directiva Eloi de Francisco, declarou que un dos momentos máis emocionantes do proceso foi cando Xosé Luís Rivadulla lle ofreceu o seu apoio. Señor Presidente, por esa regra de tres, faga sócio a Saddam Hussein pola súa valiosa axuda ao clube. Por outra parte anunciouse a fichaxe do ex estrela vermella, Goran Jurri. Polo que se ve, aquí todo se fai **ao revés**, a menos caros, máis fichaxes. ♦

Continuando en Vigo, temos de lle facer unhas puntualizacións ao "Compañeiro Soto". Primeira: Augusto-César Lendoiro non é o que desestabiliza ao Celta. Os únicos desestabilizadores son a camarilla que rodea a Rivadulla, entre da cal te atopas ti; entendes? Segundo: Se foses tan cestista e tan galego como dis, en vez de estarse sementado cizaña polo país, díralle aos teus amigos de Balaídos que voltasen a utilizar o galego, que era o idioma oficial do clube. Terceiro: Nouraboa; entre ti e o teu leriano acadastes colocar a Vigo na poltrona do localismo estúpido. Os coruñeses xa están segundus; iso si, a costa de tirar o Celta polo chan. ♦

Alegrámonos, por outra parte, da volta á normalidade da S.D. Compostela tras gañar en Mostoles por 0 goles a 1. Logo dunha continua racha de maos resultados, o presidente, X.M. Caneda despachouse no encontro contra do Lugo, cunhas declaracións contra o técnico que logo rectificaría nun acto de sinceridade. O enfado de Fernando Santoja foi considerabel, poñendo o seu cargo a disposición do clube, ante o cal o presidente renovou o seu firme apoio. Así dá gusto resolver os problemas. ♦

CRISE AGRÍCOLA

Intentos de desmobilizar aos labregos

A CE pretende aumentar as cuotas lácteas e suprimir as axudas aos produtos

■ A.E. Como sempre que se convocaron mobilizacións labregas nos últimos tempos, días antes, aparecen os cantos de serea afirmando que a crise de Larsa xa está sulucionada e que os gandeiros van poder cobrar o adebedado ou o relatório dos investimentos do Ministerio de Agricultura. Paralelamente o Mercado Comun ultima a reforma agrária coa anuencia do Estado español.



Instalacións da factoría Leyma

CHUS GARCIA

A reforma da Política Agraria Común (PAC) que está preparando a Comisión Europea levará consigo un recorte na produción en sectores como o lácteo, coa fixación de cuotas máis estrictas, a obrigatoriedade de poñer a barbeito ou a forestal unha determinada porcentaxe de terras e a limitación de primas concedidas aos animais. O diñeiro que se gastaba en primas e subvencións irá destinado a eliminar xente do agro. Trátase, en suma, de reducir as producións, evitando os excedentes.

Esta política xa se ven poñendo en práctica pola CEE, influíndo directamente na crise xeralizada

do agro galego contra a que se van manifestar os agricultores o próximo día 31 de Xaneiro. Aprobada esta política comunitaria, a situación no agro galego aínda se vai agravar máis, sobretudo se se segue a tónica estatal de primar na súa negociación sectores como o dos cítricos ou oleaxinosos.

Minimizar as protestas

Pero desde as instancias administrativas trátase de minimizar as protestas dos labregos. Así, máis unha vez, e xa non se sabe cantas van, anúnciase o fin da

crise de Larsa e o pronto pago aos agricultores. Noticia filtrada desde a Xunta de Galiza.

AA súa vez o Ministerio de Agricultura, a meio do seu Delegado na Galiza apresenta os seus investimentos no ano de 1990 que cifrou en 18 mil millóns.

O Sindicato Labrego Galego contestou a estas cifras triunfalistas afirmando que só 8.231 millóns de pesetas foron parar aos labregos, pois o resto foi para a industria e a pesca, pois o Ministerio é de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Esta cifra contrasta cos 33 mil

millóns de pesetas que perderon os agricultores somente pola caída dos prezos, que "sumado á perda do poder adquisitivo cifra a baixa da renda dos labregos nun 21 por cento", en contra do afirmado polo Ministerio de Agricultura que manifestou que tiña aumentado.

O SLG afirma que neste ano non se solucionou nengun dos problemas que tiña enfrentado o noso agro, pedindo unha negociación da que saia unha garantía de que conseguirán unha "renda suficiente para poder vivir" e un marco legal axeitado que garanta a venda e o cobro dos produtos.

Reivindicación dos augardenteiros

Por outra parte máis de mil viticultores reunidos o día 20 en Ribadavia acordaron esixir que se prorrogue o período transitório de destilación ambulante e o establecemento dunha norma para amparar a produción artesanal da augardente como puntos reivindicativos máis importantes.

Tamén mostraron unha rotunda negativa a pagar as multas que lle impuxeron aos profesionais da destilación e chamaron a desobediencia civil polo que realizaran destilacións ambulantes en todas as comarcas vitivinícolas.

NARCOTRÁFICO

O Coronel Ayuso afirmara hai uns meses que non estaba implicado no tráfico de droga

Sito Miñanco detido en Madrid despois de estarse paseando estes meses por Galiza

Xosé Ramón Prado Bugallo, coñecido popularmente como *Sito Miñanco* foi detido en Madrid xunto con trece persoas supostamente vinculadas á súa organización do narcotráfico. O Servizo Central de Estupefacientes tamén incautou 130 quilos de cocaína que, afirman, van servir como proba para inculpar a *Sito* e afondar no branqueo de diñeiro na Suíza.

Sito Miñanco visitou varias veces a comarca arousana, frecuentando lugares públicos co único recato de terse afeitado o bigote. A súa presenza na Galiza era *vox populi*. Agora ven de ser detido en Madrid xuntamente con trece presuntos integrantes da súa organización adicada ao narcotráfico, considerándose en fontes policiais que pode haber suficientes probas para impicalo no tráfico de cocaína.

A policía afirma que era sabedora das andainas do ex presidente do Cambados, facendo un estreito seguimento, "incluso con policías doutros países", segundo o Gobernador Parada.

Esta afirmación contrasta co requirimento de busca e captura dictado a todas as policías inter-



nacionais e coa teima da Brigada de Estupefacientes de que non se inteirase a Garda Civil nen o resto da Policía das pesquisas realizadas nos últimos días por temor a que un chivatazo ou unha indiscreción pudesen abortar a operación.

Algo completamente normal se temos en conta que *Sito Miñanco* sabía previamente, semanas antes, que se preparaba a chamada *Operación Nécora*, polo que decidiu ausentarse con máis dun mes de antelación e fixar o seu cuartel de operacións no porto bretón de Arivers. Nesta operación foi detido un emprega-

do da Telefónica en Pontevedra, que sería o que lle avisaba dos teléfonos que estaban intervidos e das operacións policiais que se establecían.

Tamén foi detido o seu asesor fiscal, o ex funcionario de Facenda, Xosé Díaz Lavilla, fillo dun Maxistrado do Tribunal Constitucional. Tirando deste fio pretende o xuíz Garzón desnovelar a trama do branqueo do diñeiro na Suíza, implicando a outros detidos cando a *Operación Nécora*.

Pero Prado Bugallo, persoa que non reparaba en gastos, amigo dos seus amigos e espléndido até cos descoñecidos,

tiña outros contactos máis nas alturas que eran os que, verdadeiramente guiaban o seu facer.

Serían estas persoas as que obrigaron a *Sito* a meterse no contrabando da cocaína despois de que se desmantelaran outras redes e de que caesen en desgracia, mesmo social, outros capos con forma de actuar *anticuada*.

O Coronel Ayuso, ex xefe do Servizo fiscal da Garda Civil e, agora, asesor do Goberno, afirmaba nunha entrevista publicada en *El Correo Gallego* que Prado Bugallo lle xurara nunha entrevista realizada o 24 de Xuño en Lisboa que "el non estaba no narcotráfico". O Coronel puña especial énfase en acreditar nas afirmacións do presunto capo, buscado daquelas pola policía internacional.

Agora, desde alguns estamentos, afirmase que as declaracións de Ayuso formaban parte dunha táctica para confiar a *Sito Miñanco*.

Pero aquela entrevista nunca foi ben aclarada. O coronel afirmou que a realizara co coñecimento tanto dos seus superiores como do xuíz Garzón, algo que foi posteriormente desmentido polas institucións xudiciais e policiais.

Ayuso xa tiña realizado con anterioridade encontros similares, un deles co propio *Sito* en Barcelona e outros frustrados con Laureano Oubiña.

O MELLOR DOS MUNDOS

Vivimos no mellor dos mundos posibles
Felipe González

Alfredo Conde, escritor e deputado socialista, ofreceu recentemente unha conferencia ás Amas de Casa da Coruña en castellano. Conde xustificouno decindo que "non custa nada ser xeneroso".

Xosé Luis Lagares, ex-director da Zona de Urxente Reindustrialización (Zur) de Vigo e máis da Zona Industrial en Declive (ZID), hirmansimo do alcalde de Betanzos e íntimo de Antolín Sánchez Presedo, após de non conseguir traer nengunha industria para Galiza, ven de ser nomeado xerente de Eurogalicia Forestal, algo así como o gran *heuchalitizador* do reino.

Por que a Deputación da Coruña, que ten unha imprenta da que se está a gabar a cotío, financiou unha serie de folletos propagandísticos de concellos da provincia e levounos a imprimir a *La Voz de Galicia*.

Xosé Manuel Alvite, concelleiro de Vigo, eleito nas listas do PP, fichado logo polo PSOE acaba de culminar con éxito a súa chantaxe a Soto. Pediu 40 millóns para a Escola de Hostelería a cambio de seguir apoiando á maioría municipal e conseguiu 60. Dous días despois o inclito personaxe pediu ser convidado ao congreso do BNG, cousa que non logrou. Desta volta non sairá na foto.

Pedro Rabalderia, ex-traballador da Rádio Galega, xefe de informativos da TVG con posterioridade, premiado cunha emisora de FM polo goberno do PSOE e actual director de Rádio Nacional de España en Galiza, ven de afirmar, durante o anuncio da nova programación de Rádio 4, que emitir en galego durante 24 horas é unha circunstancia que "limita o mercado de ouvintes e que ninguén teña a menor dúbida". Mentres tanto a Rádio Galega, na que el xa non está, acaba de triplicar a súa audiencia. Certo é, todo hai que decilo, que nen o Consello Asesor nen os traballadores de Rádio Nacional deron a súa aprobación ao nomeamento de Rabalderia.

O número 1000 de **Cambio 16** recolle, nun extenso monográfico, a historia recente da transición. Nen unha soa vez aparece citada a palabra Galiza. Perdón, si. Aparece unha vez nun pe de foto. Debaixo da imaxe dun borracho, mexando de cara ao fotógrafo, pódese ler: *Esceas coma esta poden verse a cotío en Galiza*.

0 EXPRESIDENTE Á ESPERA DE TEMPOS MELLORES

González Laxe

'Fíxenlle máis frente a Madrid que Fraga'

■ ALFONSO EIRE

Un ano despois de abandonar a presidencia da Xunta, Fernando González Laxe fai unha análise da súa etapa á fronte do goberno e olla cara o seu futuro político. Considera que, co tempo, vaise apreciar na xusta medida a súa xestión á froete do Executivo e non descarta a volta á presidencia. De momento, rexeita dar a batalla no próximo congreso do PSOE galego contra unha dirección cuxos criterios non comparte, agardando, como parlamentario e senador, o momento propicio para voltar ao primeiro plano da política que, agarda, sexa antes de que "o PSOE se dé o gran batacazo".

Pasado xa case un ano desde que abandonou a Xunta, que recorda como máis positivo da súa etapa de Presidente?

Nós intentámos marcar unha política galega dada a fragilidade da estrutura social, unha fragilidade da estrutura económica e unha fragmentación da estrutura política: tentamos facer un Goberno de xestión e custou traballo que así o entendesen todos os seus membros.

Para buscar unha vertebración da Galiza fixemos unhas leis que eu destacaría en dous grupos de tres: a Lei de Coordinación das Deputacións, a Lei do Sistema Universitario e a Lei de Montes Viciñais en Man Comun, no primeiro grupo; no segundo destacaría a Lei de Reforma da Administración Pública, a Lei do Comercio e a Lei de Cooperación Local.

Que lle gustaría ter realizado durante o seu mandato e non puido?

Avanzar moito máis na transformación do tecido industrial galego. Faltounos tempo para levar a cabo iniciativas como a creación do Instituto do Fomento Empresarial, As Sociedades de Capital-Risco funcionando con capital público e as oficinas de Comercio Exterior.

Definia o seu Goberno como de xestión. Precisamente criticábase esa orientación, a falta de entidade política das accións.

Ese foi o debate que houbo no meu Goberno. A gran discusión que terá que haber pasado o tempo é se, naquel momento, era preciso facer un Goberno político ou de xestión.

Estaba convencido de que había que facer un Goberno de xestión. Historicamente Galiza sempre estivo sometida a dependencias ou a encasulamento da sociedade. As estruturas políticas, por outra banda, nunca acadaron na Galiza unha fortaleza. En terceiro lugar, estamos vivindo de moitos mitos e moitos santóns dos ilustrados, desde Brañas até 1936, e lástima que morresen Viqueira, Manuel António e Peña Novo que eran os mellores intelectuais daquela época.

Tiña bastante medo a que se producise unha división entre os partidos polo que decidín primar a xestión. Isto levou ao PP a situacións tan absurdas como que o único que facían era *dicer chorraditas*, criticando aspectos como a enfermidade de Mário Soares, o dos chaqués ou a compra de coches para a Administración.

Penso que un Goberno político levaría a un remexido de posicionamentos, pero que non contribuíria a desfacer unha imaxe que tiñamos os galegos de nós mesmos.

Pero vostede encontrábase a gusto no cargo de Presidente?

A gusto e convencido do que debiamos facer. Había que reactivar Galiza e fixémoslo nós, fixémoslo

A GRAN DISCUSIÓN DO MEU GOVERNO FOI SOBRE SE TIÑA QUE SER DE XESTIÓN OU POLÍTICO

ben até o punto de o PP non poder entrar nese núcleo compacto.

Pero levou os votos

Non tivo o froito conxunto apetecido pero eu estou satisfeito de que o partido polo que eu me presentaba tivese o maior resultado electoral da historia das autonómicas galegas, acadando practicamente os mesmos votos que cando Felipe González se presentara a Presidente.

Hai uns indicadores sociais que parecen apuntar a que a laboureira do seu Goberno non foi tan boa. Aí está o problema lácteo, que estalou nese tempo con toda a crudeza, a contestación ás celulosas, a perda de caladoiros...

Comecemos polo problema das celulosas. Estabamos contra as plantas de papel de procedimentos



A NOSA TERRA

químicos aínda que si admitiamos para estudo e medición do impacto ambiental a planta de pasta mecánica. En contra da proposta de Feldmülhe e pendentos dos impactos ambientais que presentaba Papelga. Non só era unha razón só medioambiental senón de impacto negativo sobre os aserradeiros e as estruturas forestais do noso país.

No tema lácteo levouse unha defensa activa dos grupos lácteos como Larsa ou Leyma no momento que tiñan dificultades e un apoio ao cooperativismo. O lamentábel é que esa parte importante da produción láctea que se realizaba na Galiza está agora en mans estranxeiras.

No sector pesqueiro hai que saber primeiro que, nestes momentos, dáse unha loita polo espazo marino. Non é tanto que haxa máis ou menos barcos, máis ou menos recursos, senón onde están ubicados.

Parece mentira que os armadores se queixen das importacións de peixe cando son eles mesmos os que están facendo as importacións. Iso non quer dicir que outras Administracións, como o FROM, teñan unha política axeitada.

Pero a capacidade política sua

OS ARMADORES QUEIXANSE DAS IMPORTACIÓNS DE PEIXE CANDO SON ELES MESMOS QUEN AS FAN

non estivo sucuestrada tanto polo seu partido na Galiza como por Madrid?

Dentro de pouco decatáronos de que o meu Goberno foi o que lle fixo frente ao Goberno de Madrid en determinados asuntos. Fraga renunciou aos recursos e retirounos. Eu non tiven problemas nen en mantelos nen en promovelos, nun labor de que cada quen di o que pensa, pero mantendo a coordinación. Desde Madrid axudáronos, nalguns casos, a que tivéssemos condicións diferentes a outras rexións: as ZUR ou a presentación de programas concertados.

Si, pero as ZUR non lograron nen 30 postos de traballo

Foron algúns máis, aínda que fallaran as principais, como a SIV. Resulta curioso que ese mecanismo de captación de capital só fose pa-

'No PSOE galego non hai osíxeno para poder respirar politicamente'

Pensa voltar a ser presidente?

Cada tempo ten as súas persoas. Agora quedame unha *travesía do deserto* na que estarei aí. Pasado un tempo verase que nos dous anos e medio que estiven de presidente Galiza tivo o maior rexurdimento cultural, político e económico. Teño aí ese aval e o tempo decidirá se volto ou non á presidencia da Xunta.

M. Fraga afirmaba nestas mesmas páxinas que só lle contestaba ao Xefe da Oposición, ao señor Laxe. Segue a ser o Xefe da Oposición?, por que non falla?

Non falo porque a oposición non está para incoordinar ao Executivo, para preguntarlle porque inaugura un hotel dous meses máis tarde ou cousas polo estilo. En segundo lugar hai que deixarlle un tempo para que poda demostrar cales son as súas capacidades e a súa reacción fronte aos principais problemas. Tentei deixarlle un ano, onde, sen o meu acoso pudo demostrar a súa xestión. Este tempo está a rematar e ollarei os resultados con lupa. A partir de aí é cando lle plantearé o que considero foron erros de vulto na súa xestión. O camiño que marcou non é tan froitífero como prometeu no Parlamento.

Pero vai ser o Portavoz do PSOE?

Vou seguir no Parlamento galego aínda que discrepe coa liña do meu grupo, pois non se pode ser unha oposición dicindo tonterías, máxime despois de ter asumido unha posición de Goberno. Non

VOU SEGUIR NO PARLAMENTO AÍDA QUE DISCREPE COA LIÑA DO MEU GRUPO. NON ME EXÍLIO EN MADRID

ra o extranxeiro, mentres os empresarios galegos dificilmente acudían a eses mecanismos. Eles tampouco confiaban na comarca do Ferrol.

Sempre se fala de que o problema é das infraestruturas. Tema, por certo, que o seu Goberno deixou pendente.

Nós collémos o Goberno cando xa había a crise das industrias públicas na Galiza: Bazán, Astano, Alvarez, Mafriosa, Propecha e Barreiras. O discurso das infraestruturas sacámolo nós e tamén fixemos o traballo do seu deseño e a súa presentación en Madrid e Bruxelas para a súa financiación e a súa inclusión no PDR.

É evidente que nós chegámos tarde, a chamada mediterraneización non é do ano 1987, xa se viña plasmando anteriormente. Chegámos tamén tarde á sanidade, a

O PIOR QUE LLE PODE PASAR A UN PARTIDO É QUE SE ENQUISTE O APARATO, PERO HABERA QUE BUSCAR UN CAMIÑO PARA CORREXIR ESTA ATITUDE

se pode convidar a Fraga a cear e dicer *chorradas* como fan compañeiros do meu grupo. Iso xa o fixo o PP anteriormente e Aznar está caendo na mesma tentación.

Aínda así o seu futuro político na Galiza non está moi claro

Sigo a ser unha persoa que se adica á política. Agora con máis tempo adicado á investigación e ao estudo da realidade. Esta situación non impede que poda presentar interpelacións, preguntas, ou proposicións no Parlamento. O meu grupo apoiárame nesta labourea.

Que posición vai manter no próximo congreso do PSOE na Galiza. Vaise exiliar en Madrid?

Non me exilio, pero o que tamén é certo é que non me apreseto á reelección dos meus cargos. Deixarei que leven a cabo a postura que din representar outras persoas. Non estou de acordo con ese camiño, pero tampouco os partidos están para que se enfrenten publicamente as persoas como se fose un circo e que a xente pague para velos discutir.

A liña que se vai seguir é de enquistamento, cando o que tiña que facer o PSOE na Galiza é exteriorizar o seu propio pensamento abríndose as capas máis interclasistas, con preferencia as clases traballadoras. Pero iso non o van facer, por iso non me apreseto a nengun cargo.

A xente que proviña das filas do PSG non perderon só as ré-

deas do partido senón a idea que lle querían inculcar?

Alguns non perdemos a idea. Hai outros... adaptáronse a posicións máis cómodas. A estas persoas non vou tentar recuperalas, nen darlles pe a que defendan un modelo do socialismo galego no que non cren.

O peor que lle pode pasar a un partido é que se perpetue o aparato, pois queda burocratizado e non é permeábel nen a ideas internas nen externas. No PSOE galego o que está pasando é que non hai osíxeno para poder respirar politicamente, adaptado aos novos tempos.

Non é que o modelo de baronías fose bon, pero é algo típico, historicamente, dos partidos galegos. No PSOE permitía unha integración de persoas e ideas, froitífero nun determinado momento e que, agora, pode rachar. Isto vai impedir que o PSOE se abra á sociedade a apresetar alternativas concretas e viáveis. Isto é o que vai lograr a tese que vai vencer no próximo congreso.

Así as cousas non parece augurar un futuro moi ventureiro para o PSOE na Galiza...

Haberá que traballar para recuperar a ósmose. Para iso hai que meterlle saiva nova nas bases do partido. Pero non se comprenderá até que non recibamos un tremendo batacazo, pero tampouco e cuestión de deixarlles que o leven, senón estás tirando pedras contra o teu propio tellado.

É difícil buscar un mecanismo para que se corrixan atitudes que nos levan por un camiño que non ten bon fin, pero hai que facelo. ♦

NON SE PODE FACER OPOSICIÓN DICINDO CHORRADAS COMO FAN ALGUNS COMPAÑEIROS

educación e a tecnoloxía. Tiñamos que recuperar un tempo perdido que era demasiado grande.

Queda aínda no ar a pregunta a respecto das súas relacións co seu partido na Galiza

Era óbvio que había diferentes conceicións, pero na etapa de Go-

A PELENGRINAXE DOS BIDÓNS DO CASON DECIDIUNA O MINISTERIO E A CONSELLARIA DE ORDENACIÓN DO TERRITÓRIO

verno mantiven firmemente as posicións e ían adiante as que se decidían desde o propio Goberno. Pero tamén é certo que as conceicións posibelmente gañadoras proximamente estexan moito máis inclinadas a facer política, con minúsculas, que a dicerlle á sociedade galega cales son os programas de goberno, encasulándose no seu propio esqueleto de organización partidária, pero sen apresetarse a sociedade con solucións.

Pero cada debate que se daba no Parlamento parecía que o grupo do PSOE o único que facía era defender a postura de Madrid

Había que buscar saídas que tivesen o acordo de tres partidos políticos.

Houbo un feito significativo, o recurso ao decreto de normaliza-

ción lingüística no ensino. Non lle fixeron unha má xogada?

Penso que non. O Goberno galego mantivo desde o primeiro momento, e non só pola presenza dos grupos nacionalistas, senón de destacados integrantes do meu gabinete, a defensa do idioma. Defendémola até o máximo que marcaba o noso Estatuto. Por apresetar até apresetámos un contra-recurso.

E o tema do Cason? Como podía explicar aquel tráxico suceso, sobretudo nas súas consecuencias posteriores?

Foi un dos feitos da miña etapa que máis me preocupou. Ninguén sabía o que pasaba, aínda que o intentabamos, mesmo me despracei ao lugar dos feitos.

Despois observei a disparidade de criterios existentes entre o Director Xeral da Mariña Mercante e o responsábel da compañía estatal de vixilancia, que ocupara o mesmo cargo; até tiveron que pór orde nas mesmas institucións do Estado na Galiza para que se adoptasen medidas e que se coñecese que podía pasar.

O descoñecemento xerou un certo pánico que, logo, foi alimentado desde moitos sitios: medios de comunicación, colectivos e a propia oposición. Efectivamente fixo dano politicamente.



● **A contaminación, por dioxina** foi denunciada como un dos verquidos habituais das fábricas de pasta de papel ao sulfato durante a presentación da *Comisión de Seguementos* dos vertidos de *Celulosas de Pontevedra*. Esta afirmación do catedrático da facultade de Bioloxía de Santiago, Vieitez Cortizo, provocaría a inmediata reacción do director do complexo de Lourizán, Xosé Garrido, tamén presente na comisión de seguementos, que calificou de *imprudentes* as observacións de Vieitez. O director de *Celulosas* fixo invocación de *traballos cinéticos* que avaliarían que a dioxina liberada pola fábrica de Pontevedra á Ria, se debería medir en partes por trillón.

As dioxinas son un grupo de organoclorados extremadamente tóxicos tanto para seres humanos como para os animais. As probas realizadas por animais demostran que son o axente carcinógeno máis potente que se coñece e perxudica tamén ao sistema reprodutor. Un estudo realizado en Norteamérica por Merhle, Buckler, Little, Smith, Petty, Peterman e Stalling, demostrou que o composto máis tóxico das dioxinas detén o crecemento e finalmente produce a morte dunha troita cando na auga se da unha concentración deste composto de 38 partes por cuatrillón. Esta concentración é a que se podería obter ao deitar nunha pia cadrada dun quilómetro de lado e 10 metros de fondo, 4 pingas de dioxina. ♦

● **Folga na RTVG.** Os Comités de Empresa da TVG e da CRTVG convocaron folga nos medios de comunicación públicos para os días 31 de Xaneiro e 3, 4 e 5 de Febreiro.

Un dos principais obxectivos a conseguir polos folguistas é lograr unha catalogación de postos de traballo que garanta, como mínimo, un número de postos igual para os fixos e os eventuais, denunciando o incumprimento dunha resolución do Consello de Administración da Compañía pola que se tiñan que convocar oposicións antes do 31 de Decembro pasado. Os traballadores esixen que se convoquen estas oposicións.

Outro dos motivos da folga é opoñerse á privatización, que os traballadores califican de gradual e salvaxe, a que se están vendo sometidos os medios de comunicación públicos da Galiza. A privatización afecta a toda a programación, incluída os servizos informativos, para os que están traballando a cotío as produtoras de noticias, o que significa, segundo o comité de empresa, o desmantelamento dos medios públicos".

Os traballadores esixen tamén claridade e trasparencia por parte da dirección da empresa, en cumprimento co recollido no Estatuto dos Traballadores. ♦

● **Ferrol manifestouse.** Unhas dez mil persoas manifestáronse o 22 de Xaneiro no Ferrol reclamando, máis unha vez, medidas que condúzan á creación de emprego e á reindustrialización da comarca. As centrais sindicais tamén convocaran un paro de dúas horas que foi secundado na case totalidade das grandes empresas, no comercio e no ensino.

O anuncio da regulación de emprego en Bazán, a incógnita sobre o futuro de Astano, a retirada da SIV e o continuo peche das pequenas empresas, foron os argumentos esgrimidos para realizar unha convocatoria á que se sumaron todos os sindicatos e partidos políticos, así como os alcaldes de toda a comarca. ♦

Un dano que vostedes contribuírona atizar. Como explica a fantasmagórica peregrinaxe dos bidóns até Alúmina?

Fixose para ter un control maior desa carga, pero foron decisións do Ministerio corroboradas pola Consellaría de Ordenación do Territorio. Non foi un dos feitos máis sobresaintes nos que interveu o meu Goberno.

Moitas das decisións adoptadas por algunha consellaría non obedeceron á súa falta de carácter para impor o seu criterio, mesmo na formación do propio gabinete do que quedaron fora homes tan próximos a vostede como Ceferino Díaz?

Ceferino xogou un papel básico como asesor e indicador de directrices. Que estiveran unhas ou outras persoas foi por buscar o perfil da xente que necesitas. ♦


NOVA FASE EN EUSKADI

Unir aos nacionalistas custou 86 días O novo Goberno basco endurecerá as súas posicións a respecto de Madrid

■ JOSEBA MACIAS/DONOSTI

Oitenta e seis días duraron as reunións, conversas, principios de acordo, desacordos, compromisos, ultimátums, portas abertas, portazos, intercambio de documentos, declaracións e segredos. Por fin, fumata branca; Araba, Bizkaia e Gipuzkoa contarán cun Goberno autónomo no que estarán presentes Euzkadi Euzkerra, o Partido Nacionalista Vasco e Eusko Alkartasuna. O camiño non parece difícil.

Ainda pouco despois da firma do acordo o presidente do EBB Xabier Arzalluz volvia lembrar que o seu partido tería preferido lograr o acordo co PSE-PSOE. Pranto no deserto nun momento sumamente difícil para a vida política vasca. As tensións internas dos socialistas plasmábanse finalmente nun rexeitamento da proposta nacionalista. Non estaban en xogo o reparto de carteiras. Nen sequer as discrepancias estaban motivadas polo desenvolvemento estatutario. O problema de fondo, o que verdadeiramente preocupa aos socialistas, é a perda nos postos clave da administración como é o caso



O Parlamento basco mentres se esperaba polo acordo. O PSOE queda fóra dun Goberno que tratará de elevar o teito autonómico.

das Deputacións. Moito perdeu o PSE-PSOE pero tamén foi afectado claramente o PNV que, pésie á súa vontade, viu como o seu posto de privilexio fronte a Madrid, convertido nos últimos anos no único interlocutor co Goberno español, vense abaixo. O xogo a dúas bandas de Arzalluz incorporando a unha EE que fundamentalmente podería servir de cortalumes á esquerda abertzale, non saíu ben. Finalmente o día 22 de Xaneiro EA convertíase na terceira forza de goberno. O partido de Carlos Garaikoetxea atravesará momentos difíciles.

O forte descalabro electoral do pasado 28 de Outubro sumiu a esta forza política nunha crise da que os datos máis significativos poderían ser un novo trasvase de militantes ao PNV, as friccións entre distintas liñas na dirección ou, máis unha vez, un novo xiro político no que se volve a pechar filas co chamado Pacto de Ajuria Enea potenciando a criminalización e discriminación da esquerda abertzale. O exemplo máis significativo da política mantida polo seu home na Deputación guipuzcoana, Imanol Murua, no longo conflito da auto-

via. Así as cousas, o PNV consegue unha maioría inestábel con dúas forzas que atravesan momentos difíciles. Falouse de Fente Nacionalista, de nacionalismo *light*, de radicalización na vida política vasca... Nada máis lonxe da realidade. É o único goberno posible e o PNV así o entendeu. Outro dado importante: EA quedase coas carteiras de Xusticia, Economía e Educación. Verdadeiras "patacas quentes" nos próximos meses. Paralelamente EE encarregábase de Traballo e Urbanismo e Meio Ambiente. carteiras difíceis tamén, co que se encarre-

gan de controlar os departamentos máis importantes, distribuindo ás outras dúas forzas políticas os ámbitos de traballo que poderíamos considerar máis suxeitos a dificultades *a priori*.

O pacto logrado nesta historia interminábel abre unha serie de interrogantes importantes na vida política vasca inmediata. A postura do PSE na oposición, a posibilidade de manter o equilibrio entre PNV e EA cando aínda non están pechadas as feridas da escisión, as tensións internas en EE que motivarán que cada carteira sexa controlada por unha das dúas tendencias, a presenza de HB nas institucións, a atitude do Goberno central á hora de valorar a política de transferencias, a propia e posíbel radicalización da linguaxe nacionalista das tres forzas en Goberno ante posibles trabas administrativas ou o acercamento dun proceso electoral, a distribución do poder nas Xuntas Xerais e Deputacións.

Estamos sen dúbida ás portas dun momento de convulsión política no noso País por razóns propias e alleas ao marco institucional no que a nova configuración do Parlamento autonómico será sen dúbida importante. haberá que estar atentos aos próximos meses nunha Euskadi na que o propio marco institucional non consegue lexitimarse ante a realidade cotián.

RELACIONES CUBA-URSS

Discurso de Castro sobre as relacións co Leste a a crise do socialismo

"Na URSS hai forzas desintegradoras, pero hainas tamén socialistas"

A situación da Unión Soviética, a continuidade da revolución cubana e a crise económica que se cerne sobre Occidente foron algúns dos asuntos aborados por Fidel Castro no seu último discurso institucional pronunciado na Habana a finais de Nadal.



Cartel propagandístico nunha rua da Habana. Cuba e a URSS veñen de aprobar o acordo de cooperación para 1991. A esperada ruptura non se produciu.

xenuina, autóctona. Unha das máis grandes fazañas da historia da humanidade. Sen aquela revolución, o mundo hoxe podería ser fascista. Sen aquela revolución non habería liberación das colónias e sen aquela revolución o mundo hoxe estaría máis explotado que nunca".

"Nos confiamos neses factores históricos -conclue Fidel Castro-, nesas cualidades e naquel povo. Pero estamos na obriga de dicir unha cousa e prométele. Se a Unión Soviética desaparecera, se na Unión Soviética agomara unha contenda civil, nós seguiremos a defender o socialismo".

Fidel refírese noutra parte do seu discurso á nova situación de Europa, co anuncio dunha fonda crise económica agravada pola situación dos países do Leste: "Pode vir unha onda de desestabilización xeral. Cara onde irán? A calquera parte. Agora non poden brandir a pantasma do comunismo, porque aparentemente é un temor que esvaiu. Cando se dea un cambio social ou estalo, non poderán alegar que é obra da subversión marxista, obra de Moscú. E desaparecida esa pantasma, que van inventar logo para reprimiren aos povos que queren cambios sociais? Porque o capitalismo nada ten que ofrecer a estes países, nada lles vai solucionar".

"O desafío da revolución nesta circunstancia, cos problemas da URSS, é moito máis grande ca o desafío que resulta do bloqueio imperialista e que dura xa máis de trinta anos -comentou Castro nesta alocución. Son atrancos máis grandes e difíceis. Ser revolucionario no ano 1959, ter confianza na revolución daquela, tiña un grande mérito, como no 60 e 61 cando nos foron invadir os mercenarios e apareceron os bandidos e a sabotaxe por toda parte. Nun povo educado durante anos na ideoloxía do imperialismo, do capitalismo, do macartismo, era mérito grande ser revolucionario, e con todo houbera millóns deles. Pero ser revolucionario no de hoxe implica mérito maior e conciencia máis alta. Porque hoxe constitue un acto de confianza, de convicción, de honra, de valor e de heroísmo".

Riscos e perigos

"Claro é que traballamos, loitamos e facemos todo o que facer se pode con dignidade e con intelixencia -di Fidel noutra parte do seu discurso-, para irmos sorteando estes atrancos todos, que non significan que todo estea perdido. Pero riscos hai e hai perigos, e para iso vai ser decisivo que a URSS, coa que mantemos estreitas relacións de colaboración e de mutuo respecto, ten que impedir situación desastrosas. Ben certo é que as novas

que chegan a nós dos propios soviéticos, expresan que a situación é difícil e nos pensamos que realmente está chea de dificultade pero que se pode salvar".

"Hai forzas que queren desintegrar a URSS e facela desaparecer do mapa -sinala tamén o líder da Revolución. Hai forzas que xogan a desintegración e que xogan co perigo de guerra civil. Hai forzas, ben alentadas polo Imperialismo que soñan con arrampar todo o que cheire a poder soviético e todo o que te-

ña sequera lembranzas de internacionalismo. Todo o que cheire a relacións con Cuba. Loitan na dirección. Pero tamén hai forzas na URSS que loitan polo socialismo, pola integración do país, por salvar as ideas da Revolución de Outubro e de Lenin. Así, mentres algúns deitan estatuas, outros levan no máis fondo do seu corazón as ideas de Lenin. Na URSS a Revolución non foi casualidade, non foi importada, foran cales fosen os erros cometidos. Aqueles cambios de raiz procedían dunha revolución

NACIONES SEN ESTADO EN EUROPA

A CEE debería sancionar ao Estado español por intransixencia coas nacións peninsulares

Os dereitos nacionais deben primar no Báltico

■ M. VEIGA

As recentes afirmacións do presidente Gorbachov de que os sucesos do Báltico son unha *traxédia*, desvinculándose dos mesmos, pode ser ou non sincera, pero desde logo era imprescindíbel. Gorbachov sinalou tamén que "só se pode aspirar ao poder por medios constitucionais, calificando de "inadmisíbel" calquer exortación á utilización das Forzas Armadas.

As aclaracións chegan un pouco tarde, após das mortes en Vilna e Riga, capitais respectivas de Lituania e Letonia, e da saída á luz de supostos Comités de Salvación. Isto é importante dado que de nengun modo pode resul-

tar asumíbel a substitución da vontade maioritaria dos cidadáns por medidas coercitivas dirixidas desde o centro. Ao marxe de oportunidades tácticas é inadmisíbel a supresión dos dereitos nacionais en base a supostos factores de clase ou a argumentos como os de que en Lituania estaba emerxendo "unha ditadura burguesa".

É apropiado lembrar que o goberno revolucionario ruso, con Lenin á fronte, recoñeceu en 1920, a independencia de Finlandia, mediante o tratado de Tartu, após de ter vencido as forzas burguesas, maioritarias no país, ao exército vermello.

Esquecer este punto de vista da análise significa aliarse con posicións que historicamente combateu o nacionalismo, como as que no Estado español defendeu o PCE. Un Estado progresista, desde o punto de vista de clase, non é necesariamente ga-

rante dos dereitos nacionais, como os acontecementos actuais dentro da propia URSS viñeron demostrar, dando a razón así aos partidos e forzas nacionalistas.

Motivos importantes de preocupación para Gorbachov

Deixando sentado, xa que logo, que unha nación ten dereito á independencia ou ao grado de soberanía que ela mesma se marque, cabe analizar os erros tácticos que ambas partes cometeron. Gorbachov ten razóns importantes para preocuparse pola estabilidade no Báltico, aínda que non para intervir militarmente, nen para desprezar á opinión maioritariamente nacionalista.

Os erros cometidos fundamentalmente polo presidente Landsbergis, como sinalabamos xa no

número anterior, conduciron a unha declaración de independencia e separación unilateral, através do método tan espontáneo como irreal de sair ao balcón a colocar a nova bandeira. A maiores, a difusión de armas entre os cidadáns das tres repúblicas colocou novos motivos de risco, nun contexto complexo de por si.

Convén ter en conta, para analizar o punto de vista de Landsbergis, que o Estado Soviético ofrece, máis o seu centralismo, unhas posibilidades de diálogo, neste momento, notablemente superiores ás existentes en calquer outro Estado occidental, poñamos por caso en Irlanda do Norte ou Euskadi.

Autodeterminación: no Báltico si, en España non

Neste sentido, e como naciona-

listas do Oeste, reclamamos xa medidas coercitivas da CEE contra o Estado español que coarta día tras día os dereitos das nacións que viven baixo o seu pavillón.

Non estaría de sobras o facer memoria sobre siléncios como os do Tribunal de Estrasburgo, ao pé da expulsión de tres deputados do parlamento galego, democráticamente eleitos, pero excluídos transgredindo canta norma legal existía naquel momento.

Poidera ser, con todo, que tal e como o presidente alemán, Kohl, sinalou con sinceridade na última reunión da Conferencia de Seguridade e Cooperación Europeas, o dereito de autodeterminación sexa susceptíbel de ser limitado a determinadas áreas xeográficas, segundo conveniencia das potencias interesadas. ♦

A ESTRATÉXIA DA FSLN NA OPOSICIÓN

A UTOPIA CONTINUA EN 1991

TOMÁS BORGE

1990 non pasará inadvertido para quen escriban a nosa historia porque, máis ás pintas solares, foi o ano no que agromou a paz en Nicaragua.

Por iso desexamos que 1991 sexa o ano no que se consolide esa paz, paz á que consagramos esforzos, renúncias e sacrificios, paz que procurou abeiro navegando nun río de sangue, paz que segue a ser un soño posíbel.

Sen perder o humor e a ledicia de vivir, trambilqueando entre os vestixios da guerra de castigo e o bloqueo co que se tentou domesticar a nosa búscula, temos arribado á crise máis magoante de cantas se lembran nos anais das nosas plagas económicas.

Esta realidade obríganos a todos a ser sensatos e buscar o que se deu en chamar concertación; ou sexa, o entendemento entre os interesados en localizar algo máis que solucións analxésicas e transitórias ao drama da pobreza.

Entre os obxectivos da Frente Sandinista de Liberación Nacional están a procura simultánea do alivio inmediato e de solucións prolongadas e, na medida na que o termo o resista, de respostas estratéxicas e mesmo históricas.

En adiante, os nicaraguanos debemos traballar unidos polo alento da prosperidade.

Prosperidade non semente para grupos determinados pola linaxe e a postura política, senón en especial para os que teñen apelidos comuns e carecen de mans longas para pillar as uvas do banquete.

Unha prosperidade para todos, sen demagoxia nen politiquería, sen pregos á resignación nen promesas de vida eterna, unha prosperidade apegada aos horizontes e ás limitacións da concertación, pois non hai que perder de vista a natureza do goberno, o seu contido de clase.

A concertación -coas súas contradicións, denuncias, enfrontamentos- non é allea ao sostenimento dunha política de principios.

Sen converter a nosa actitude en encerrada negativa a toda medida governamental, ubicando as máis intencións, desbotando pantasma e suspicacias, compre tracear unha liña opositora coherente e limpa de toda sospeita, isto, e non outra cousa, é oposición construtiva.



A nosa aceptación ou rexeitamento dunha medida -ou conxunto delas- depende da análise responsable de obxectivos inmediatos, intermédios e a longo prazo.

Ademais, non debemos terlle medo ás apariencias aínda que tampouco estas merezan seren despreziadas. Os sandinistas estamos obrigados por mandamento ás aclaracións oportunas, precisas.

Se os intereses populares nos esixen o apoio a unha acción de Goberno, non debemos vacilar en outorgarlle, ao mesmo tempo, resulta necesario ser cuidadosos con certas *políticas intelixentes* que, doadamente, poden facernos cair a rebolos polo precipicio do oportunismo.

Non propoñemos, nen aceptamos o co-goberno, non somos colaboracionistas, non procuramos un sitio baixo os reflectores, a nosa conduta é ditada semente polas necesidades populares, nós alumamos con luz propia.

Esta luz que, entre outras cousas, é a experiencia, está a disposición de aqueles programas ou políticas gubernamentais que beneficien ou defendan ao povo.

Esta conciencia da nosa dignidade e influencia é o único xeito de ser sérios, como o fomos sempre con independencia dun ou outro momento de incertidume, de inflexibilidade, de arrogancia.

Nalgo de todo iso temos pecado, como confesamos ollando de fronte á historia. Do que non se nos pode acusar sen irrespetarnos é de seren suxeitos enmascarados cunha dobre moral. Os fariseos son outros.

O certo é que debemos encarar a inflación, a carencia de terras, a recesión, a falta de seguridade social, o desemprego, o alza do custo da vida, as deficiencias e desviacións nos sistemas de saúde e de educación, sobretudo, as esixencias externas para a aplicación de programas de axuste inhumanos.

E iso hai que facelo con olfato unitario, con espírito nacional. A axuda externa non chegará na cantía e a calidade requiridas e os nosos primeiros pasos cara o desenvolvemento dependerán da nosa

coraxe e disposición ao sudor.

As limitacións de recursos obríganos a emprender programas económicos de curta maduración, modestos e rendábeis. Os excedentes derivados impoñen o aforro e o reinvestimento. Mais estes propósitos precisan dunha diáfana e invulnerábel estabilidade.

A nosa constitución, a integridade e carácter do Exército Popular Sandinista e dos órganos do Ministerio da Gobernación, constitúen a garantía do Estado de Dereito, o libre movemento dos alfis no complicado xadrez da democracia.

Un xogo que, no noso caso, gaveou a gran ventaxa de se propoñer o xaque mate non á rainha -a falla de rei ou de emperador- senón ao reino da pobreza e o atraso.

Non recoñecer estes acapites da nosa realidade e violentalos, equivale a emprender o desafío dunha crise desproporcionada, a desbaratar o taboeiro e voltar a empezar.

1991 está povoado de pantasma, moles ociosos, pantanas ultradereitistas, presións extranxeiras, novos intentos de retroceso histórico e, no interno da FSLN, de discusións programáticas.

Insistírase na reconciliación nacional. Para uns, esta palabra engaiolará unha magnífica intención, para outros, será un instrumento para satisfacer apetitos persoais. Desde a óptica da FSLN, a reconciliación é, debe ser, unha ferramenta para establecer as bases dun novo xeito de facer política.

Condicións para que a FSLN retome o Goberno -o noso obxectivo estratéxico dunha sociedade superior continua no horizonte, inmune á ferruxe e ao desmaison a unidade interna, a democratización e a creación dun programa descendente do histórico que navegue nestes tempos como golfoño na auga.

Sen dúbida, a utopía persiste. É a mesma que matinamos nas beiras do Wanki, nas montañas de Pancasan. Nestas ou noutras circunstancias, non abandonaremos o noso vello soño.

Mantivemola en alto cando nos torturaron, ergueuse entre as barricadas, sobreviveu á erosión do poder e ás desilusións. A utopía continua. ♦

Tomás Borge, fundador da Frente Sandinista, foi Ministro do Interior de Nicaragua e hai pouco tempo publicou a novela *La paciente impaciencia*.

**SE OS INTERESES
POPULARES NOS ESIXEN
O APOIO A UNHA ACCIÓN
DO GOVERNO,
NON DEBEMOS VACILAR
EN OUTORGARLLELO'**

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.
Consello de Administración: Presidente: Francisco Carballo. Vice-Presidente: Antón Fernández Sánchez. **Conseleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretario:** Pancho Torrente. **Vogais:** Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñanor, Cesáreo Sánchez, Pancho Torrente, Xosé M^a Dobarro, Xosé M^a Salgado, Norberto Tabares, Carlos Xohán Díaz e Xoaquín Acosta.
Director: Alfonso Ere López.
Redacción: Gustavo Laca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa.
Correspondentes: Antón Prieto, Miguel Rodríguez Bertojo (A Coruña), Los Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Compostela), Enrique Sanju, María Xesús Arias (Ferrol), Francisco Arriazo (Lugo), Xosé Castro Raton (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantinos), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortega), Desiderio Martínez Silva (Dizal), X.M. Suárez Estevez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Temez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Cha), Xosé Carlos Vilar (O Barbanza Norte), X. M. Santiago Cagigal (O Barbanza Sul), Manuel Díaz (Meide), Xosé Ramon Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macías (Euzkadi), Alberto Cruz, Teresa Todri (Madrid), Joan Retana (Barcelona), Maribel Lúgide (Asturias), Gonzalo Nuro (Porto), Deportes: Víctor Miguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo), Cultura: Lino

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Baxe (Lugo), Xavier Fernández Mateo (Ourense), Manuel Carballido (Madrid).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Manuel Rivas, Margarita Ledo Andion, Xosé A. Gacino, Xurxo Estevez, Xesús Vigni, César Varela, Xosé M. Salgado, Suso Prieto, Domingos Prieto, Alfonso Rivas, Vitor Vázquez, Antón Mascato, Manuel Luero Rey, Francisco A. Vidal, Carlos Oliveira, M. Foxcadelá, X.L. Iglesias, Internacional: Xulio Ríos, Fernando Carballa, Mariano Aguirre, Carlos Tabo, Manuel Vilar, Eric Ducheteau, Carlos Duram, Xesús Cambre Marino, Begona Mui, Juan Carlos M. Betelu, Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. Deportes: R.Rivera.
 Humor: Xesús Campos, X.X. Pheiro Cochón, Psicoloxía: M. Fernández Bianco, Libros: Xesús González Gómez, Xosé M. Ere, Miro Vilar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán, J.A.M., Xaquín Agulla, Bernardino Graña.

Música: Xoán M. Estevez, Xico Peña, Xoán M. Carreira, Arte: Fernando Feno, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane, L. Gersono Cadarso, Cine: Gorvato Vilas, Celso López, Televisión: Alexandre Banhos, Arquitectura: Plácido Luvancos. Historia: Francisco Carballa, Anselmo L. Carreira, Xesús Torres.

Fotografía: Anxel Iglesias, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Lois Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino VV, Xosé M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Cairos Sílvar, Ferrero, Feló, Xulio Garoso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Agencias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Ramón Brea Salgueiro.

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Tel: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Promoción: César Pazos.

Dirección e Administración: Rúa Pontevedra, 4-5^a (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Telefonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Fax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas súas páxinas respectando a independencia dos seus autores; non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedencia.

CARTAS

O TRAZADO DA AUTOPISTA EN BETANZOS

A evolución social fai necesarias unhas vías de comunicación amplas, rápidas e directas, das que noso país non pode, evidentemente, ficar á marxe. Non cuestionamos, pois, partindo desta premisa, a creación, arranxo ou ampliación das mesmas.

Recentemente deuse a coñecer o proxecto do trazado da ampliación da Autopista do Atlántico entre Guisamo e Fene. Desta vez, a propia empresa, nunha política de portas abertas que contrasta coa de tempos pasados, deu a coñecer através de planos e montaxes fotográficas o futuro trazado, facendo moito fincapé no interese de evitar custes sociais e conflitos. Din que esta opción -entre outras que estudaron- era a que menos custes sociais representaba, supoñemos que para eles. Neste caso resulta tan evidente que a Autopista vai discorrer, dende o regato de Miodelo, ao longo de quilómetro e medio de marisma para logo salvar a ría por un viaduto con pilotes.

Alguns concellos afectados por este trazado mantiveron xuntanzas e xa manifestaron a súa postura contraria ao proxecto, por considerar que non é o máis axeitado. Tamén algunha agru-



pación ecoloxista manifestou o seu rexeitamento coidando que as marismas e a ría de Betanzos íanse ver seriamente afectadas. Polo momento, o concello betanceiro aínda non fixo pública a súa postura, quizá escudándose en que o trazado previsto, ao pasar polo río de Miodelo, lindeiro con Betanzos, non discorre polo noso concello. Coidamos que é dunha grande miopia e estreitez de miras pensar que a Betanzos

só lle afecta o que ocorre dentro dos seus pequenos lindes. Deberíalle preocupar, e moito, a futura conservación das marismas e da ría -declaradas recentemente como espaciao natural protexido, aínda que só no papel, polo visto, máxime cando os nosos municipios veñen falando tanto da recuperación marisqueira da ría de Betanzos, levando a cabo o famoso plan do ex mariscador betanceiro retornado da emigración.

Sabido é que a industrialización e o progreso atópanse a miúdo enfrentados coa Natureza. As administracións e os gobernos deben procurar que o impacto ambiental sexa o menos traumático posible, aínda en perxuício de encarecer os custes económicos. Estes, a longo prazo, sempre poderán ser amortizados, mentres que os danos ecolóxicos, na inmensa maioría dos casos, son irreversíbeis.

É evidente que os custes sociais, para Autopistas meramente económicos e de imaxe, venise amplamente reducidos co trazado escollido. Para nós, os custes sociais van máis aló da mera expropiación ou o abaratamento dos gastos.

A destrución dunha marisma coma esta e o deterioro dunha ría chocan frontalmente coa existencia dun ben natural que é patrimonio de todos os cidadáns e de todas as xeracións.

ANDRÉS OTERO (BNG)
(Betanzos)

MESA DA FUNCIÓN PÚBLICA

As organizacións sindicais CC.OO, CIG e UGT representativas na función pública da Galiza, manifestan nesta nota a súa repulsa pola atitude da Administración no acto frustrado de constitución

da Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma de Galiza de hoxe, atitude que calificamos abertamente de irregular polos motivos que enumeramos:

1.- A Administración tentou de impoñer a presenza de CSIF na composición da mesa, cando segundo os resultados eleitorais na función pública autonómica non acadou o 10% dos delegados, requisito esixido pola lei para compoñer as mesas.

2.- Esta situación leva á non constitución desta Mesa Xeral nen das sectoriais correspondentes (administración, ensino, universidade, sanidade), co que será unicamente responsabilidade da Administración a inexistencia ou o retraso na formación dos foros de negociación dos empregados públicos, e da conflictividade que poda xerar isto.

3.- Denunciamos o que parece ser un intento da Administración por salvar, dunha maneira certamente caciquil e torpe, os maos resultados eleitorais da CSIF.

4.- Esiximos a urxente convocatoria do acto de constitución da Mesa Xeral e das mesas sectoriais, atendendo a unha legalidade que a Administración é a primeira obrigada a respectar.

BENEDICTO GARCIA (CCOO)
XOSÉ M. IGLESIAS (CIG)
e LUIS A. SUAREZ (UGT)

SUSCRÉBASE A A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(Para remitir a A Nosa Terra unha vez cuberto en MAIÚSCULAS)

NOME
 APELIDOS
 ENDEREZO
 TELÉFONO
 POVOACIÓN

Suscríbame ao periódico A Nosa Terra por un ano/semestre ao prezo de:
 Galiza/Estado/Portugal 5000 pta/ano. 2600 semestre
 Europa 6700
 América e resto do mundo 8500

a) Suscripcións para o Estado español.
 Talón bancario adxunto.
 Reembolso (máis 165 pta.)

b) Para o resto do mundo.
 Cheque bancario adxunto.
 Xiro Internacional a nome de A Nosa Terra. Apartado 1371 - Vigo.


PAGO DOMICILIADO, NESTE CASO COBRIR OS DADOS DO BOLETÍN ADXUNTO.

BANCO / CAIXA DE AFORROS
 CONTA / LIBRETA
 TITULAR CONTA OU LIBRETA
 NÚMERO DA SUCURSAL
 POVOACIÓN
 PROVINCIA

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA

ATENTAMENTE (ASINATURA)



A información que paga a pena ter.

A exposición *Galiza no tempo*, que se inaugurou o xoves 24 de Xaneiro e se prolongará, en principio até Abril,

entra no contexto dun amplo e cobizoso plan de divulgación e restauración do noso patrimonio cultural e quer ser

a divisa principal da política da Consellería de Cultura. Durante varios meses, con prolongacións

posteriores nos anos 92 e 93, o recinto de San Martiño Pinario convértese, espectacularmente acondicionado, en

espacio privilegiado de exposición da nosa memoria cultural desde o *Idoliño de Dombate* até as obras máis contemporáneas.

Galiza no tempo, a máis ambiciosa exposición da arte galega no marco de San Martiño Pinario


‘Conseguir que os galegos teñan orgullo do seu pasado’, Xosé Manuel Iglésias, comisario xeral

■ XAN CARBALLA

Desde o xoves 24 Santiago de Compostela convértese, máis unha vez, en verdadeira capital cultural de Galiza. No enorme espazo, rehabilitado en parte, de San Martiño Pinario, poderase contemplar unha mostra extensa da arte galega, desta volta centrada no terreo da escultura. Desde o “Idoliño de Dombate” a peza galega máis antiga que se coñece (cedida polo Museo Arqueolóxico da Coruña) até as obras dos artistas contemporáneos *Galiza no tempo* percorre en diferentes planos todas as etapas da nosa arte desde *As raíces*, que aluden ás orixes e nos levan desde a Prehistoria á romanización coa que se vincula o proceso de cristianización; *O camiño*, concepto clave que reúne unha fase que se inicia no século XI e que volcará á Europa peregrina en Compostela levándonos até o século XV, *A nova identidade*, que é a denominación elegida para fase final da mostra alude á última época dunha historia que, se se contempla desde San Martiño, discorre desde o tempo en que se desmorona o sistema socioeconómico que amparaba a súa vida monacal até o presente, nos umbrais do novo milenio; a cuarta fase é a que abre o camiño do espectador que durante dúas horas longas se pon a camiñar pola pedra reformada de San Martiño: *O esplendor*, coa espectacular presenza do retábulo central restaurado. O propio conxunto de San Martiño Pinario serviuse do proceso de restauro que acompañou a todo a fase de montaxe da mostra, que en palabras de Xosé Manuel Iglésias, comisario xeral da exposición, é a filosofía de fondo do proxecto “seguir un proceso paralelo entre o labor de recuperación e mellora do noso patrimonio artístico; aproveitar uns investimentos, que en conxunto non superan os 300 millóns de pesetas, para ir criando infraestruturas museísticas, de maneira que este recinto mesmo pode ser no futuro a sede dun Museo Sacro que Galiza precisa”.

Unha colaboración estreita coa Igrexa

Non podería realizarse nunca unha mostra semellante sen o convenio previo das autoridades eclesiásticas e a Xunta. Non só polo marco no que se realiza a mostra, tamén pola cesión dunha porcentaxe moi elevada das pezas mostradas, “en *Galicia no tempo* intervén decisivamente o patrimonio cedido pola Igrexa, que ten espallada por parroquias de todo o país unha inmensidade de obras, que logo da exposición regresarán melloradas pois que neste proceso sometéronse a un proceso de restauración e mellora, no que interviñeron, para asesorar a personal galego, espe-



Cúpula da Sacristía de San Martiño Pinario.

cialistas vidos desde Florencia”

“A aportación da Igrexa tamén veu pola vía de tres asesores relixiosos e na propia comisión executiva esa presenza é manifesta. Tamén a doutras institucións museísticas”. Na estea dos tres comisarios baixo a dirección de Xosé Manuel García Iglesias, están Anxel Sicart Giménez, responsable do tratamento de obras e da exposición *As raíces* e Xosé Carlos Valle, comisario para material didáctico e da exposición *O camiño*.

“A montaxe dunha exposición deste tipo mobilizou nestes meses a máis de duacentas persoas. A formación desa equipa humana foi especialmente coidada e ao pé do comisariado houbo un grupo importante de documentalistas, res-



Vaso do tesouro de Caldas de Reis.


tauradores, persoal especializado en museos e exposicións, equipos de televisión, fotógrafos... Desa maneira procurábase converter a exposición nun centro de aperfeiçoamento e especializar a un numeroso grupo de profesionais vinculábeis no futuro ao labor de restauración”



Xosé Manuel Iglésias, comisario xeral da exposición.



Imaxe do Coro Pétreo da Catedral de Santiago.



Obra de Jorge Barbi, madeira.

A elección de San Martiño Pinario

O marco elegido para realizar a mostra é espectacular e xustifícase abundantemente, “a Igrexa levaba xa varios anos afastada do culto diario e a súa construción e o conxunto de retábulos, coros e pintura mural atopábase nun importante grao de deterioro. Abordouse así a rehabilitación de todos os espazos deteriorados, algúns como a asa este do claustro seglar practicamente na ruina convertíndoo nun espléndido circuito de exhibición. A zona das Tullas, coas columnas ategadas da terra até media altura, e cunha baixada de augas que aumentaba as dificultades, agora está completamente limpa e mesmo se aproveitou, en troques de canalizala, esa baixada estacional de augas para instalar unha pequena fonte. A acción sobre San Martiño é o paradigma do que representa toda a exposición, todo o proxecto, de *Galiza no tempo*: expoñer, rehabilitar, formar persoal especializado e dar a coñecer o noso patrimonio”

Un proxecto con futuro

A fase inicial desta exposición é adicada á escultura e á imaxinería en xeral e estará aberta ao público “cando menos até Abril, aínda que de dependerá do éxito que se poda extender. De feito unha das nosas preocupacións principais foi chegar a todo tipo de persoas, e moi nomeadamente aos nenos e á mocidade, a unha memoria cultural que nos ten que facer sentir orgullo como galegos. Así foi que se realizou unha unidade didáctica da que se editaron 50.000 exemplares e se elaborou unha serie televisiva de trece capítulos que despois vai servir para que en centros de ensino e todo tipo de entidades culturais se teña acceso a uns vídeos de divulgación de primeira man”.

O material editado para *Galiza no tempo* inclúe un disco con música especialmente composta e producida para a ocasión polo grupo *Milladoiro*, un diaporama de 10 minutos que percorre sinteticamente a exposición e un voluminoso catálogo de preto de 500 páxinas que percorre non só todos os aspectos da exposición, senón que mostra o proceso da súa montaxe e serve de introdución á historia de arte galega con traballos de A. Sicart; Iago Seara, que aborda o proceso de restauración e rehabilitación arquitectónicas; J.M. Xarrié Rovira, cun informe técnico sobre a conservación de retábulos e imaxinería; J.J. Mácula e P. García-Ramos, sobre o deseño da exposición; Francisco Fariña, sobre a secuencia histórica de San Martiño e M.D. Vila Jato sobre o esplendor do mosteiro. Os outros traballos do catálogo, expostos cronoloxicamente, inciden nas catro áreas da exposición con traballos de F. Calo, F. Arias, F. López Alsina, J. Yarza, P. Saavedra, M.D. Vila Jato, X.R. Barreiro, e J.M.B. López Vázquez, combinando en todos os casos unha introdución histórica cunha explicación das obras expostas e o período artístico tratado. Complétase coas biografías dos artistas e unha completa bibliografía. “O catálogo ten versións en sete idiomas (galego, castelano, francés, italiano, alemán, portugués e inglés) e é un esforzo a maiores para que a repercusión da mostra e o coñecemento do noso país trascenda as nosas fronteiras e realmente non haxa ningún obstáculo que impida esa comunicación”.

Se a segunda etapa de *Galiza no tempo*, para o 1992, estará adicada á pintura, Xosé Manuel García Iglesias, cree que a culminación deberá ser no 1993 cunha mostra adicada ao Camiño de Santiago.

A espectacularidade da mostra, con posibilidade de poder ver reunida nun só recinto a historia da arte galega, converte en *Galiza no tempo* en punto de pelengrinaxe. ♦

Segundo Anxo Tarrío, *Breixo* de Alfredo Conde apresentouse a un concurso en castellano antes de publicarse en galego

'As eleccións comprometidas pechan portas, e os escritores galegos teñen que optar', di Carlos Casares

■X.C/G.L.T.

A polémica sobre o monolingüismo dos escritores galegos, posta de actualidade polo Premio Nadal a Alfredo Conde e á súa obra en castellano "Los otros días", foi acougando, non sen fogueira verbal do autor e outros críticos e escritores. Case entre liñas un dos polemistas, o crítico Anxo Tarrío, denunciaba: non é a primeira vez que Alfredo Conde escribe en castelán para un premio.

Nas declaracións efectuadas a A NOSA TERRA Alfredo Conde xustificaba o silencio con que se presentou ao Nadal dicindo "Non me gusta ser un perdedor". Porén, en boa lóxica con que se presenta a certames literarios, o escritor alaricano xa experimentou o *ácido* sabor da derrota. O crítico Anxo Tarrío lembraba nun artigo no *Co-*



Alfredo Conde.

rreo Gallego o que Alfredo Conde lle relatara sobre o texto de *Breixo* escrito primeiramente en español. "Non hai moito máis que contar - explica Tarrío. O que escribin é o que Alfredo Conde me contara en relación con ese premio: atopeino á saída dun acto público, no ano 1981, e díxome que a Torrente Ba-

llestre lle gustara moito un relato que el escribira para un premio de Sevilla ou de Murcia, non estou seguro, e pedíume que o lese. Tratábase de *Breixo* que despois traduciu ao galego. Naquel concurso quedara de finalista. Non podo precisar de que concurso se trataba, quen podería explicalo é o autor."

Para Tarrío, o autor de *Xa Vai o Grifón non vento* vive un proceso de ensoberbecemento. "Intimamente pode crer que non lle debe nada ao país, pero de feito débelle todo: entrou na política polo feito de ser coñecido como autor en galego, cando ninguén sabía del antes".

Non banalizar o debate

Carlos Casares, noticia permanente nestas semanas de debate, saíu na prensa durante un xantar de *reencontro*, "aceitei porque realmente que teña unha opción distinta á miña non ter porque converterme en incivil. Pero manteño, por suposto, unha discrepancia clara con Conde. O conflito é serio e banalizouse en certo aspecto ao analizarse só o dereito persoal, que ninguén pode discutir, a tomar unha decisión. Sorprendeume constatar que en sectores ligados ao galeguismo ou ao nacionalismo galego, non esteña claro. O de Conde é só un detonante dunha discusión máis fonda, dun problema serio da cultura galega e o monolingüismo dos seus escritores. A única opción interior, que non sexa manipulación da lingua, ten que ser a do galego. E todo depende do escritor que un que-

ra ser. Se queres ser escritor profesional pode estar condicionada a tua opción, pero sendo consciente disto un ten que optar. Comprendo que quen quera vivir da literatura pode estar obrigado a unha escolla, pero calquer elección de compromiso pode estar pechando portas. E hai que asumilo. No franquismo quen optaba pola oposición sabía que iso implicaba uns custos. Pero Alfredo Conde, aínda que manifeste vontade de seguir ese camiño da profesionalidade, hai nove anos que é deputado e ten ese salario institucional, como durante un ano tivo o de Conselleiro. En calquer caso se se opta hai que facelo sen medo e sen necesidade de xustificacións e tal como se presentou non quedou nen claro en que idioma fora escrita a novela. De feito á hora de editala en galego, se decide facelo finalmente, terá que xustificar a versión".

Carlos Casares lembra a utilización do nome de Cunheiro como paradigma de escritor en dúas linguas, "Cunheiro foi primeiro poeta en galego, logo da guerra, e tamén por razóns profesionais, escribiu en castellano, para finalmente decidir agasallar a Galiza coa súa obra en galego".

A Universidade de Santiago lanza un ambicioso programa cultural coordenado por Miguel Cándido e Xosé R. Barreiro

A Universidade de Santiago ten iniciado, cunha conferencia de Agustín García Calvo, as súas actividades culturais neste ano, englobados, baixo a coordinación de Xosé Ramón Barreiro e Miguel Cándido, nun Foro da Universidade de Santiago de Compostela. Na declaración de intencións o Vicerreitor de Política Cultural fai referencia á función social da Universidade "que ten como base o potencial da cultura galega, a súa realidade nacional. Isto non implica -engade Barreiro- o seu aillamento e marxi-

nación, unha atitude etnocentrista, ensimismada, que non mire máis aló dos seus narices. Pola contra, o Foro Universitario, desde Santiago e Galiza nace cun afán eminentemente universal e aberto a todas as culturas e sensibilidades".

Aínda que o programa de actividades non está completado en pormenor para este ano que andamos están previstas as seguintes áreas temáticas: *Pensadores, científicos, investigadores e artistas (galegos, españois e doutros países) diante*

da realidade social a fins do século XX. A política a debate. Análise crítica do funcionamento político na Galiza e España, con participación de líderes políticos, expertos,.... *Galegos no exterior* (Ignacio Ramonet, director de *Le Monde Diplomatique*, científicos, artistas, empresarios, políticos, profesionais...) e *Xornadas sobre Portugal: urbanismo, cultura, socioeconomía, pensamento, arte, música*.

Entre os temas pendentes estarían "Comprometerse literariamente",

"O rexurdimento das relixións: cristianismo, islamismo, xudaísmo", "A nova orde económica e política internacional: o conflito do Golfo", "A crise do comunismo, a crise da democracia: a volta coa historia", "Urbanismo na Galiza: legalidade e realidade urbana-vivencial", "Culturas galegas ou cultura galega?", "Política forestal na Galiza: as funcións ecolóxicas, recreativas e económicas do monte", "O contrabando, o narcotráfico na Galiza no marco da economía casino, estupefaciente...", "O dereito de autodeter-

minación a debate", "Cultura en movemento e movida da cultura", "A volta co galego e as súas normas", "O exército e o servizo militar", e un longo etc... de temas apuntados desde o propio vicereitorado que pede suxerencias que se poden dirixir ao *Foro da Universidade de Santiago, Vicereitorado de Política Cultural, Casa da Balconada, Rúa nova 6, Santiago*.

Entre os integrantes da comisión, ademais dos anteditos, están Elías Torres, Germán Sierra e Uxío Uriarte.

Exposición das mellores fotografías da *National Geographic* Desde o 6 de Febreiro na Casa das Artes e a Historia de Vigo

Duascentas sesenta e seis fotografías realizadas entre 1880 e 1985 pola *National Geographic* poderanse ollar desde o 6 de Febreiro nunha mostra antolóxica realizada por 150 fotógrafos que así comemoran o centenario da sociedade. Entre os nomes dos autores algunhas firmas lendarias: o explorador polar Robert Peary, Hiram Bingham (cuxa expedición descubriu o Machu Picchu no 1911) ou o astronauta Eugene Cernan, un dos poucos que puxo o pé na lua.

Fundada no 1881 en Washington a *National Geographic Society* durante este século de existencia financiou máis de 3.300 exploracións e proxectos de investigación e en moitos casos foi pioneira na exploración xeográfica e no ámbito do descubrimento científico mundial.

Odyssey, que é o nome da exposición, presenta imaxes insólitas de animais, unha biblioteca de lamas tibetanas fotografadas no ano 1925, antes de ser destruída polo lume, os efectos dunha bala que atravesou tres globos consecutivamente, os quiosques ategados de revistas no París da posguerra... A

mostra foi organizada por The Corcoran Gallery of Art de Was-

hington e visitará Galiza no contexto dunha *tour* mundial que fina-

lizará no Xapón. A organización galega corre a cargo do Concello

de Vigo e a Fundación da Caixa de Pensións.



TELEVISIÓN


A guerra: un espectáculo maravilloso

A unha semana e pico do comezo da Guerra do Golfo, xa se verteron rios de tinta e multitude de comentarios sobre a súa incidencia en precedentes nos medios de comunicación, e en especial no televisivo. É xa comentario xeralizado na rúa que o seguimento informativo do conflito se asemella en máis dun aspecto ao dun evento deportivo. E isto non tanto polas continuas conexións e o afán polo "direito" prevalecendo ante outro tipo de análise, senón tamén polo propio xeito informativo empregado e pola certa trivialización verbal usada por máis dun presentador nestas xornadas bélicas.

Non é así casual que un dos que mellor se desenvolvesen nas primeiras horas de ferverza informativa fora o informador deportivo Matías Prats, metido agora noutros eidos das noticias. A súa dilixencia coas conexións coas distintas capitais implicadas nas hostilidades non debeu resultar tarefa moi complicada a quen está familiarizado coas realizadas nun Domingo de liga aos distintos campos de xogo. Ao fin, pouca diferenza media entre o campo de fútbol e o de batalla cando ambas actividades se miran cun similar raseiro de espectáculo.

Así, pasada un pouco a comoción das primeiras horas, o propio Matías junior permítese calificar o funcionamento das sofisticadas armas estadounidenses como de algo que "case maravillaba". Impresión directamente emanada dun vídeo proporcionado polo propio exército iranquí, que tivo un inmediato efecto de "verdade" sobre boa parte da audiencia, co que non foi raro escoitar comentarios ao día seguinte de que "os bombardeos eran estritamente selectivos", como tal filmación probaba.

Semellantes descoidos verbais tiveron outros responsábeis de informativos, como Sánchez Ocaña, quen cun sorriso comentaba ante unhas declaracións de Gadafi, que o líder líbio parecía "apaciguado" despois das bombas americanas recibidas hai uns anos. Ese programa, no que Fernando Morán e un arabista se esforzaban por atopar as raíces do conflito, resultado modélico do tratamento que a guerra ven tendo no medio televisivo. O



presentador, por certo que ben molesto ante as moderadas alusións dos seus contetúlios á tendenciosidade das informacións occidentais sobre o mundo árabe, quebraba continuamente a interesante tertulia en aras dun frenesí informativo (as consabidas conexións) de nula produtividade, precisamente, informativa. Esa regra de tres de conexión en directo igual a noticia igual a veracidade revelouose especialmente falsa naquel programa. As análises expostas por Morán e polo estudioso da cultura árabe dician moito máis sobre o conflito queas continuas intervencións duns correspondente que, médio "groggies" pola noite de traxin informativo, repetían as mesmas xa sabidas novas.

Non faltaron, por suposto, as imprescindíbeis imaxes da ínclita CNN. Qué ofreceu a archiloubada cadea? Na maioría dos casos, pouco máis que o feito de estar presente no lugar máis quente do conflito. Cando o bombardeo de Bagdad, os comentarios duns cronistas que case nada podeían ver limitábanse ás súas pouco interesantes consideracións sobre o ben que estarían nas súas casas. O mesmo pasou cando o primeiro ataque de Irak a Israel, no que a mesma cadea montou o número bastante grotesco, moi do gosto americano, coas súas máscaras postas, a cámara dando voltas pola redacción, e non tendo en realidade nada real do que informar. Simplemente vendían a presunta "imediatez" a uns feitos que en realidade eles mesmos descoñecían.

O caso é que esta sen precedentes avalancha xa non de noticias, pero de aparición delas cando menos, criou ao tempo e deseguida unha especial ansiedade no espectador, non moi distinta, no seu funcionamento, á suscitada por certos espectáculos deportivos como se dicia ao comezo.

Entretanto, non menos inquietante que algunhas imaxes bélicas resultaba ver nas pantallas os uniformes dos militares españois a modo de contetúlios nalgún informativo. Algun dos cales confesaba, ao analizar o ataque "multinacional", non ter entrado nunca en

combate. Estivo ben a súa precisión, pois un xulgaríao herói de guerra pola cantidade de insignias que portaba e lucía ante a cámara.

GONZALO VILAS

LIBROS

Recriar sen plaxiar
Ártico, de Xavier Queipo

Hai escritores irrepitíbeis. Hai escritores que non se poden copiar. Un deles é Álvaro Cunqueiro. Outro Jorge Luis Borges. Moitos dos adoradores destes dous mestres intentan recriar o mundo deses grandes escritores, e fano de tal maneira que cáseque chegan até o plaxio; son meros fabricantes de facsímiles máis ou menos borrosos, de mundos paralelos das magníficas invencións dos mestres. Son, estes discípulos (sic) a sombra que deita todo grande escritor. A reacción contra estes "foto-copiadores" é máis que xustificábel: é unha sana e saudábel postura contra eses reprodutores das teimas, dos tics, das maneiras e mesmo das arbitrariedades dos mestres. Estes discípulos, contodo, acaban por aborrecer ao lector e máis se coñece o orixinal "foto-copiado".

Mais hai outros escritores que tamén coñecen os mestres; e escriben contra eles, ou para superalos. Pero sempre o mestre está aí, non como mera reprodución, senón como referente creativo, como reminiscencia (no sentido nabokoviano do termo: "reminiscencia literaria consiste na imitación inconsciente dunha imaxe, unha frase ou unha situación xa utilizada por outro autor anterior", *Curso de literatura europea*). Outras veces o mestre está presente de maneira consciente, mais unha aportación novedosa confiere ao discípulo unha singularidade propia, unha dimensión persoal que lle dá á súa obra un valor inconfundíbel e independente, sen descoñecer (nen autor nen lector) a pauta que lle sirveu de trampolín. Eis o que acontece cun libro galego de recente aparición. Libro de relatos, *Ártico* (1), cuxo autor é Xavier Queipo.

Ártico divídese en tres partes: a que leva o título do volume (que consta dun limiar e tres narracións amáis dun apéndice), "Outros mares", (catro narracións) e "Terra adentro" (seis narracións). Nos primeiros contos, os do apartado

"Ártico", é onde a influencia ou reminiscencia borgiana pode facerse máis presente ao lector. Nárrase historias ou sucesos tirados de libros imaxinarios ou, como o bonarense, o autor distraese en "falsear y tegiversar (sin justificación estética alguna) ajenas historias" (limiar a *Historia universal de la infancia*; o de "sen xustificación estética", deixémolo en *boutade* de Borges). Nestes relatos usa dos procedimentos caros ao arxentino, mais sen ser vil fotocopia, é creación propia, aínda que Xavier Queipo faga relacións de libros, como o mestre. Estes tres relatos teñen en común, aparte de procedimentos técnicos e verbais, o estar tirados de "diarios" e tomar o aspecto de observacións escritas; "diarios" e observacións que se entrecruzan con preocupacións persoais do narrador (ou suposto narrador). E, aparte, son narracións nas que non existe o elemento sorpresa -tal vez a maior débeda co mestre.

O segundo mangado de relatos, "Outros mares" contén unha serie de contos unidos por un tema tanxencial (que era de presenza constante nos tres primeiros): o mar. Un desenvólvese nun barco, outro nunha illa, outro é a búsqueda a través dos libros para acabar no refuxio do Ulla sendo un home feliz (non recordando nunca máis o que esquecera), e o último trata da búsqueda, a través de cidades e ciencias, dun tiburón. Neste apartado e cando máis se comeza a notar que Xavier Queipo transcende os recursos propostos polo mestre e van entrando outras reminiscencias que van crear a orixinalidade e a autenticidade do escritor galego. (Transcender non quer dicer superar ou perfeccionar o anterior, senón a modificación -novidosa- dunha retórica ou uns recursos literarios determinados). De primeiras Xavier Queipo introduce -ou persigue- unha densidade vital, nos seus relatos comezan a estar presentes o amor, o desexo, a angústia ante a vida e a morte, etc. Despois consigue, mercé á ironía e aos recursos anteriores, que nos relatos se acada unha peculiar tensión existencial o que conduce ao terceiro elemento: diálogo cos seus personaxes -cousa impensábel en Borges.



Álvaro Cunqueiro



Jorge Luis Borges

No terceiro apartado, "Terra adentro", seis narracións, a homenaxe a Borges é constante, mais para distanciarse e afirmarse o escritor galego. Queipo, en *Labirinto*, homenaxes ao arxentino citando un relato deste no seu conto. Trátase de "Tlön, Uqbar, Orbis Tertius" (incluíndo en *ficciones*). As citas do relato borgiano son decisivas para entender o relato, sobre todo o final. Mais as citas van en inglés co que o conto se converte nunha homenaxe-paródia ao mestre. (Ademais, as citas están tiradas dun relato onde os recursos borgianos son mostrados á luz; recursos dos que se serve, sobretudo na primeira parte, Xavier Queipo). Noutro precioso conto, "O devorador de libros", o escritor galego asasinou as influencias ou reminiscencias borgianas no texto. Quer dicer, os libros, os grandes libros que poden encher a biblioteca -a de Babel, a de Borges, etc.- sirven para algo que non se pode dicer aquí pero que amosa a ironía filosófica do escritor galego.

Ártico é un libro fresco, que avisa das reminiscencias e influencias pero que as transcende; que une á imaxinación unha escrita na que priva a economía verbal e a precisión, unha escrita na que a sintaxe está alixeirada. Un libro onde hai humor e ironía, onde as reminiscencias da "grande" literatura non están rifadas co que se deu en chamar cultura pop ou popular (novela negra, banda deseñada, cinema do oeste ou aventuras, etc.), onde na frase brilla o recurso usado por Lautréaumont -a aproximación obxectiva alonxadas entre si ("amándonos ás ondadas, como cando os cheyennes atacan *tomahawk* en man, pó e cabalos pintados montados a pelo, unha caravana de mulleres camino do ansiado Oeste, ateigado de aventureiros de lenda, de lendas, de aventureiros de búfalos", etc.), onde as frases e citas en diferentes idiomas cumpren unha función especial -de sorpresa ou de distanciamento, ou de beleza da frase-; un libro cheo de beleza e calidade que mostra un escritor de raza e que pode dar moito de si. ♦

XGG

1) Edicións Positivas. Santiago, 1990. 90 páx. + 8 fotografías. PS. En próximas edicións deberían corrixirse certos erros: *Stromboli* non é un film de Fellini, senón de Rossellini; Paul Lethaud é Paul Léautaud; o poeta que aparece como Yates supomos que é Yeats; así como o Fernando VI do texto debe ser o VII; e, para acabar, nun relato un dos personaxes chámase *Xaquín*, noutro *Xoaquín*.



RESTAURACIÓN DE CASCOS HISTÓRICOS

PROBLEMAS DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA E PLANS DE ORDENACIÓN

XAN CASABELLA LÓPEZ

Das múltiples palabras que se acostuman utilizar para intervir nos Cascos Históricos, a maior parte das veces barállanos e confundémosnos, por iso vamos tratar de acotar exactamente cal é o seu significado, segundo o Dicionario da Real Academia.

Preservar (Igoal en Portugués): Poñer a cuberto anticipadamente a unha persoa ou cousa, de algun dano ou perigo.

Rehabilitar (en portugués rehabilitar): Habilitar de novo ou restituir unha persoa ou cousa ao seu antigo estado.

Reutilizar: Volver a utilizar unha cousa, coa mesma ou diferente función, sempre que reporte proveito, comodidade, fruto ou interés.

Restaurar (ingual en portugués): 1.- Recuperar ou Recobrar. 2.- Renovar ou poñer unha cousa naquel estado ou estimación que antes tiña. 3.- Reparar un edificio do deterioro que sufriu.

De todos estes significados, párecenos que é a segunda acepción da palabra *Restaurar* a que mellor encaixa para definir o que eu entendo que se debe facer nun Casco Histórico si queremos que manteña o seu carácter e siga a súa vida sen perigo de deteriorarse. Deste xeito poderíamos dicir que:

Restaurar un casco histórico, supón un sábio equilibrio, de actuacións que conxuguen simultaneamente preservacións, rehabilitacións, reutilizacións e nova construción que teñan como obxectivo manter o carácter e a condición dinámica do mesmo.

Pero imos ver a continuación que todas estas operacións comportan unha serie de problemas que compre analizar polo miúdo.

Problemática da restauración

Os problemas que debe afrontar un Plan Especial de Restauración do C.H., son, na miña opinión e por orde de importancia, os seguintes:

- 1.- O problema da centralidade respecto do conxunto da urbe.
 - 2.- O problema dos bordes do Casco Histórico.
 - 3.- O problema do Carácter e a súa condición dinámica.
 - 4.- O problema dos habitantes.
 - 5.- O problema das novas construcións.
 - 6.- Os problemas simbólicos e de continuidade no tempo.
 - 7.- O problema da Xestión e participación do Plan Especial.
- E aínda que os estudemos por separado, evidentemente que os atoparemos interrelacionados uns cos outros.

Problema da centralidade

O crecemento en mancha de aceite que se dá no medre das cidades desde a súa fundación até o séc. XIX, pivota sempre arredor do *Centro* orixinario que dera lugar á cidade (centro relixioso, no caso de Santiago, Mercado en Betanzos e outras vilas, o porto no caso de Coruña e Vigo, etc.) e que constituía a súa actividade económica fundamental.

A evolución sócio-económica nacional e mais concretamente da rexión e comarca, dá lugar a alteracións e diversificacións da actividade da cidade e xa que logo, do seu centro.

Nos remates do XIX e comezos do XX vai aparecendo na maioría das cidades históricas, un segundo



Casa Espinosa, na Praza das Praterias de Santiago.

Centro, a consecuencia do desprazamento masivo da poboación e servísios a outras áreas da cidade máis acordes co novo xeito de vivir e dos novos medios de comunicación e transporte. Iso provoca, loxicamente, que o vello Casco Histórico se comece a despovoar e a deteriorar paseniñamente (O Berbés de Vigo, a cidade vella de Coruña, etc.)

Foi esta unha lei xeral, en Galiza e practicamente en toda Europa, e tanto foi así, que importantes teóricos dos anos 20 preconizaron a súa destrución (plan de Le Corbusier para París, e outras cidades).

Pero non é este o caso de Santiago, en que o Casco Histórico se mantén até a actualidade como centro vital da cidade. Por que?

Quizá porque o Casco Histórico sempre se mantivo como centro xeográfico, equilibrando as grandes implantacións de equipamentos e poboacións ao longo da súa historia, albergando apenas no seu interior as cabezas simbólicas desas operacións (Seminarios, Universidade, Xunta, Mercado, etc.)

Para acometer a tarefa da Recuperación do Casco Histórico, é importante diagnosticar en primeiro lugar cal é actualmente o seu papel respecto do conxunto da cidade, e cal pretendemos que teña no futuro. Dese desexo, dependerán todas as actuacións que orienten o Plan Especial.

Se aínda é Centro, podemos actuar de tres xeitos ben diferentes:

I. Reforzarlle ese carácter de centro da cidade. Eso conleva o perigo de aumento de servísios e equipamentos, o que provocaría a súa *terciarización* paulatina.

II.- Desprazar, conscientemente, o Centro a outra área da cidade, mantendo o Casco Histórico como un barrio mais. Eso, si ben, posiblemente garantiría a súa recuperación, implicaría unha tal transformación do seu carácter actual, que o C.H. quedaría moi desfigurado (sería esa, aproximadamente, a situación actual do Casco Histórico de Cáceres).

A FINAIS DO XIX E COMEZOS DO XX APARECEN NA MAIORIA DAS CIDADES HISTÓRICAS, UN SEGUNDO CENTRO, COMO CONSECUENCIA DO DESPRAZAMENTO MASIVO DA POVOACIÓN E SERVIZOS A OUTRAS ÁREAS DA CIDADE

III.- Proceder dun xeito misto, quer dicir, como xa ten vido a acontecer historicamente en Santiago. Manter no C.H. somente as cabezas simbólicas dos novos equipamentos (cidadáns, comarcas ou rexionais) e espárese o resto, de xeito equilibrado, polo conxunto da cidade.

Esta política, aínda que mantén o perigo de terciarización mitígo enormemente respecto á primeira posibilidade, é permite eliminar doadamente parte da circulación rodada do centro, gañándoo a favor do seu carácter tradicional de espácio de circulación fundamentalmente peatonal, como xa demostraron nas III Xornadas de arquitectura galega (1981) Xerardo Estevez e Pedro de Llano.

O problema dos bordes do casco histórico

O encontro entre o C.H. e a nova cidade que se comeza a criar no século XIX a consciencia da Revolución Industrial, ten nas cidades

galegas, varios momentos:

I.- Nun primeiro momento, trátase de *evitar a diferenciación* entre o C.H. e o "primeiro ensanche" derrúbansse portas e murallas, pero continúaase no posíbel as ruas, sobre as máis importantes de saída (pescadaria da Coruña, a Senra en Santiago, etc.).

II.- Nun segundo momento, comeza a proxectarse un novo modelo de cidade *completamente diferente* ao existente, cunha trama urbana perfectamente adaptado aos novos requerimentos de vida e transporte (ensanches en retícula).

O punto de encontro entre estas dúas tramas, resulta normalmente problemático, e dá lugar a situacións normalmente chocantes ao romperse a continuidade en mancha de aceite. Esa discontinuidade é manifesta nos anchos e trazados de ruas, nas alturas, tipoloxías edificatorias, morfoloxías e materiais.

III.- Na actualidade, xa nos atopamos cunha situación física moi consolidada e de difícil volta atrás, sen embargo con algunhas notas esperanzadoras, polas seguintes razóns.

I.- A delimitación dos C.H. durante este século fixo que as dúas cidades enfrentadas tivese unha sorte moi desigual. Mentres que o C.H. se mantiña máis ou menos controlado, a cidade do séc. XIX, coa desculpa de que non era histórica, sufriu e esta a sufrir, unhas grandes renovacións de edificios, encontrando hoxe en moitas cidades, no borde da C.H., as realizacións dos derradeiros anos do séc. XX. Un exemplo paradigmático desta situación é o caso de Lugo, que coa desculpa de facer patente a muralla romana e o recinto medieval, elimináronse moi boas aportacións dos comezos deste séc. (modernistas, eléctricas, galerías, etc.) coa desculpa de que estaban adosadas á muralla.

Caso moi semellante foi a demolición do Edificio Castromil en Santiago. Edificio de indubidábel interese cultural caíu por unha má delimitación, o mesmo que pode

ocorrer hoxe en día coas dúcias de exemplos que se recollen no libro de P. Costa Buján e J. Morenas Ay-dillo.

O Arquitecto Carlos Almuíña explicaba moi ben esta situación nunha ponencia que tiña por título "Santiago de Compostela: 40 anos oficialmente protexida", e que leu nas III Xornadas de Arquitectura Galega, (1981): "en 1965... posibelmente, dadas as circunstancias, non había outra alternativa. Santiago partiu en dous, un protexido, defendido *pola campá de vidro* que o mantén incotaminado, e amostrado como o auténtico Santiago, e outro non-Santiago, onde o xogo do mercado de vivenda se desata con ferocidade, que rodea e enquistada á outra para non lle permitir influir, ordenar a cidade inteira".

Compre acabar con esta situación e reconsiderar seriamente a definición do que é Histórico ou ben de interese cultural e acertar na delimitación do Recinto, ultrapassando, quizá, o que é estrictamente a trama de orixe medieval.

2.- Pódese aproveitar de cara o futuro, a diferenza de lonxevidade dos novos edificios de estrutura de formigón e os históricos de pedra. Como os primeiros, que se arruinan con maior celeridade que os segundos, antes de rematar o séc. poderá dispoñerse de espácios libres en zonas centrais e non Bordes. Xestionar ese posíbel espácio para beneficio do C.H. situando nel paseos, parques, aparcamentos, equipamentos, etc., pode ser a xogada mestra que *garanta a adaptación do C.H. ao tempo cambiante da historia futura*. Para iso, compre que o Plan Especial, garantice nos Bordes do C.H. de canto mais espácio libre mellor.

Un exemplo paradigmático deste tipo de actuación foi o trazado da Ringstrasse de Viena aló polos 1880. Ese cinturón protector, criticado no seu día por ser de corte moi académico, é visto desde hoxe, unha posibilidade real. Máis perto de nós, temos o caso de Guimarães, rodeado en boa parte por un grande parque que protexe o C.H.

O problema do Carácter e a súa condición dinámica

O carácter dun C.H. ten dous aspectos que podemos separar: o uso e funcións desenvoltas, e o seu aspecto físico.

I.- O uso. Considero que é mais importante o uso que a forma física na configuración do carácter dun C.H. Existe, efectivamente, unha relación dialéctica entre a Forma e a Función, e creó que introducir certos... no interior dun C.H. criou auténticos problemas e transformacións irreversíbeis. E o caso de Teatro, Torres de Centrais telefónicas, Garaxes de coches, etc.

O C.H. ten eminentemente un uso residencial, foi ese o *leit motiv* do seu nacemento e desenvolvemento histórico, e ese uso representa na actualidade entre o 80% ou 90% dos edificios existentes. Hai que cuantificalo en cada caso e procurar mantelo a toda costa, do contrario estaríamos mudando un aspecto esencial do seu "carácter". Non é xustificábel hoxe en día "salvar" ou conxelar somente o aspecto físico dun casco, enchéndoo doutro uso diferente ao residencial como xa se demostrou no caso de

Cáceres, que semella apenas un ridículo cenario baleiro de vida, xustificando no seu día polos posibles rendimentos turísticos.

Iso supón resolver os seguintes problemas:

1.- O dos propietarios dos edificios, que se teñen que equiparar aos doutras zonas da cidade, no reparto equitativo de deberes e dereitos, no "negocio" que a cidade como *ben de cambio*, xera no seu conxunto.

2.- O dos inquilinos, aos que se lles ten que garantir a súa permanencia no C.H. se eles o desexan.

3.- O do equipamento de servizos cotidianos, necesarios para un normal desenvolvemento da súa vida (abastecimento de comida, roupa, saúde, educación, etc.).

II. O aspecto físico. O aspecto físico dun C.H. abranxe:

1.- *Os problemas de escala.*

Entendida esta como a relación entre a altura dos edificios co ancho da rua. Esta relación, que sería aproximadamente de 2:1 na cidade medieval, pasou a ser de 1:1 cos ensanches que se realizaron no séc. XVIII e XIX no interior dos C.H. resultado da demolición de boa parte dos soportais. Esta relación considerada apropiada para garantir a resolución de problemas de soleamento e salubridade tan necesarios para a saúde, debe ser respectada rigorosamente polas prelacións do Plan Especial de Restauración.

2.- A relación entre os edificios tipolóxicos / Edif. singulares.

Existe en cáseque todos os C.H. un equilibrio máis ou menos afortunado entre os numerosos edificios privados destinados a residencia dos povoadores, e aqueles outros dedicados a Equipamentos laicos ou relixiosos ou Pazos das familias nobres.

Mentres que os primeiros están situados conformando as ruas normais, e construídos cunha tecnoloxía austera e repetida, os segundos sitúanse nos espazos privilexiados da cidade (prazas, esquinas, ruas principais) e amosan na súa construción traballos artesanos máis requintados.

Como di John Ruskin *Nas sete lámpadas da Arquitectura*, "o atractivo das cidades máis belas non depende do luxo illados dos seus Pazos, senón da decoración coidada e exquisita das vivendas máis humildes". Pero ambos os dous teñen a súa razón de ser no conxunto da cidade, e cada un debe ser contemplado no Plan Especial na súa peculiaridade. Posiblemente se se caí ou se transforma un edificio tipolóxico non sexa nengunha desgracia, porque se podería reconstruír ou construír de nova planta seguindo as pautas tipolóxicas do resto, ou nunha operación máis cuestionábel, substituíndo varios por un edificio singular co que estaríamos continuando o devir dinámico da evolución da C.H., pero si é un problema cando se derruba un edificio singular, polo que nestes casos se deberían extremar as medidas de preservación.

3.- *Os materiais.*

Primeiro foi a *madeira*, material abundante nas proximidades da cidade e doado de traballar, que se empregaba en todos os aspectos da construción, desde a cimentación até o mobiliario, pasando pola estrutura e cerramentos.

Despois, e a consecuencia dos innumerábeis perigos de fogos que arrasaron cidades por todos lados, veu a *pedra*. Con ela e debido á súa perdurabilidade están feitas a totalidade das nosas cidades históricas, chan, paredes, mobiliario urbano, cubertas, etc. Ese material, foi asimilando os diferentes estilos ao longo do tempo, mantendo a unidade e uniformidade constructi-

**NON É
XUSTIFICÁBEL
HOXE EN DÍA
'SALVAR' OU
CONXELAR
SOMENTE O
ASPECTO FÍSICO
DUN CASCO,
ENCHÉNDOO
DOUTRO USO
DIFERENTE AO
RESIDENCIAL**

va e morfolóxica que caracteriza os nosos C.H.

Coa aparición doutros materiais, fundamentalmente o *formigón* e os *metais*, apareceu un sistema cualitativamente diferente, flexión fronte a compresión, amén de permitir chegar doada e economicamente a alturas moito maiores. A súa irrupción na cidade histórica pode rachar a uniformidade existente, se non se utiliza con extremo coidado. O Plan Especial debe coidar este aspecto e seleccionar estes materiais cun criterio aberto estudando o caso a caso e en que a resposta ao bon envellecemento sexa, na miña opinión, preponderante. Ademais debe ter en conta a diversidade de visións que temos dos edificios nos interiores dos C.H.

4.- *O parcelario.*

A división catastral da propiedade, é unha das características que máis inflúen no aspecto físico do C.H. pois condicionan desde as tipoloxías edificatorias até os espazos públicos. A súa superficie ficie reducida, pero tan apropiada para o tipo de vida medieval, é hoxe un dos problemas máis difíceis dos edificios. Sen embargo a agregación de parcelaqs, práctica desgraciadamente frecuente nas nosas cidades, transforma dun xeito irreversible o aspecto físico do C.H.

O Plan Especial debe protexer axeitadamente o parcelario e prohibir tanto as agregacións como as reparcacións.

O problema dos habitantes

Compre coñecer perfectamente o réxime de estancia dos habitantes do C.H. Porcentaxes o máis exacto posíbel de residentes propietarios, residentes alugados, comerciantes propietarios e alugados, cuantía das rendas, etc.

Este dado é de suma importancia porque o Plan Especial deberá actuar de xeito moi diferente nun ou noutro caso.

No caso en que a maioría dos residentes fosen propietarios, e máis se manifestasen o desexo de continuar a vivir aí, o problema parece doado e parece reducirse a algun-



Antigo Hotel Continental, nas ruas Carral e da Laxe en Vigo, hoxe desaparecido.

has subvencións, redución de impostos, etc. pero os problemas comezan ao haber un número alto de residentes alugados.

Dado que temos que partir da consideración da *vivenda como valor de cambio* e non como *valor de uso*, cada propietario tentará sacarlle á súa propiedade o máximo de diñeiro en cada momento.

Os inquilinos antigos, que nos C.H. son a maioría, con baixas rendas, representan para os propietarios unha desvalorización da súa propiedade, e intentarán por todos os medios liberarse deles (non arrendando o edificio, arruinándoo, etc.) Se finalmente conquiere expulsalos, seguramente con grande deterioro do edificio, tratará de restauralo, reedificalo ou vendelo. En calquer caso, e dado que no C.H. *por ser un sitio desexábel para vivir* a demanda é superior á oferta, poderá pedir prezos moito máis altos que no resto da cidade.

Toda esta situación, deixada ao seu libre albedrío, vai a ir xerando, amodiño, unha tendencia á renovación dos seus habitantes, tanto propietarios como inquilinos, e substituíndoos por povoadores cun poder adquisitivo cada vez máis alto, quer dicir tenderá a converterse nun barrio de luxo.

Esta situación, se ben podería garantir a conservación física do C.H., quizá non sexa desexábel socialmente para os habitantes actuais, que teñen precisamente aí os seus entramados sociais e familiares.

O Plan Especial debe intervir decididamente neste problema e garantir aos inquilinos o dereito de retorno, se eles o desexan, resolver a estancia temporal mentres se acometen as obras de rehabilitación, controlar que o incremento de aluguer que deberán pagar despois das obras sexa axeitado etc. evitar en suma, que detrás da Restauración do C.H. se agache unha sutil operación de especulación.

En definitiva estamos a ver que neste tema, como en cáseque todos os de urbanismo, as iniciativas dependen da orientación política do goberno municipal, e que intereses, moitas veces contrapostos, quer defender.

O problema das novas construcións

Cando se pensa en novas construcións dentro dun C.H., imaxinamos aquelas a que nos tiñan acostumados a normativa tan restrictiva e tamén tan nefasta de Belas Artes. Estructuras de formigón, logo revestidas con falsas galerías, aplacados de pedra nos recercados de xanelas, vidros aos cuadradiños, etc., en fin unha auténtica pantomima de cartón-pedra e unha auténtica falsidade construtiva. Nunca antes se tiña actuado deste xeito e cada época interviu na cidade histórica co estilo e a sensibilidade que lle era propia, e abofé que foi esa sinceridade a que fixo que os nosos C.H. fosen frescos e dinámicos esteticamente. Aí temos a Praza do Obradoiro, ou a mesma Catedral. Hoxe debemos tamén actuar sen complexos, pero con sensibilidade, procurando manter, iso si, o carácter do C.H. no que respecta ao uso e ao seu aspecto físico (Tipoloxía, Morfoloxía, Escala, Materiais, Relación Edif. tipolóxicos/Edif. Singulares, Silueta, etc.)

Comparto nese senso o que di o teórico americano Kevin Lynch: "Un entorno que non poda cambiar, convida á destrución. Compre poder deixar as marcas do noso tempo a carón das marcas da historia".

Os problemas simbólicos

O Plan Especial debe por último preocuparse que a transformación do C.H. non sexa tan intensa que altere irreversiblemente a silueta ou aspectos destacados do carácter do Casco, que o fagtan irrecoñecíbel. Este aspecto, tan delicado e difícil, pois non é doado definir a bondade ou non da alteración dalgún deses aspectos, ten en cada cidade unha connotación ben diferente. Sen embargo, cando se trata dos emplacementsos simbólicos dunha cidade, ninguén dubida de que se deben preservar, porque como di tamén Kevin Lynch transmiten seguridade e continuidade, ao facernos pensar que se esa parte do pasado se salvou porque era boa,

promete que o futuro tamén salvará o presente.

No caso de Santiago, que é o paradigma da nosa historia urbana e cultural, o C.H. no seu conxunto, está gravada no subconsciente de millares e millares dos seus residentes, visitantes e peregrinos, e serve de vehículo comunicativo para a expresión dos máis diversos sentimentos, como poucas cidades do mundo, ou para reflexar, entre outros exemplos, modelos de vida como na novela *La Casa de Troya*, ou situacións hiperbólicas da existencia, como no maravilloso libro de G. Torrente Ballester "Fragmentos de Apocalipsis".

Santiago foi na nosa historia e coído que deberá seguir sendo no futuro, un modelo a seguir: a Catedral románica, pasa a ser un modelo dun estilo arquitectónico que se difunde por Galiza; no período barroco, é outra vez modelo do xeito de traballar a cenografía urbana; e volve ser modelo na renovación de depuración neoclásica.

De todos estes períodos, e doutros máis, hai en Santiago os mellores exemplos, pero hai que dicir que ocorreu así porque existiron no momento preciso as persoas axeitadas, que souberon facer posíbel un anxeo de grandeza cun espírito xeneroso, conscientes da importancia das súas decisións e obras, e de que o que se fai ben en Santiago, repercute positivamente no resto de Galiza e por que non, no mundo. Velaquí a grande responsabilidade dos seus dirixentes e tamén dos seus habitantes.

O caso que nos ocupa agora, a Redacción dun Plan Especial de Restauración do Casco Histórico, é máis unha vez, un reto ao que se enfrenta a cidade de Santiago, agardamos que, máis unha vez saídas airoso da empresa e que continuades a Saga do mestre Mateo, os Domingos de Andrade, os Casas e Novoa, os Xelmírez, os Raxoi, e tantos outros, dfando máis unha vez, unha lección ao futuro.

O problema da xestión e participación no plan

Para que un Plan Especial sexa bon, debe contar co consenso de todas as persoas implicadas no mesmo, desde os políticos, os técnicos, os habitantes do Casco e da Cidade, os propietarios, construtores e promotores.

Debe ser transparente e contrastada a súa información, discutida e consensuada as súas decisións, rigorosa e vixiante a súa posta en práctica.

E en todas estas fases da elaboración do Plan, teñen que participar o maior número posíbel de axentes urbanos, cada un defendendo aqueles intereses que lle son propios.

Cantas máis oportunidades teñan eses axentes urbanos de coñecer as propostas do Plan, maiores posibilidades teñen de expoñer o seu punto de vista. Por iso se debe pedir que expoñan á luz pública o avance e posteriormente o plan.

Pero unha vez aprobado esa participación debe continuar, garantindo que na xestión se interprete correctamente a filosofía que impregnou a súa redacción e se faga viábel do xeito máis correcto a cada situación.

Hai queN di, e eu estou completamente de acordo, que unha vez que dispoñamos dun bon Plan Especial, o calcañar de Aquiles do mesmo está na Xestión, por iso nesta etapa se fai imprescindible a creación de comisións de seguimento debidamente representadas polos axentes máis activos, a carón dos técnicos.

Xan Casabella López é arquitecto. Profesor na Escola de Arquitectura da Coruña.



Edificio Castromil, en Santiago.

**A DIVISIÓN
CATASTRAL DA
PROPIEDAD, É
UNHA DAS
CARACTERÍSTICAS
QUE MÁIS INFLUEN
NO ASPECTO FÍSICO
DO CASCO
HISTÓRICO**

Xosé Baz Seli, cantautor galego con cinco gravacións para os próximos anos

■ MANUEL ESTEVEZ RIEGO

Despois dun ano de tanto sacrificio aproveitando os fins de semana, Venres pola noite, Sábades inteiros e Domingos pola mañá o cantautor da vila guardesa Xosé Baz Mauri coñecido no mundo do espectáculo por "Seli" veu o seu segundo traballo na rua "Sete flores e un sorriso" adicado a seu avó, nesta ocasión cun pouco máis de sorte co primeiro xa que tivera que desembolsar os cartos que axiña recuperou. Agora, á volta da capital de España onde tiña contactos cunha casa discográfica, pero non moi claro segundo seli-do senso que ian darlle á canción en galego desde Madrid, asinou un contrato por cinco anos, disco anual, con Xosé Antón Couceiro, empresario de Edigal en Santiago de Compostela, que dixo: "se os temas son galegos, o disco ten que ser feito e producido en Galiza".

O artista do Baixo Miño móstrase moi satisfeito. Letras e música de quen? Case todo é meu, fóra de "Nenez d'un neno probe" que é da poetisa tudense Carmeliña, que hai

anos coincidíramos nun festival de poesía na vila do Tegra onde recitou un poema que me gostou moito; cheguei a casa, collín a guitarra e púxenlle música. Outro dos temas é unha letra popular de A Guarda: *muller dun mariñeiro*".

De familia de homes do mar, comeza os estudos de solfeo desde ben cativo co mestre Alirio Fernández en Santa María de Oia, finado recentemente que fora director da Banda de Música Popular de Mougás, onde Seli chegou a tocar o saxofón. Amplia os estudos musicais no Conservatorio de Santiago de Compostela de harmonía, contrapunto e guitarra, paralelamente con Filosofía e Letras.

Segue a dicer "nesta ocasión tiven a axuda dun gran músico argentino afincado en Vigo, Jorge Foscaldo, que me fixo todos os arregros, a man dereita deste traballo".

O plástico contén oito temas onde están presentes o mar, a nosa terra, o seu avó, os problemas sociais.

Galiñas douro conta o autor "desgraciadamente ten historia es-



tes días coa guerra do Golfo", continua dicendo "levo anos soñando

que isto ia suceder. Nas tertulias entre compañeiros que estudaban

químicas, Física dicíalles -tanto estudar é tanto leite se ao final para destruírmos nós mesmos. Naquela fixen este tema denunciando as guerras, a todo o mundo que pensa facela, en gañar cartos pero para destruír. Iso está aí.

Aos mariñeiros tampouco os esquece, neste elepe adícalle unha canción desaparecidos hai pouco máis dun ano nas Azores no tráxico accidente do pesqueiro guardés Velasco II". Pensando na sua dona homenaxea as mulleres "Por ti".

O longo da sua vida profesional actuou en Barcelona, Gerona, Madrid, Vizcaia, en Galicia e no estranxeiro en Portugal e América, neste último continente en Santo Domingo e Puerto Rico.

A finais de Decembro do 1990 apresentou o seu traballo discográfico no seu pobo natal de A Guarda con motivo dun festival antidroga, destacando o tema. Por que será?, un balada contra a droga e pola paz.

Estes días que sai o disco ao mercado continuará presentándoo pola nosa terra o resto da península.

AS BALEAS DO MAR QUE SE DI DE CORRUBEDO

A. LÓPEZ

As tormentas e galernas nunca foron cousa boa, aínda así, desde sempre houbo xente axexando cara a praia pola xanela, en plena tormenta, por ver se o mar botaba algunha cousa.

Os areais da Galiza coñeceron a moitos praieiros, xentes que se adican a percorrer as praias por ver se o mar cuspe algo máis que argazo. Este oficio é tan antigo, quizais, como a intersección home e mar.

Temos constancia documental de que hai cincocentos anos esta práctica era habitual no mar que se di Corrubedo, aínda que supoñemos que o sería en toda a costa. Os veciños estaban á expectativa do mar, que a maior parte do tempo andaba bravo e con grande forza, xa que del saían todas as "quebras" de naos e navios, que eran recollidas con devoción (por aquilo de que quen garda sempre ten), ademais toda caste de langostas, centolas e peixes, mortos ou médios vivos. Pero quizá o máis importante que saía do mar, a causa do grande aproveitamento e a cantidade de materia prima que aportaban, eran as baleas.

Por suposto, daquela, as baleas serían moito máis abundantes ca hoxe e de seguro que as águas do mar de Corrubedo serían visitadas pola hoxe xa extinguida balea basca, do xeito que o aproveitamento das baleas era un feito máis ou menos habitual e, polo que se tira do documento, algo que sabían ben como facer. Unha testemuña duns sesenta anos, declara nese mesmo documento, ter visto sete ou oito baleas mortas na sua vida, outra testemuña duns cincuenta anos lembra de ter visto cinco, ou sexa, veñen saíndo a menos de unha cada dez anos. Algunhas chegaban inteiras, outras partidas, mortas ou medio vivas...

Daquela, e até o século XVII, a actividade da caza da balea na nosa terra tiña lugar nos portos ao Norte de Fisterra, polo que non sería de estrañar que moitas das baleas que chegaban ás praias fosen animais perdidos polos baleeiros, ou quizá feridos ou arponeados por eles. Este fenómeno está documen-



Baleeiros, Arquivo Pacheco.

AS BALEAS ENTÓN SERÍAN MOITO MÁIS ABUNDANTES CA HOXE E A MAR DE CORRUBEDO SERÍA VISITADA POLA BALEA BASCA

tado na Gascuña francesa, onde vivían aproveitándose das baleas que perdían os baleeiros basco-franceses no Golfo de Biscaya. Non apareceron probas documentais, até o momento, que indiquen que a caza daquela fose practicada ao Sul de Fisterra, sen embargo encontramos entre os topónimos de Corrubedo os de: Praia de Valieiros, ensenada de Valieiros e punta de Valieiros.

Os paisanos daqueles tempos estaban afeitos a aproveitar as baleas xa que algunhas testemuñas do mesmo documento afirman que as cortaban, derretían e levaban cachos para casa, quizá para aproveitar os osos utilizándoos coma trabes, banquiños, cancelas ou simplemente valados, como foi cons-

tado noutras partes de Galiza.

Nos tempos de hoxe, perto do fin do milenio, a historia algo cambiou. O mar de Corrubedo quizá siga a ser tan bravo coma antes, e as tormentas de cando en vez toman folgos. O oficio de praieiro segue vixente pero con moitas especialidades (praiaestudoso, praia-footing, praiasurfing, etc.), as "quebras" das naos e petroleiros son inevitábeis, aínda que menos frecuentes ca antes (en todo caso o metal non chega á praia) peixes de todas clases non saen porque non se pescan case nen con rede, lixo si, o mar cuspe bastante, porque xa é de mais. Pero o que segue a saír son baleas.

Hai unha especialidade de praieiros que as buscan polos areais, son persoas algo encorbadas de fitar para o chan seguindo o rasto dun óso rillado por un can solitario, de mirada adestrada a distinguir calquer bulto na outra beira do areal. Buscadores de tesouros con chupa de Melville, agardan topar a balea branca en calquer recuncho da costa. Ao final, voltan ao areal que a historia marcou no mapa cun alfinete, aquel onde o mar bota os grandes peixes.

Desta vez, o mar que se di Corrubedo e a tormenta non levaron ledicia aos corpos dos veciños, porque ninguén aproveita xa a graxa nen os cachos do cetáceo, como moito algunha peza ósea para un museo, as medidas anatómicas ou a autópsia. O mar sacou mágoa, cuspiu o corpo inerte dun pequeno chacalote, seccionado regularmente polo paso dunhas teimosas aspas de hélice de navio, que nonse quixo afastar a tempo do seu tenro ser.

Os praieiros de hoxe, as contrário que os de antano, non se alegran poio descubrimento, senón que pensan na dor do leite presionado por saír dos tetos da fémia cara a unha gorxa que agora só come area, miran no pequeno o destino dun mar seccionado polas aspas dun aparente progreso. Están tristes ao ver que o sacrificio non serviu nen para que alguén invista uns poucos pesos no seu estudo, están tristes porque do fillo do grande peixe do pasado só quedará, co tempo, un fedorento cacho de carne podre, interrompendo a continua franxa areosa, agardando a que outra tormenta máis forte o arraste aos areais submarinos do mar que se di de Corrubedo.

Pablo Milanés proibido no Salvador

É moreno, de lentes, músico, poeta. Faise acompañar dunha guitarra nua, faladora e insolente. Chámase Pablo Milanés e naceu en Cuba.

Aínda que o anterior semella unha notificación policial de persecución e captura, non o busquen no país porque non poderán achalo; o goberno salvadoreño non permitiu o ingreso do cantautor cubano, que realizaría dúas presentacións artísticas nun hotel e nun estadio da capital o fin da semana pasada, no marco do "Segundo Concerto Centroamericano pola Paz".

As razóns da prohibición non foron explicadas suficientemente: non poderemos saber se impediron a entrada dun cubano que fai música, ou dun músico singular, inclassificábel e orixinal, que fala sobretodo do amor, da tenrura ou do fracaso. O consul salvadoreño en Nicaragua, encargado de outorgar o permiso de entrada (pois Cuba e O Salvador non manteñen ou Ministro de Exteriores, Pablo Milanés xamais entraría no Salvador". É o Canciller, Pacas Castro, querendo aparentar inocencia ou candor, puxo de manifesto a sua bárbara hipocresía; "eu non sei quen é ese señor", dixo, e dun plumazo borrou 30 anos da historia latinoamericana contemporánea, e a influencia da revolución cubana e da música dese país en tres xeracións consecutivas.

Pudo máis o medo que a racionalidade, e o goberno non quixo asumir o risco potencial que supuña un cantautor e a sua poderosa equipa de 17 (dezasete) cubanos, (entre os que había toda sorte de técnicos, músicos vocalistas, e os sempre perigosos periodistas), actuando dúas horas fronte a máis de 20.000 persoas.

ACTOS



A elas e a Cunqueiro

Representacións de Uvegá teatro o 24 de Xaneiro en Cesuras, 15 de Febreiro en Noia.

Cine Clube Padre Feijoo

De Ourense proxectará as seguintes películas:
31 de Xaneiro "Mash" de Robert Altman Sesións ás 20.30 h. e 23 h.
7 de Febreiro "Rashomon" de Akira Kurosawa.
14 de Febreiro "Fando e Lis" de A. Jodorowsky.

Cea para dous

Representacións de Uvegá-tea-

tro. Dia 25 de Xaneiro en Betanzos, dia 26 en Sada e 1 de Febreiro en Sada e 16 do mesmo mes en Teo.

Safaris fotográficos

O grupo de audiovisuais "Ollo de Vidro" da A.C. Alexandre Bóveda, organiza para este curso a actividade fotográfica "Safaris fotográficos". O primeiro deles realizarase co gallo do antróido de Viana de Bobo, o 10 de Febreiro. A saída terá lugar do Obelisco ás 8 a.m. Para reserva de prazas dirixirse ao local da Federación de Asociacións Culturais, rúa Emilia Pardo Bazán, 25-1º esq. Tfno.: 24 43 55 de A Coruña. O custe da viaxe é 2.000 pesetas, excluída a comida. Aportarase documentación sobre o Entroido de Viana.

NOVAS SENSUAIS

Manuel Facal mostra os seus últimos traballos na Galería Trinta onde exporá até o próximo 23 de Febreiro. Manuel que, como nos dixera nunha ocasión, en Catro Ventos, considera ca confianza nun mesmo hai que conquerila através do tempo, dun tempo, é xa un inmortal. Coidamos, nestas, que -ao marxe da profundidade da súa obra- o seu currículo é desesperante, posto que non hai lugar no mundo onde non estivera. Dicer tan só que para entendela hai que ollar a intención e a intensidade dos seus espazos convertidos en presenzas.

"A casa dos afogados" áchase a punto para a súa estrea no Principal. Miguel-Anxo, quen por vez primeira fará a súa aparición en escea como autor teatral, áchase feliz. O relevante lírico galego poderá, por fin, levar adiante unha das súas múltiples facetas. E, se todo sae ben, abrir un novo oco no mundo da escea en Galiza.

Na Galería Sargadelos foi presentado o libro de Luis Rodríguez Miguez, "Contos de milagros de Ribadela", que foi



presentado por Xosé Ramón Barreiro Fernández, quen recoñeceu ca fórmula de ollar a singularidade compostelán polo autor "é válida".

E aí está Miguel Cándido, que mantén unha loita incansábel por conquistar novos logros aperturistas no seo da sociedade. Agora, no Ateneo de Madrid, onde foi convidado para participar como ponente. Ali presentárase, tamén, o "Manifesto polo Cambio na Universidade, en España".

A revista "Olisbos, os amantes da palabra", Facultade de Filoloxía, Praza de Mazarelos, s/número. 15703 Compostela. ♦

CONVOCATORIAS

I Premio de Teatro Galego Rafael Dieste

Bases:

Co propósito de fomentar a creación de novos textos dramáticos no noso idioma, a Deputación da Coruña convoca o I Premio de Teatro Galego "Rafael Dieste", de acordo coas seguintes bases:

1.- Poderán optar ao premio todos os autores de calquer nacionalidade, con obras escritas en lingua galega.

2.- As obras serán inéditas e deberán estar concebidas para a súa representación en recintos teatrais; a temática e a extensión serán libres.

3.- A obras apresentadas por quintuplicado, mecanografadas a dobre espácio, por unha só cara, e debidamente grampeadas ou encademadas, achegadas de sobre cerrado, no que conste o título da obra e o lema do autor, contendo no interior o seu nome e apelidos, domicilio e número de teléfono.

4.- As obras deberán enviarse en sobre ou paquete cerrado, no que se faga constar: I Premio de Teatro Galego "Rafael Dieste", á Deputación da Coruña, Alférez provisional s/n, e incluíndo no interior do mesmo, o sobre cos datos persoais do autor.

5.- O prazo de admisión de orixinais inícia o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e finalizará transcorridos tres meses.

6.- Establécese un premio único dotado con 500.000 pesetas.

7.- O xurado constituirase de acordo cos criterios que no seu momento se determinen pola área de Cultura desta Deputación e a súa composición darase a coñecer no acto de entrega dos premios.

8.- A Deputación resérvase o dereito de publicar a obra pre-

miada, podendo promover un convenio entre compañías teatrais galegas para a montaxe e representación da obra, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor.

9.- As obras non premiadas poderán ser recollidas no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da decisión do xurado. Os orixinais non reclamados serán destruídos, unha vez transcorrido o prazo previsto.

10.- A participación nesta convocatória supón a total aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelábel. ♦

I Certame de Fotografía Deportiva

De acordo coas seguintes bases:

1. Participantes. Poderán tomar parte neste concurso todos os residentes na comunidade autónoma galega.

2. Tema. O ámbito de Deporte para Todos no municipio. Todos os motivos que circunden os xogos populares e tradicionais, festas deportivas tradicionais, o ocio e a recreación deportiva, as actividades recreativas e deportivas na natureza. En xeral o mundo da actividade deportiva dende a óptica popular, recreativa e lúdica dentro do entorno municipal.

3. Obras e presentación. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en branco e negro e/ou en cor.

O tamaño das fotos estará comprendido entre un mínimo de imaxe fotográfica de 18 x 24 cm. e un máximo de 30 x 40 cm. e sen ningún tipo de montaxe. Ao dorso figurará o título e o lema do conxunto.

Cada envío virá achegado dun sobre cerrado co lema, nome, apelidos e enderezo do concursante no seu interior.

4. Envíos e prazo de recepción de traballos. As obras debidamente embaladas remitiranse an-

tes do 31 de Xaneiro de 1991 a: Excm. Deputación Provincial da Coruña. Sección de Cultura e Deportes

Riego de Agua, 37
15001 - A CORUÑA

5. Xurado. O xurado estará composto por representantes de: Sociedade Fotográfica de Ferrol

Asociación de Fotógrafos Profesionais de Galiza

Asociación de Fotógrafos de Prensa de Galiza

Sección de Cultura e Deportes da Deputación

O xurado estará presidido polo Presidente da Excm. Deputación ou persoa en quen delegue.

6. Fallo. Os premios serán fallados no prazo de 15 días a partir da data límite de entrega de fotografías.

7. Premios

Prémio de honra. 75.000 pta.

Primeiro premio. 30.000 pta.

Segundo premio. 25.000 pta.

Terceiro premio. 20.000 pta. (Branco e Negro/cor).

8. Exposición e entrega de premios. As fotografías seleccionadas serán expostas na Sala de Exposicións da Excm. Deputación da Coruña durante o mes de Febreiro. O día da inauguración coincidirá coa resolución e entrega de premios.

As fotografías premiadas quedarán en propiedade da Excm. Deputación da Coruña, que poderá reproducilas e publicalas citando sempre o nome do autor.

9. Devolución das obras. As fotografías poderanse retirar os 15 días despois do remate da exposición. A partir do 15 de Marzo de 1991, entenderase que as obras non recollidas foron doadas polos autores á Excm. Deputación da Coruña, que poderá dispoñer libremente delas.

10. Varios. O feito de participar neste Concurso, supón a aceptación das presentes bases.

Os imprevistos que pudesen surxir resolveranse a criterio da organización e do xurado cando este quede constituído. ♦

Curso sobre a LOXSE

Dentro da Escola de Dinámica Educativa, organizada pola Comisión de Cultura do Concello de Fene, vaise iniciar o 5 de Febreiro no Coléxio Público "A Xunqueira" (San Valentin). A matrícula finaliza o 31 de Xaneiro. Terá cinco sesións de dúas horas de duración cada unha. As sesións celebraranse un día á semana (todos os martes) a partir das 18.30 h. e no período comprendido entre o 5 de Febreiro e o 5 de Marzo.

Entre os temas a tratar inclúense: Estructura do sistema educativo actual e do proposto no Proxecto para a reforma; os principios básicos da reforma; vocabulario da reforma, financiamento; papel integrador dos pais; papel e valoración dos alumnos/as na Reforma; a formación do profesorado, condicións laborais dos ensinantes; repercusión do proxecto da reforma e avaliación. ♦

Enerxía solar

Convocatória de becas do Centro de Estudos da Enerxía Solar. Para cursar, durante o ano 1991-1992, e en rexime de ensino a distancia, os estudos conducentes á obtención do diploma de Proxectista-Instalador de Enerxía Solar.

Requisitos. Ter cumprido os 18 anos (sen limitación de idade) e posuir, como mínimo, estudos a nivel de BUP, FP ou equivalentes, valorándose outros niveis.

Os aspirantes, para obter os impresos de solicitude, deben dirixirse a Censolar (Avda. República Arxentina, 1 41011 Sevilla) indicando as súas circunstancias persoais, situación económica e motivo polo que se interesan polo tema da Enerxía Solar, antes do 30 de Abril do presente ano. ♦

EXPOSICIONS

Manuel Facal

Pinturas e gravuras recentes. Na Galería Trinta-Manolo Allué.

Fernández Mazas

Debuxos e grabados na Galería Sargadelos de Ourense

Quessada

Pinturas na Sala de Arte da Caixa Ourense

Descamps

Oleos e pinturas do belga Descamps no Ateneo Santa Cecilia

de Marín.

Manuel Izquierdo

Pinturas frescas. Na Sala de Arte da Caixa Vigo.

Felix Antonio

Pintura. Até 6 de Febreiro. Na Nova Sala de Exposicións da Caixavigo.

Xurxo Villar

Na Sá da Caixapostal de Santiago. Aguarrelas.

ANUNCIOS DE BALDE

Vendo piano Baldwin, 8 anos, 425.000 pta. Preguntar por Chus nos telf.: (986) 84 29 40 - 85 57 29

Clases de xadrez. Todos os venres a partir das 6 da tarde na Asociación España-URSS de Vigo. Máis información no 986-22 44 57.

Aos concellos de Galiza contra o lume. Solicitude á Consellería 250.000 pesetas por hectárea, segun e partindo da extensión total de cada municipio.

Vendo enxámios en produción. Abellas do país. Varroa tratada. Colmea perfeición con cámara

de cria. 11.000 pta. Tfno. (981) 899931.

Existe un idioma contra os imperialismos lingüísticos, para que cada nación se comunique facilmente en pé de igualdade coas demais, sen someterse a linguas estranxeiras: o esperanto, o idioma máis simples da terra. Clases gratis no Instituto Santo Tomé de Fréixeiro (Vigo). Venres de 6 a 7. Tfno.: (986) 23 16 40.

Véndese piano marca Hupfeld, seminovo. Preguntar por Rosana en horario de oficina (986) 43 63 44.

Manuel Hortas Vilanova
Andando a Terra
1977-1987



Andando a Terra

Unha escolma dos mellores traballos xornalísticos de Manuel María realizada por M. Pilar Garcia Negro e Miguel Mato Fondo

IDEAS

Unha miskita e unha indixena peruana na defensa das culturas multiétnicas

Os 500 anos de Mirna e Ludmila

MANUEL VEIGA


Quizá porque son mulle- res e tamén porque son do Sur, xente de abai- xo, transmiten calor e comuni- cabilidade, nestes tempos de arrogancia. Ludmila Chiricente preside unha das confedera- cións de comunidades indixe- nas do Perú. Mirna Cunning- han é miskita, da costa Atlán- tica de Nicaragua polo tanto. Ambas son o motivo dun acto que promove o Clube Cultural *Adiante*. Recén veñen de partici- par en *Sítio Distinto*, programa de Antón Reixa que a TVG emitirá o próximo día 31.

"Non vimos a botarlle en cara a ninguén o feito da conquista hai quinientos anos, sinala Mirna. Nosa non foi a idea deses actos. Pero imos aproveitálos para reclamar os dereitos dos povos indixenas cara o futuro".

Mirna, con ser aínda nova, nótase moi feita no diálogo, non en balde é unha das 48 diputadas do parlamento rexional indixena e unha das tres que representan a estas comunidades no Parlamento de Nicaragua. Como militante sandinista desminte o tópico de que todos os miskitos son contrarrevolucionarios. "Eu fun secuestrada e torturada pola *contra*. O que pasou, sinala, foi que en 1979 erguéronse moitas expectativas entre os miskitos, falábase de cambio e iso criou esperanzas. Foi coma se se destapara unha ola a presión que levara pechada 400 anos, pero non fumos comprendidos ao principio polos sandinistas, que nos trataron desde a súa perspectiva de etnocentrismo mestizo. Mostraron moitas reticencias á nosa autonomía e daquela bastantes miskitos fóronse á guerra. En 1983 comezou un debate na FSLN sobre este tema e en 1985 aprobouse un proxecto de autonomía, que foi discutido casa por casa, e que recoñecía a Nicaragua como unha nación multiétnica. En 1990 criouse o parlamento rexional, pero o novo goberno negábase a recoñecer o dereito a que administremos os nosos propios recursos".

Na Costa Atlántica viven seis étnias indixenas, incluídos os negros descendentes dos escravos. Esta estensa área que abrangue a metade do territorio nicaraguano e na que vive o 10% da poboación foi colonizada polos ingleses. "As compañías bananeras chegaron a construír aquí ferrocarrís que desmontaron ao marchar", sinala Mirna Cunningham. O 87% da poboación é analfabeta e moitos lugares carecen de luz e auga. Esta semana expira o prazo outorgado polos indixenas ao goberno de Violeta Chamorro para que recoñeza o Parlamento rexional.

A UNO preferiu criar un Ministerio da Costa Atlántica, quizá lembrando que esta zona fora a *reserva* do somocismo. "Através da Fundación *Alianza para o Progreso* (organismo norteamericano para a incidencia en Latinoamérica durante os anos sesenta e setenta) deseñaron unha política coa que pretendían alonxarnos do que estaba a suceder no resto



do país, é dicer, da revolución. Pero hoxe as cousas cambiaron, os indixenas queremos que se nos recoñezan os nosos dereitos e iso non quer dicer, nen moito menos, que sexamos contrarrevolucionarios".

Sendero Luminoso lévanos pola forza

"A invasión española desorganizou as comunidades nativas, arrinconounos", afirma Ludmila Chiricente, muller de rasgos nidiamente indixenas que porta bata longa, collares e zapatillas deportivas. Ela é unha entre os seis millóns de indixenas que habitan no Perú, país que en conxunto reúne a máis de 20 millóns de persoas.

Antón Reixa, que presenta o acto, repite a modo e cunha sursisa que pronto e correspondida pola peruana, as preguntas

que o público dirixe a esta. Ludmila fala, pero non de todo ben, o español. En Perú ademais desta lingua son amplamente utilizadas, polo menos outras dúas: o quechua e o aimara. "A primeira lei que nos favoreceu foi a de Velasco Alvarado, afirma, pero en xeral os políticos só se acordan de nós para facer promesas eleitorais. Gastan cartos en propaganda, pero non en facer escolas, estradas ou hospitais". "Nós non estamos cos políticos, resalta Ludmila, o que queremos é que se recoñezan as nosas costumes, a nosa lingua. Non agardaremos por máis tempo a que veñan na nosa procura soldados do exército para que nos alistemos ou de Sendero Luminoso, para levarnos á forza".

"Sendero, recorda, levouse a un fillo meu que estaba en cuarto ano de secundaria e matou aos líderes das nosas comunidades. Din que querían cambiar a sociedade, que tran ideas boas, eu non estou en contra, pero non nos preguntan se nos gustan, querían unificar, imponérnolas pola forza. Así non van gobernar nunca. O exército fai o mesmo. Ninguén pregunta. Cando viñeron a buscarme á miña casa os de Sendero, díxennos: pousai aí a escopeta e falemos. O que fai falta é diálogo e que nos respetemos todos".

O machismo trouxérono os invasores

Ludmila é ademais presidente dun grupo feminino indixena e culpa á cultura mestiza da invasión de tragar con ela o maltrato ás mulleres. "As nosas aboas decían que antes non se golpeaba ás mulleres. Aos homes non lle gustaría que os golpearan. Por que temos que facer iso? Por que temos que copiar iso?"

Mirna, pola súa parte, relata unha experiencia diferente. "Entre os miskitos tamén había machismo e eran os homes os que mandaban".

A política peruana é suxa

"A política peruana é suxa, afirma Ludmila, pero nós buscamos o cambio pacificamente, por iso construímos organizacións populares, para que os indixenas non seamos tratados como animalíños e para que os nosos fillos poidan estudar, como os dos mestizos".

"Aos miskitos ate nos daba vergoña selo, sinala por último Mirna. Hai cinco séculos as mulleres negábanse a parir fillos dos conquistadores. Estes 500 anos son de duelo, por que aquí non houbo un *fecundo maridaxe*, un simple *encontro entre dúas culturas*, como din, senón que unha foi oprimida pola outra. Nós non celebramos iso, pero imos aproveitar para facer congresos, bailes, cantaremos... e esixiremos que se recoñezan as nosas reivindicacións globais, non só a de que somos pobres, senón tamén a de que vivimos en países multiétnicos, onde ninguén é superior ao outro".



TRES EN RAIA

FUTURO

XOSÉ A. GACIÑO

Pensabamos que "a conversión de Rúsia" o remate da guerra fría, a desaparición dos dous grandes bloques militares, abrían un claro futuro de esperanza, de liberdade e solidariedade. Grave pecado de eurocentrismo. Facíase a análise apresurada de que o benestar e a tranquilidade en Europa significaban o benestar e a tranquilidade de todo o mundo, coma noutros tempos os problemas da Europa, se convertían en problemas -guerras- mundiais. Nen sequer atendiamos ao sinal que nos estaba a dar o Terceiro Mundo e a súa invasión migratoria do vello continente. En calquer caso, a guerra aberta no Golfo Pérsico está a demostrar de novo que a Europa deixou, posibelmente desde hai tempo, de ser o embigo do mundo.

Especialmente penoso ten sido o papel europeo na preparación desta espiral de violencia posta en marcha no Golfo. Atentos a acatar a decisión norte-americana de non presentar fisuras nunha postura comun de firmeza fronte a Iraq, os gobernos europeos deixaron pasar a oportunidade de traballar seriamente pola solución negociada. E agora todos estamos involucrados nunha guerra sorprendente, que aínda non sabemos as graves complicacións que pode ter e os abismos de entendimento que vai abrir con todo ese complexo mundo chamado a nación árabe, que tampouco soubo, nesta ocasión, resolver por si mesma os seus enfrontamentos internos.

Sen entrar agora noutras frustracións desa esperanza coa que abríamos hai un ano o calendario -a frustración da perestroika soviética, por exemplo-, a guerra do Golfo non é precisamente a mellor maneira de comezar un futuro de esperanza. Máis ben parece unha forma catastrófica de volver ao pasado.

VOLVER AO REGO

A o parecer as *forzas multinacionais* (que son algo máis que os garda xurados das empresas multinacionais) tiñan a misión de garantir o suministro de petróleo de Kuwait, para evitar sobressaltos na economía occidental.

Agora, arde un pozo de Kuwait e eses mesmos países din que o feito carece absolutamente de importancia.

Que Alá os confunda.

